



SESION ORDINARIA DE 28 DE XANEIRO DE 2020

(Acta número 01)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón
D^a. M^a. del Pilar García Porto
D. Pablo Rivera Capón
D^a. Mayra García Bermúdez
D. Roberto Fernández Rico
D. Xosé M^a. Arias Fernández
D. José Luis Raposo Magdalena
D^a. Mónica Freire Rancaño
D^a. M^a. Elena Candia López
D. Efrén Castro Caloto
D. Javier Jorge Castiñeira
D. José Antonio García López
D. Roberto García Pernas
D^a. Dolores Castro Ochoa
D. Pablo Taboada Camoira
D. José Jesús Novo Martínez
D^a. María Loureiro García
D. Oscar Poy Franco
D. José Pardo Lombao
D. Francisco Javier Balado Teijeiro
D. José Ángel Santos Sánchez
D. Jesús Manuel Núñez Díaz
D^a. Ana M^a. González Abelleira

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Pazo da Excma. Deputación Provincial de Lugo, sendo as once horas do **día vinte e oito de xaneiro de dous mil vinte**, baixo a Presidencia do titular do cargo Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen os señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto.

Actúa de Secretaria a titular da Corporación D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

Non asiste o Sr. Deputado D. Agustín Baamonde Díaz.

Aberta a sesión, adoptáronse en relación cos asuntos incluídos na Orde do Día, os seguintes acordos:

Antes de dar comezo á sesión, toma a palabra o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Bo día a todos, e benvidos a este primeiro pleno do inicio do ano 2020. Co desexo de que todos teñamos un bo ano, se me permiten, antes de dar comezo á Orde do Día da sesión correspondente ó mes de xaneiro, e en nome da Corporación Provincial, voules propoñer que gardemos un minuto de silencio pola veciña da Pastoriza, Manuela Iglesias, que foi asasinada como todos vostedes saben.

E tamén ter unha lembranza dunha muller de corenta e cinco anos que foi morta esta madrugada na localidade catalana de Sant Joan Despí, e que lamentablemente tamén foi vítima desta lacra da violencia machista.

Como digo, en nome de toda a Corporación, quero reiterar a nosa firme repulsa á violencia machista, e apelo á responsabilidade compartida ás institucións e ó tecido social para combater unha lacra que temos e que debemos desterrar porque non ten cabida na nosa sociedade.

Queremos expresar a nosa dor por tódalas vítimas e trasladarlle o noso máis sincero cariño ás familias e achegados das mulleres falecidas. Non podemos permanecer impasibles, non podemos permitir, dentro das nosas posibilidades, que haxa nin unha menos, todas fan falta nesta sociedade; e dende tódalas forzas políticas debemos seguir avanzando na unidade con forza para que toda a sociedade sexamos capaces de vencer esta lacra, aínda que sexa unha loita dura e longa pero que temos que ter claro o obxectivo de conquerilo algún día.

Por tanto, imos poñernos en pé e mantemos un minuto de silencio”.

Neste momento os membros da Corporación Provincial, así como o público asistente á sesión, funcionarios e medios de comunicación, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

Rematado o minuto de silencio, continúaase coa Orde do Día da sesión ordinaria.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA TRINTA E UN DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.**



O Sr. Presidente pregunta aos Sres. Deputados se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día trinta e un de decembro de dous mil dezanove, e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos membros presentes.

PARTE RESOLUTIVA

COMISIÓN DE ASUNTOS DO PLENO.

2.- RATIFICACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE 17 DE XANEIRO DE 2020, RELATIVO Á SOLICITUDE DE ADHESIÓN ESPECÍFICA DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL AOS ACORDOS MARCO DA CENTRAL DE CONTRATACIÓN DO ESTADO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver o acordo adoptado pola Xunta de Goberno en sesión de 17 de xaneiro de 2020, do seguinte teor:

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes

O sistema de contratación centralizada estatal permite a adhesión das entidades locais ao abeiro do artigo 229.3 da lei 9/2017 LCSP.

O procedemento e competencia para a adopción do acordo consta informado en documento con CSV: IV6RGSA33JE673E36BAXCYSSEA .

A Deputación De Lugo está interesada na adhesión Central de Contratación do Estado de acordo co disposto nos artigos 228.3 e 229.3 da lei 9/2017, de Contratos do Sector Público así

como nos artigos 7 e 8 da orde EHA/1049/2008, de 10 de abril de declaración de bens e servizos de contratación centralizada.

Con data de 31 de decembro de 2019 esta Deputación formulou solicitude de adhesión xenérica á central de contratación do estado, comunicando , o mesmo ao órgano competente do ministerio de facenda .

Dentro dos trámites establecidos e como fase seguinte formúlase pola presente proposta para a adhesión específica aos acordos marco que se relacionan nos termos indicados por dita central de contratación.

En consecuencia, de conformidade co disposto polo artigo 205 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, así como polos artigos 7 e 8 da Orde EHA/1049/2008, de 10 de abril, de declaración de bens e servizos de contratación centralizada, propónse a adopción de acordo relativo á solicitude de adhesión específica por parte Deputación os acordos marco, sinalados na cláusula primeira*, e que nos termos establecidos pola disposición transitoria primeira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, rexerase polo texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Propoño á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo a adopción do seguinte acordo:

Solicitar a adhesión específica desta Deputación provincial ós acordos marco, que a continuación se indican, someténdose expresa e voluntariamente ás seguintes cláusulas:

1ª.- Ámbito obxectivo da adhesión

A Deputación Provincial de Lugo adhírese voluntariamente os acordos marco:

- 21/2020 Suministros de combustibles en estacións de servizo.



- 20/2019 Subministración de papel de equipos de impresión, fotocopiadoras, copiadoras e multcopiadoras.

A adhesión aos devanditos acordos marco, resulta de interese inmediato para esta administración , sen prexuízo da súa futura ampliación a outros susceptibles de adhesión, nos termos da comunicación remitida ao departamento de contratación con data 14 de xaneiro de 2020, ou outros que habilite o sistema de compra centralizada.

A Deputación Provincial de Lugo poderá solicitar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, en calquera momento, a baixa voluntaria na súa adhesión ao Acordo Marco (ou acordos marco), mediante a formulación da correspondente solicitude polo órgano competente para adoptar o acordo de adhesión.

2ª.- Obrigas do solicitante da adhesión

Mediante a presente adhesión aos acordos marco, indicados na cláusula primeira, A Deputación Provincial de Lugo obrígase a:

Efectuar a contratación da totalidade das subministracións de bens ou/e a contratación dos servizos incluídos no/os mesmo/s a través da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, nos termos establecidos no respectivo acordo marco celebrado coas empresas adxudicatarias.

Non obstante, a contratación destes servizos ou subministracións á marxe da Central de Contratación do Estado poderá ser realizada cando os bens adxudicados ou o réxime de prestación dos servizos establecido non reúnan as características indispensables para satisfacer as concretas necesidades a Deputación Provincial de Lugo. Destas circunstancias, informarase á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación con periodicidade trimestral.

Comunicar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación os organismos (a súa denominación, dirección, correo electrónico corporativo, teléfono e fax) que, en

virtude das súas competencias propias ou delegadas en materia de contratación e ordenación do gasto, poden subscribir as correspondentes propostas de adxudicación de subministración de bens e de prestación de servizos. Así mesmo, comprométese a notificar calquera cambio que se produza en relación cos citados cargos.

Solicitar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a celebración dos contratos baseados que sexan necesarios para o cumprimento dos seus fins mediante a aplicación CONECTA-CENTRALIZACIÓN.

Dilixenciar debidamente a proposta de adxudicación, polo órgano que teña encomendado o control interno da xestión económico-financeira, no caso de que a Entidade Local estea suxeita a función interventora.

Comunicar calquera incidencia que xurda en relación coa execución dos correspondentes contratos baseados á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación para que, no seu caso, se procedan a esixir as responsabilidades previstas na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Realizar a recepción dos correspondentes bens fornecidos e dos servizos contratados e efectuar o pago dos mesmos conforme á normativa vixente.

Designar un órgano de contacto para manter as comunicacións que procedan coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que agora se adhira, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.

Realizar as actuacións que lle corresponden no proceso de licitación e na tramitación dos contratos baseados até a extinción dos mesmos, si causa baixa voluntaria no respectivo acordo marco.



Colaborar coa Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación no caso de presentación de recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por el promovidos e a facilitar a documentación e información que con este motivo lle sexa requirida.

Proporcionar á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, canta documentación e información lle sexa requirida, en relación con expedientes concretos.

3ª.- Procedemento para a adxudicación dos contratos baseados .

A Deputación Provincial de Lugo realizará todas as contratacións do/da subministración/s e servizo/s comprendidos no obxecto do Acordo Marco (ou acordos marco), a través do mesmo.

Cando a Deputación Provincial de Lugo necesite a subministración dun ben ou a prestación dun servizo dos incluídos no ámbito desta adhesión, deberá dirixir a solicitude de contratación do mesmo á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación conforme ao establecido no acordo marco.

Corresponde á Deputación Provincial de Lugo a solicitude de ofertas ás empresas adxudicatarias do correspondente acordo marco e a elevación da proposta de adxudicación á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación, conforme aos pregos que rexen o acordo marco e as instrucións que a Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación dite respecto diso.

Cando nos documentos que rexen o Acordo (ou acordos) Marco, se efectúe algunha referencia aos limiares dos contratos de subministración ou de servizos suxeitos a regulación harmonizada, entenderase que son os establecidos para o Estado, no texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Corresponde á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a tramitación das solicitudes de contratación.

Os contratos baseados adxudicásense de acordo co previsto nos apartados 3 e 4 do artigo 198 do texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Corresponde á Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación a adxudicación e formalización dos contratos baseados.

O financiamento dos contratos baseados correrá a cargo da *Deputación Provincial* de Lugo.

4ª.- Efectos da adhesión.

A adhesión específica a un acordo marco en vigor, surtirá efecto dende o día seguinte ao da adopción, no seu caso, do correspondente acordo estimatorio por parte da Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación.

Finalizada a vixencia do acordo marco, extinguirase a adhesión específica ao mesmo.

Así mesmo, o acordo da Dirección Xeral de racionalización e Centralización da Contratación, estimando a solicitude de baixa voluntaria no acordo (*ou acordos*) marco en vigor, debidamente formulada pola Deputación Provincial de Lugo, producirá a extinción do mesmo (ou dos mesmos), dende o momento en que aquel se dite. A baixa voluntaria no acordo marco, non afectará os contratos baseados, que continuarán vixentes até a súa extinción.

5ª.- Causas de resolución

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación poderá acordar, de oficio ou a solicitude da Deputación Provincial de Lugo, a resolución do acordo de adhesión.

Así mesmo, serán causas de resolución do acordo de adhesión:

O incumprimento da normativa vixente en materia contractual.



O incumprimento das cláusulas da adhesión.

6ª.- Suspensión dos contratos baseados

A Dirección Xeral de Racionalización e Centralización da Contratación poderá acordar a suspensión da tramitación de contratos baseados formalizados por aquela a proposta da Deputación Provincial de Lugo cando se produzan incumprimentos reiterados dos prazos de pago, relativos aos contratos baseados en acordos marco da Central de Contratación do Estado.

7ª.- Remitir certificación do presente acordo, segundo modelo de solicitude de adhesión a Dirección xeral de racionalización e centralización da contratación do Ministerio de Facenda, e demais organismos no seu caso competentes para coñecer de a presente.

8ª.- Facultar á Presidencia ou en quen esta delegue para a realización de os trámites relativos á execución do presente acordo.

9ª.- Facultar ao servizo de contratación e fomento para remitir a documentación relativa á adhesión.

10ª.- Elevar o acordo ao Pleno provincial para a súa integra ratificación e expresamente respecto daqueles supostos nos que polo seu obxecto e contía puidese corresponder a competencia a este”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados don Francisco Javier Balado Teijeiro, don José Pardo Lombao e José Ángel Santos Sánchez, membros do Grupo do Partido Popular, acorda informar favorablemente a ratificación do acordo da Xunta de Goberno relativo á solicitude de adhesión específica desta Deputación Provincial aos Acordos Marco da Central de Contratación do Estado, e eleva ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Popular. Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a ratificación do acordo da Xunta de Goberno anteriormente transcrito.

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE RECTIFICACIÓN E COMPLEMENTO DO REGULAMENTO DAS HORTAS URBANAS ECOLÓXICAS NO PARQUE DO RÍO RATO E DE PARADAI DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Con data 26 de setembro de 2017 aprobouse inicialmente polo Pleno desta Corporación o Regulamento das hortas urbanas ecolóxicas no parque do Río Rato e de Paradai da Excma. Deputación Provincial de Lugo e definitivamente publicouse no Boletín Provincial de Lugo o día 13 de decembro de 2017.

Á vista do informe do Xefe de Servizo de Medio Ambiente no cal se reflicte que:

“Como se recolle nos antecedentes deste informe e no apartado de consideracións legais e técnicas do mesmo e de cara a unha xestión mais efectiva dos hortos urbanos, considérase necesaria e adecuada a modificación do REGULAMENTO DAS HORTAS URBANAS ECOLÓXICAS NO PARQUE DO RÍO RATO E DE PARADAI DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Como é coñecido o procedemento de aprobación esixe de conformidade co disposto nos artigos 49 e 70 da LBRL a aprobación inicial polo Pleno, previo Ditame da Comisión Informativa sen necesidade de quorum especial, bastando por conseguinte para a súa válida adopción o voto favorables da maioría simple dos membros asistentes, e a apertura de información pública e audiencia aos necesarios polo prazo mínimo de trinta días. Dito acordo de aprobación inicial publicarase no BOP e no taboleiro de edictos da Deputación.



Concluído o período de información pública, no caso de que non se presentase ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional. En caso contrario, resolveranse estas, incorporándose no texto do Regulamento as modificacións derivadas da resolución das alegacións presentadas.

O acordo de aprobación definitiva -expresa ou tácita- do Regulamento debe publicarse para xeral coñecemento no BOP e no taboleiro de edictos de Deputación, para o seu xeral coñecemento.

Con todo, debe terse en conta as previsións recollidas no artigo 7 da lei 19/2013, do 9 de decembro de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, debendo publicarse os acordos de aprobación inicial e definitiva no Portal de Transparencia da Deputación, ao marxe do texto, informes e antecedentes para posibilitar para posibilitar o coñecemento da cidadanía e a súa participación activa.

Non se producirán efectos xurídicos en tanto non transcorresen quince días contados desde o seguinte ao da recepción do acordo ou certificación que acredite a elevación a definitiva da aprobación inicial, así como copia íntegra autenticada do mesmo pola Administración do Estado e a Xunta de Galicia, e se publique integramente o Regulamento, conforme preceptúa o art. 70.2 da LRBRL, en relación co artigo 65.2 da citada norma.

Por todo o anteriormente exposto e co obxectivo de alcanzar unha xestión mais efectiva dos hortos urbanos, considérase necesaria e adecuada a modificación do REGULAMENTO DAS HORTAS URBANAS ECOLÓXICAS NO PARQUE DO RÍO RATO E DE PARADAI DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, nos seguintes termos:

1.- Detectado, erro no punto III. Réxime xurídico punto 9, procede a súa rectificación, no seguinte senso:

Onde di:

III. Réxime xurídico

9.- Baixo a denominación dos Hortos Urbanos do río Rato e Hortos Urbanos de Paradai, se atopan as seguintes fincas coas seguintes referencias catastrais:

<i>Finca</i>	<i>Lugar</i>	<i>Referencia catastral.</i>
1	Parque do río Rato	27900A53100034000WE

Debe dicir:

III. Réxime xurídico

9.- Baixo a denominación dos Hortos Urbanos do río Rato e Hortos Urbanos de Paradai, se atopan as seguintes fincas coas seguintes referencias catastrais:

<i>Finca</i>	<i>Lugar</i>	<i>Referencia catastral.</i>
1	Parque do río Rato	27900A53100034000WE

2.- No punto V. Destinatarios incluírase un novo requisito para poder acceder á autorización para o uso das hortas urbanas e,

Onde di:

17.- Para poder acceder á autorización para o uso das hortas urbanas, débense cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.
- c) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Debe dicir:

V. Destinatarios

17.- Para poder acceder á autorización para o uso das hortas urbanas, débense cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións
- c) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.
- d) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Ante todo o anteriormente exposto, cómpre propoñer:



1. A elevación para a súa aprobación inicial se procede, polo Pleno da Excma. Deputación de Lugo, as modificacións que se recollen no texto deste informe.
2. A exposición pública na Secretaría desta Entidade Provincial, durante o prazo de 30 días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, o regulamento quedará aprobado definitivamente.

A aprobación da presente modificación require a maioría simple do Pleno.”

Por todo o anteriormente exposto proponse que se procede as seguintes modificacións no devandito regulamento, nos seguintes termos:

1.- Detectado, erro no punto III. Réxime xurídico punto 9, procede a súa rectificación, no seguinte senso:

Onde di:

III. Réxime xurídico.

9.- Baixo a denominación dos Hortos Urbanos do río Rato e Hortos Urbanos de Paradai, se atopan as seguintes fincas coas seguintes referencias catastrais:

Finca	Lugar	Referencia catastral.
1	Parque do río Rato	27900A53100034000WE

Debe dicir:

III. Réxime xurídico

9.- Baixo a denominación dos Hortos Urbanos do río Rato e Hortos Urbanos de Paradai, se atopan as seguintes fincas coas seguintes referencias catastrais:

Finca	Lugar	Referencia catastral.
1	Parque do río Rato	27900A531000340000WE

2.- No punto V. Destinatarios incluírase un novo requisito para poder acceder á autorización para o uso das hortas urbanas e,

Onde di:

V. Destinatarios

17.- Para poder acceder á autorización para o uso das hortas urbanas, débense cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.
- c) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

Debe dicir:

V. Destinatarios

17.- Para poder acceder á autorización para o uso das hortas urbanas, débense cumprir os seguintes requisitos:

- a) Ser persoa física e maior de idade.
- b) Representante acreditado de asociacións que estean inscritas regulamentariamente no rexistro de Asociacións
- c) Ser veciño de Lugo ou dalgún outro Concello lindeiro figurando como inscrito no padrón municipal correspondente.
- d) Estar exento de obrigas coas administracións públicas de calquera tipo.

En consecuencia, á vista de todo o sinalado, e a vista do informe do Xefe de Servizo deste Servizo de Medio Ambiente, propónse:

1º.- O exame e ditame do anterior acordo e posterior elevación, se procede, ao Pleno para a súa aprobación.



2º.- A exposición pública na Secretaría desta Entidade Provincial, durante o prazo de 30 días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente, e presentar as reclamacións e suxestións que estimen oportunas, de conformidade co sinalado no art. 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. No caso de que non se presentara ningunha reclamación ou suxestión, o regulamento quedará aprobado definitivamente”.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por unanimidade, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

O Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada.

4.- PROPOSTA SOBRE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA EFECTIVA Á SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN.

Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“As bases de execución do Orzamento da Deputación de Lugo para a anualidade do 2020, aprobadas por acordo plenario de data 5 de decembro de 2019, regulan as retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación e dos Grupos Políticos.

En concreto a Base 16 dispón que *“as indemnizacións por axudas de custo, asistencia e locomoción, rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 7 de agosto do 2007, publicado no Boletín da Provincia número 182, de data 8 de agosto do 2007”*.

O citado acordo dispón, no seu punto 1.3:

“Asistencias.

-Por cada asistencia a sesiones del Pleno o Consejo Rector, 150,253026 euros

-Por cada asistencia a sesiones de la Junta de Gobierno o Comisión Ejecutiva, 75,126513 euros

-Por cada asistencia a Comisiones Informativas, 60,101210

-Por cada asistencia a otros órganos colegiados y complementarios, las cantidades que resuelva asignar la Presidencia, sin que puedan sobrepasar el límite establecido para el Pleno, incluidas las Mesas de Contratación.”

No momento actual, dada a saneada situación económica na que se encontra a Deputación de Lugo, o tempo transcorrido dende a fixación de ditas cantidades e as indemnizacións que noutras corporacións de tamaño similar, e incluso moi inferiores, véñense aboando en dito concepto, parece procedente actualizar as cantidades referidas no acordo de data, 7 de agosto do 2007.

Por outra parte, con data 12 de setembro de 2019 o Pleno da Deputación acordou a disolución da SOCIEDADE URBANÍSTICA PROVINCIAL DE LUGO, (SUPLUSA), que no presente momento se encontra en fase de liquidación. Por elo semella extemporánea calquera referencia aos órganos reitores de dita sociedade.

Examinado informe da Interventora Provincial, de data 17 de xaneiro de 2020, no que se informa favorablemente a proposta, con cargo a aplicación 9120.233, do vixente Orzamento Provincial.

Examinado informe da Secretaria Xeral da Deputación Provincial de Lugo, do teor literal seguinte:

“INFORME DA SECRETARÍA XERAL

ASUNTO: PROPOSTA DA PRESIDENCIA SOBRE MODIFICACIÓN DO RÉXIME DE ASISTENCIAS POLA CONCORRENCIA EFECTIVA Á SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN.



PRIMEIRO.- A lexislación aplicable nesta materia vén determinada, fundamentalmente, polo disposto en:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).

- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades locais (ROF).

- Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia.

- Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo.

Bases de execución do Orzamento da Deputación de Lugo para a anualidade do 2020, aprobadas por acordo plenario de data 5 de decembro de 2019.

SEGUNDO.- O artigo 75 da LBRL, dentro do capítulo dedicado ao Estatuto dos membros das Corporacións Locais, contén a regulación dos denominados dereitos económicos.

Segundo este precepto, as percepcións económicas dos cargos electos das Corporacións Locais poden ser as seguintes:

- Retribucións salariais cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva.

- Retribucións salariais cando desempeñan o seu cargo en réxime de dedicación parcial.

- Asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

- Indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo, segundo as normas de aplicación xeral nas Administracións públicas e as que en desenvolvemento das mesmas aprobe o pleno corporativo.

TERCEIRO.- De acordo co disposto no apartado 3 do citado art. 75 só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin dedicación parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados da Corporación de que formen parte, na contía sinalada polo pleno da mesma.

CUARTO.- Devandito precepto é desenvolvido polo art. 13.6 do ROF nos mesmos termos ao dispor que “só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que formen parte, na contía que sinala o Pleno da mesma. Non entanto, todos poderán percibir esta clase de indemnizacións cando se trate de órganos reitores de Organismos dependentes da Corporación local que teñan personalidade xurídica independente, de Consellos de Administración de Empresas con capital ou control municipal ou de Tribunais de probas para selección de persoal”.

No mesmo senso os artigos 16 e 17 do Regulamento Orgánico da Deputación de Lugo regulan este asunto; dispoñen que a competencia para establecelas corresponde ao Pleno e deben publicarse integramente os acordos no BOP, no taboleiro de anuncios da Corporación e que poderán actualizarse anualmente.

Ditas asistencias, serían, por tanto, aquelas percepcións económicas que corresponden aos membros das Corporacións Locais que exercen o seu cargo sempre que non teña asignada dedicación exclusiva, nin parcial pola concorrencia efectiva aos órganos colexiados de que forman parte.

As mesmas son establecidas polo pleno e , previo acreditación de consignación orzamentaria, e os órganos colexiados aos que se refire devandito artigo son o Pleno, Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas (ordinarias e especiais), Comisión Especial de Contas, Consellos Sectoriais, Xuntas de Distrito, mesas de contratación, etc.

QUINTO.- Pola súa banda a Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia no seu art. 225 dispón que:



1. Os membros das Corporacións Locais terán dereito a percibir retribucións polo exercicio dos seus cargos cando os desempeñen con dedicación exclusiva. Neste caso, serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo as Corporacións o pago das cotas empresariais que correspondan, salvo o disposto no artigo anterior.

En relación con devanditas retribucións, a súa percepción será incompatible coa de calquera outra retribución con cargo aos orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas que delas dependan.

2. Todos os membros da Corporación, incluídos os que desempeñan cargos en réxime de dedicación exclusiva, terán dereito a recibir indemnización polos gastos ocasionados polo exercicio do seu cargo cando sexan efectivos, e previa xustificación documental.

3. Só os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva percibirán asistencia pola concorrencia efectiva a sesións dos órganos colexiados de que formen parte, e na contía que sinale o Pleno da mesma.

4. As Corporacións Locais consignarán nos seus orzamentos as retribucións, indemnizacións, compensacións e asistencias a que se fai referencia nos apartados anteriores de leste mesmo artigo.

SEXTO.- Pola súa banda as bases de execución do Orzamento da Deputación de Lugo para a anualidade do 2020, aprobadas por acordo plenario de data 5 de decembro de 2019, regulan as retribucións e indemnizacións dos membros da Corporación e dos Grupos Políticos.

En concreto a Base 16 dispón que “as indemnizacións por axudas de custo, asistencias e locomoción, rexeranse polo sinalado no acordo adoptado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 7 de agosto do 2007, publicado no Boletín da Provincia número 182, de data 8 de agosto do 2007”.

SÉTIMO.- Polo que se refire á contía non existen máis límites que o non poder superar globalmente o establecido no artigo 75 bis da LBRL, que establece que os membros das

Corporacións Locais serán retribuídos polo exercicio do seu cargo nos termos establecidos no artigo anterior.

Os Orzamentos Xerais do Estado determinarán, anualmente, o límite máximo total que poden percibir os membros das Corporacións Locais por todos os conceptos retributivos e asistencias, excluídos os trienios aos que no seu caso teñan dereito aqueles funcionarios de carreira que se atopen en situación de servizos especiais, atendendo entre outros criterios á natureza da Corporación local e á súa poboación segundo a táboa que se contén en devandito precepto.

Pero ademais do anterior, o que si determinou a xurisprudencia é que resulta improcedente a discriminación ou diferenciación das contías en función das responsabilidades asumidas polos membros da Corporación, sen que sexa posible establecer diferenzas entre a contía das asistencias para os distintos membros dun mesmo órgano colexiado. Así, a STSJCV de 17 de xuño de 2005 sinalou que si resulta razoable fixar indemnizacións distintas segundo o órgano municipal que se trate, pero sen establecer diferenzas persoais, xustificando as diferenzas na importancia, complexidade ou competencia de cada órgano, pero o que non resulta admisible é un criterio que establecese diferenzas en razón da pertenza a grupos políticos ou outras razóns persoais.

No mesmo sentido, a sentenza do Tribunal Supremo de 1 de decembro de 1995 sinala que a indemnización por asistencia debe ser igual para todos os membros que forman parte do órgano colexiado, chegando a esa conclusión porque non supón necesariamente maior traballo a preparación das sesións por quen exerce cargos de maior responsabilidade, tendo en conta que a conduta esixible dos membros da Corporación, tanto os que forman parte do equipo de goberno municipal como os demais, é unha dilixencia extrema no estudo dos asuntos examinados polos órganos colexiados.

Por iso, cabe entender que non é posible establecer diferenzas nas asistencias entre os membros dun mesmo órgano colexiado en razón da posición do cargo electo, a pertenza a un determinado grupo político ou calquera outra consideración de índole persoal.

Por outra banda o TS en Sentenza de 20 de decembro de 1999 lémbraunos que «o lexislador e o titular da potestade regulamentaria teñen dotado ás Corporacións Locais dunha marxe de



liberdade para remunerar aos seus membros, liberdade que non pode entenderse como absoluta senón limitada aos termos xenéricos das normas xurídicas de carácter xeral». O réxime de retribucións dos Corporativos será, pois, o que expresamente aprobe o Pleno da Corporación, respectando as normas comentadas.

Con base no anteriormente exposto, infórmase **FAVORABLEMENTE** a proposta da Presidencia sobre modificación do acordo do Pleno de data 7 de agosto do 2007, publicado no Boletín da Provincia número 182, de data 8 de agosto do 2007, polo que se establecen as cantidades a percibir polos membros da Corporación, por asistencias a órganos colexiados, que non perciban retribucións en concepto de dedicación exclusiva nin parcial pola concorrencia efectiva aos órganos colexiados de que formen parte.

É canto procede informar.”

Polo exposto,

PROPOÑO que o Pleno da Deputación Provincial de Lugo, adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar o réxime de asistencias pola concorrencia efectiva á sesións dos órganos colexiados da Corporación e, en consecuencia, modificar o apartado 3º, “Asistencias”, do acordo adoptado polo Pleno en sesión extraordinaria celebrada o día 7 de agosto do 2007, que quedará redactado da seguinte maneira:

“3º.- Asistencias

-Por cada asistencia a sesións do Pleno, 300 euros.

-Por cada asistencia a sesións da Xunta de Goberno, 150 euros.

-Por cada asistencia a Comisións Informativas, 150 euros.

-Por cada asistencia a outros órganos colexiados e complementarios, as cantidades que resolva asignar a Presidencia, sen que poidan sobrepasar o límite establecido para o Pleno, incluídas as Mesas de Contratación.”

SEGUNDO.- Determinar que as devanditas cantidades por asistencias, só serán percibidas por aqueles membros corporativos que non desempeñen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva (total ou parcial)”.

Toma a palabra o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto para dicir que lle parecen excesivas as cantidades que se proponen, e que, ó seu criterio, os importes actuáis deberían incrementarse só no IPC, polo que anuncia a súa abstención neste punto.

A Sra. Secretaria Xeral, dona María Esther Álvarez Martínez acláralle ó Sr. Castro Caloto que as cantidades que se viñan percibindo por asistencias a órganos colexiados foron aprobadas no ano 2007, e dende entón non se modificaron. Así mesmo maniféstalle que o Regulamento Orgánico desta Deputación establece que se poderán actualizar anualmente.

Intervén a Sra. Interventora dona Rosa Abelleira Fernández, para manifestar que, aínda que as cantidades que estaban aprobadas se duplican, son inferiores ó límite anual marcado pola Lei para este concepto.

A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención do Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, membro do Grupo Provincial do BNG, acorda informar favorablemente a proposta presentada e eleva-la ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 21 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial Popular); abstencións, 3 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

5.- PROPOSTA DE BAREMO DE MÉRITOS ESPECÍFICOS PARA INCLUIR NAS BASES DO CONCURSO ORDINARIO ANUAL PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “INTERVENTOR/A ADXUNTO/A”, DA INTERVENCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A FUNCIONARIOS DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL.



Logo de ver o ditame da Comisión de Asuntos do Pleno, do seguinte teor:

“Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Por acordo plenario, de 21 de decembro de 2017, logo do correspondente procedemento de negociación e acordo na Mesa Xeral de Negociación, foi creado o posto de traballo denominado “Interventor/a Adxunto/a”, que está incluído na Relación de Postos de Traballo vixente co código de praza 888 e número de posto 1452, posto reservado para o seu desempeño a persoal funcionario pertencente á subescala de Intervención- Tesourería, categoría superior, da Escala de funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, a cubrir polo procedemento de concurso. O dito posto vacante e dotado está a ser desempeñado por funcionario habilitado, en comisión de servizos.

A titular da Intervención da Deputación Provincial de Lugo, con data 17 de xaneiro de 2020, formula proposta para que o dito posto de “Interventor/a Adxunto/a” desta Entidade sexa incluído para a súa provisión na convocatoria de concurso ordinario anual, motivando esta no importante volume de tarefas e funcións que a normativa vixente atribúe á función interventora e á necesidade de implantar procedementos de control interno e auditoría para o bo funcionamento da Entidade Provincial.

A Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración Local, modificou a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, mediante a introdución dun novo artigo, baixo o ordinal 92.bis, no seu texto articulado que, no seu apartado 6 sinala: *“O Goberno, mediante real decreto, regulará as especialidades correspondentes da forma de provisión de postos reservados a funcionarios da Administración local con habilitación de carácter nacional. En todo caso, o concurso será o sistema normal de provisión de postos de traballo. O ámbito territorial dos concursos será de carácter estatal.*

Os méritos xerais, de preceptiva valoración, determinaraos a Administración do Estado, e a súa puntuación alcanzará un mínimo do 80% do total posible conforme o baremo

correspondente. Os méritos correspondentes ás especialidades da comunidade autónoma serán fixados por cada unha delas e a súa puntuación poderá alcanzar até un 15% do total posible. Os méritos correspondentes ás especialidades da corporación local fixaraos esta, e a súa puntuación alcanzará até un 5% do total posible.(...)”.

A dita encomenda legal foi desenvolvida no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que no seu articulado recolle os sistemas de provisión dos ditos tipos de persoal nas Entidades Locais e a atribución a cada Entidade Local da determinación dos méritos específicos do Concurso Ordinario.

O Decreto 49/2009, do 26 de febreiro, sobre o exercicio das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia respecto dos/as funcionarios/as con habilitación de carácter estatal, no referido ás Bases do concurso ordinario, sinala:

“Artigo 27º.-Méritos específicos.

1. Os méritos específicos que determinará a entidade local deberán estar relacionados directamente coas características do posto de traballo que se vai prover e as funcións que lle corresponden, de xeito que garantan por un lado a obxectividade na provisión e, por outro, a idoneidade do/a candidato/a para o seu desempeño. Estarán referidos a cursos de formación e perfeccionamento superados, valoración do traballo desenvolvido e doutras actividades relacionadas coas características e funcións do posto.

2. Os méritos específicos formarán parte integrante da relación de postos de traballo da corporación convocante, que así o deberá acreditar. De non estar incluídos nela, deberá figurar a motivación individualizada de cada un dos méritos no acordo plenario que se adopte para a aprobación das bases, que será obxecto de exposición pública durante o prazo de quince (15) días antes da súa aprobación definitiva. Unha vez determinados os ditos méritos pola entidade local, non poderán ser modificados mentres non se acredite a variación das singularidades que os xustificaron. A modificación dos méritos seguirá o mesmo procedemento que a súa aprobación.

Tendo en conta canto antecede, encontrándose vacante o posto de traballo nº 1.452, denominado “Interventor/a Adxunto/a”, reservado a funcionarios de Administración Local con



habilitación de carácter nacional, adscrito á Intervención desta Deputación Provincial, proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

1º.- Prestar aprobación ao seguinte baremo de méritos específicos que serán incorporados ás bases que rexerán o concurso ordinario para a provisión do posto de traballo xa mencionado:

BAREMO DE MÉRITOS ESPECÍFICOS E MEDIOS DE ACREDITACIÓN, DAS BASES DO CONCURSO ORDINARIO ANUAL PARA A PROVISIÓN DO POSTO DE “INTERVENTOR/A ADXUNTO/A” DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADO A PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL CON HABILITACIÓN DE CARÁCTER NACIONAL, SUBESCALA DE INTERVENCIÓN-TESOURERÍA, CATEGORÍA SUPERIOR.

1.-BAREMO DE MÉRITOS ESPECÍFICOS (5% do total: 1,5 puntos)

A) CURSOS DE FORMACIÓN E PERFECCIONAMENTO (MÁXIMO 0,70 PUNTOS)

Por cursos realizados sobre fiscalización interna das Corporacións Locais.

- Os cursos valoraranse conforme aos seguintes criterios:

Só serán valorados cursos impartidos polo INAP, EGAP ou organismos equivalentes doutras Comunidades Autónomas, e Universidades.

Baremo:

Só se valorarán os cursos cunha duración de máis de 20 horas e razón de 0,35 puntos por curso.

Para os efectos de garantir a actualización dos coñecementos, só serán valorados aqueles cursos realizados a partir do 1 de xaneiro de 2009.

Acreditación:

Os cursos acreditaranse mediante copia compulsada dos títulos ou certificados a que se refiren.

Motivación:

Considérase necesario garantir neste apartado unha adecuada formación nas materias sinaladas, que constitúen o núcleo de funcións esenciais do posto. Por outra parte establécese unha duración mínima dos cursos e unha data de realización en aras a garantir unha formación máis actualizada, completa e pertinente.

B) DOCENCIA (MÁXIMO 0,80 PUNTOS)

- Actividades de DOCENCIA (conferencias, relatorios, e similares) que versen sobre contabilidade analítica e /ou custes dos servizos públicos na Administración Local.

- Os cursos valoraranse conforme aos seguintes criterios:

Só será valorada a actividade docente en cursos impartidos polo INAP, EGAP ou órganos equivalentes doutras Comunidades Autónomas; Deputacións Provinciais ou Universidades; impartidos dende xaneiro de 2005.

Baremo:

As ditas actividades docentes serán valorados a razón de 0,26 puntos por conferencia ou relatorio.

Acreditación:

As actividades de Docencia acreditaranse mediante certificados expedidos polas entidades organizadoras correspondentes á actividade invocada ou documento acreditativo do nomeamento como relator ou conferenciante.

Motivación:

Considerase necesario valorar a función de docencia nestas materias, por estar relacionadas coas materias que gardan relación directa coas funcións do posto a cubrir; cuxo titular tamén realizará actividades de asistencia e asesoramento aos concellos que soliciten información a través do servizo provincial de cooperación e asistencia a concellos en materias relacionadas coa función interventora e de control interno e auditoría.

2º.- Someter ao trámite de información pública o presente acordo, que será definitivo de non presentarse alegacións no prazo expresamente previsto na normativa de aplicación”.



A Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados don Francisco Javier Balado Teijeiro, don José Pardo Lombao e José Ángel Santos Sánchez, membros do Grupo do Partido Popular, acorda informar favorablemente a proposta presentada e elevala ao Pleno para a súa aprobación se procede”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); abstencións, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

--00000--

6.- PROPOSTA DE GOBERNO PARA A MELLORA DA SANIDADE PÚBLICA.

Logo de ver a proposta a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa condición de voceiro do BNG na Deputación de Lugo e a deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte Proposta de Goberno para a mellora da sanidade pública.

Exposición de Motivos:

Dende o Goberno da Deputación Provincial de Lugo estamos preocupadas e preocupados pola situación e perspectivas da sanidade pública no conxunto do noso territorio e en cada unha das Áreas de Sanitarias, en que foi dividido, como consecuencia da política sanitaria da Xunta de Galicia, presidida polo señor Feijóo. Dita política basease nos recortes de recursos e orzamento, nas desigualdades asistenciais segundo onde se resida, no desmantelamento de hospitais comarcais, no abandono dos Centros de Atención Primaria, na ocultación e manipulación das listas de espera, na

precarización e explotación do persoal, recorte de camas hospitalarias, privatización e externalización de servizos esenciais, derivacións de doentes a centros privados, desatención clamorosa da saúde mental e das mulleres, ...

Estas políticas levan a sanidade pública a un punto de difícil retorno se non as paramos entre todos e todas.

As protestas dos Centros de Saúde, o levantamento da poboación de Verín contra o peche da sala de partos do seu hospital e as protestas de nais e pais contra a falta de pediatras son algunhas das manifestacións do malestar cidadán fronte a esta crise sanitaria.

Cremos que estamos ante un momento importante, en que a Corporación Provincial coma conxunto de representantes da cidadanía de Lugo, indistintamente da forza política á que pertencen os seus membros, deberiamos traballar conxuntamente para que no noso territorio e nas nosas Áreas Sanitarias se poida dispor duns servizos sanitarios públicos de calidade. Non se pode nin se debe admitir a deterioración do noso sistema polos recortes e privatizacións do Sistema Sanitario Público.

Os nosos concellos necesitan uns servizos públicos de sanidade acordes co desenvolvemento social, cultural e democrático dos tempos actuais.

Polo exposto con anterioridade, a Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno da Deputación de Lugo os seguintes acordos:

1.- Apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro día 9 de febreiro en Compostela.

2.- Esixir o cese da política de desmantelamento e peche de servizos nos hospitais das nosas Áreas.

3.- Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade.



4.- Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación.

5.- Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios das nosas Área Sanitarias, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

6.- Acabar coa política de privatizacións de recursos e de deriva pacientes as clínicas privadas de xeito innecesario.

7.- Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

8.- Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

9.- Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais do nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir una atención accesíbel e de calidade.

10.- Comunicar a presente moción da Corporación da Deputación de Lugo á Consellaría de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para este organismo, a máxima difusión ao seu contido”.

Pide a palabra o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, séndolle concedida pola Presidencia, para manifestar o seguinte:

“Os puntos seis e sete da Orde do Día son no mesmo sentido, con exposicións de motivos moi similares, referentes ós recortes sanitarios, e para evitar duplicar e alongar o debate propoñemos un único debate, como se fai en tódolos Plenos, posto que os argumentarios son os

mesmos, e votar por separado os dous puntos. Creo que iso non variaría para nada o resultado das mesmas, e melloraría a calidade e a frescura do debate”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, para dicir o seguinte:

“Eu entendo que non é o mesmo falar de política sanitaria xeral que de cousas máis concretas referidas ós temas hospitalarios, o tema sanitario é moito máis amplo. Outra cousa é se foran dúas referidas a sanidade ou referidas a hospitais, pero non o son, para min son cousas diferentes; por tanto agradecerlle a súa colaboración, e imos continuar co debate”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O tema que trata esta proposta de Goberno é a sanidade pública; a ninguén que siga os plenos desta Deputación se lle escapa que por parte deste goberno sempre mostramos unha gran preocupación polo que está facendo a Xunta de Galicia co sistema sanitario público, e isto é un pouco a mostra delo.

A través da plataforma SOS Sanidade Pública transmitíronsenos unha serie de demandas coas que todo o goberno en pleno estamos máis que a favor, e témolas posto puntualmente aquí sobre a mesa, e só é unha declaración en contra da política de recortes, en contra do peche de servizos da sanidade pública, e de poñerse a carón desa xente que está protestando contra iso; viamos como Verín e toda esa comarca se levantaba en contra do peche daquel paritorio, e como só a través de accións de protesta e de unión da xente se pode loitar contra unha política que, de continuar, vai levar a precarizar por completo a sanidade pública.

Transmitíannos unha serie de peticións que paso a ler, e que son moi sinxelas pero que atacan ás bases de todo aquilo que está funcionando mal e que, como dicía eu algún día, pasamos dunha sanidade pública envexable e que eramos exemplo, e en dez anos de goberno escuro do Partido Popular pasamos ó contrario, a que nos poñan de exemplo do que non se debe facer coa sanidade pública.



Por iso, vou ler rápidamente os puntos, son dez, e din o seguinte: En primeiro lugar apoiar a manifestación convocada por SOS Sanidade Pública, o vindeiro día 9 de febreiro en Compostela.

Esixir o cese da política de dismantelamento e peche de servizos nos hospitais das nosas Áreas.

Revisar os concertos cos hospitais e clínicas privadas e eliminar aqueles que non sexan necesarios, tal como dispón a Lei Xeral de Sanidade. Moitas veces dísenos que é unha cuestión orzamentaria pero vemos como se vai o diñeiro para cousas que non son necesarias.

Reducir as listas de espera e tempos de demora das consultas de atención hospitalaria, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos. Publicar as listas de espera ocultas e acabar coa súa manipulación. Todos coñeceremos algún exemplo do que supón isto, o outro día comentábame unha amiga que foi confundida a unha cita que lle deron para o catorce de xaneiro, chamaron a todo o mundo e preguntou porque non a chamaban a ela, e resulta que a cita era para o ano 2021, ela mesma non mirou o ano porque lle parecía increíble que no ano 2020 se tarde máis dun ano en atender a alguén nunha consulta. Isto é a sanidade pública do Sr. Feijóo.

Paliar a carencia de recursos públicos sociosanitarios das nosas Área Sanitarias, actualmente moi insuficientes, dadas as características de idade da nosa poboación.

Acabar coa política de privatizacións de recursos e de derivar pacientes ás clínicas privadas de xeito innecesario. Diciámolo antes, falabannos de límites orzamentarios pero para outras cousas non parece haber límite.

Acabar coa política de persoal dos servizos de saúde baseada na precariedade e na explotación laboral.

Plan de Mellora da Atención Primaria, da Saúde Mental e de Atención á Saúde das Mulleres.

Demandar ao Goberno galego a adecuación dos orzamentos da Consellaría de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde ás necesidades reais dos nosos Centros de Saúde e dotalos do persoal necesario para garantir unha atención accesíbel e de calidade.

E comunicar a presente moción da Corporación da Deputación de Lugo á Consellería de Sanidade, ao conxunto da poboación e dar, cos medios posíbeis para este organismo, a máxima difusión ao seu contido.

Como dicía antes, foi un decenio negro para moitas cousas, pero se cabe en especial para a sanidade pública, pasamos de estar de primeiros a estar dos últimos; polo tanto ou cambiamos esta situación ou vai chegar un momento en que sexa irreparable o dano que se lle fai á sanidade pública.

Por tanto, todo o noso apoio a SOS Sanidade Pública, e toda a nosa loita para devolver tódolos dereitos que teñen os cidadáns a unha sanidade pública decente”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Como antes dicíamos son dúas mocións no mesmo sentido e cun único fin que é a politización da sanidade en época electoral, estratexia por outro lado cansina, inxusta e chea de falsidades e incertezas, e que usa a esquerda galega antes das eleccións, estamos antes das eleccións autonómicas e lóxicamente xa non vén unha moción senón que veñen dúas.

Pero unha estratexia que lles sae sempre mal, acaban perdendo sempre as eleccións, cada vez por máis diferenza, e é que os galegos non son tontos e non admiten tan monumental engano e restra de falsidades, que vou dicir agora. Xa no seu primeiro parágrafo practicamente vai consumir os seis minutos de intervención, e moi posiblemente os tres de réplica.

É falso que haxa recortes nos recursos e nos orzamentos, Incrementáronse os servizos importantes nestes últimos anos, por exemplo hemodinámica en Lugo, oncoloxía e hospitalización a domicilio na Mariña e en Monforte; estanse ampliando varios centros hospitalarios e centros de



saúde que se están facendo novos, un exemplo é o do Saviñao; pero como diciamos centros hospitalarios coma o da Mariña, o novo centro integral de saúde que se vai construír en Lugo, e incluso o novo plan existente para Monforte.

Incrementáronse os orzamentos sucesivamente niso que vostede chama o “decenio negro”; no ano 2020 destínanse para a sanidade 4.109 millóns de euros, un 40,5% dos Orzamentos da Xunta, 59 millóns de euros máis ca no ano 2019; nunca se investiu tanto en sanidade coma agora, máis ca no bipartito, por iso que é lóxico que a vostedes non lles guste escoitar estas cousas; un 11% máis en investimentos, chegando a 153 millóns. Aí están os datos, vostede non deu absolutamente ningún dato, e fala vostede de “decenio negro”, “gobierno escuro”.

É falso tamén que se abandoe a atención primaria, e proba delo é que a Xunta acaba de aprobar o Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021; e sabe que é iso?, son duascenas medidas concretas, algunhas xa aplicadas no ano 2019, 102 millóns de euros máis para a primaria, e a creación de trescentas trinta e unha prazas de primaria.

Tamén é falso que se incrementen as desigualdades, e o desmantelamento dos comarcais. Aumentáronse os servizos no hospital da Mariña e en Monforte, o que dicía antes, oncoloxía, hospitalización a domicilio, e preguntello vostede a todos eses doentes e familiares que antes viñan facer os seus tratamentos de oncoloxía a Lugo ou á Coruña e agora fanos na Mariña ou en Monforte. Igual cá hospitalización a domicilio onde a sanidade chega por primeira vez ás casas dos doentes. Novos investimentos nos hospitais comarcais, novos equipamentos, diciámolo antes, a inversión no hospital da Mariña, trece millóns de euros máis outros dous en eficiencia enerxética; o novo Plan Director de Monforte.

Por suposto que é falso que se manipulen as listaxes, o que lle fastidia a vostedes é que ano tras ano baixen e suba o nivel de satisfacción dos galegos. Cando vostedes gobernaban no ano 2004 ó 2008 os tempos medios de espera eran moito maiores que os de agora; o tempo medio de espera en cirurxía baixou a 54,5 días, sete días menos ca no ano 2018, o mellor rexistro histórico de listaxe de espera, en Lugo aínda baixan eses datos porque son 42 días. Galicia está entre as catro Comunidades de España con menos demora.

Na valoración dos galegos, que iso é importante, e son datos do CIS de Tezanos, non son manipulados por nós, a valoración media é dun 6,43; sabe canto era cando gobernaba o bipartito?, pois era de 5,87. Co bipartito a valoración era moito menor e estaba moito máis lonxe da media nacional, no 2008 pasamos dunha diferenza de 0,42 a reduci-la no 2019 de 0,14. Eses son os decenios negros e escuros que vostede di. Na primaria, que tanto falan, temos un notable alto, 7,47, e iso que é o CIS de Tezanos.

É totalmente falso que se explote ó persoal, no Orzamento do 2020 hai 1755 millóns de euros para persoal, 59 millóns máis ca no ano 2019, incrementando incluso un 3,5%, catrocentas sete novas prazas. Este ano recoñécese a carreira profesional que era unha demanda histórica dos traballadores. Convócanse anualmente ofertas de emprego público, vostedes non o facían, para cubrir neste ano 1492 prazas. Ampliáronse os concursos de traslados para a mellor conciliación; ampliáronse as prazas MIR, máis ferramentas e aplicacións profesionais. Iso é o que vostede di o “gobierno escuro” do señor Feijóo.

Déixense de facer política coa sanidade, que non enganan absolutamente a ninguén. Se seguen así lóxicamente o Sr. Feijóo non terá 42 Deputados, igual ata é posible que incremente algún máis”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade é que despois de escoitar ó Sr. Castiñeira falar de politización, como el di, de diversos asuntos, eu convidaría a calquera das persoas que están escoitando o Pleno, ou a calquera dos xornalistas que hoxe nos acompañan, a que simplemente lean o enunciado dos puntos que trae para debate o Partido Popular, e non hoxe senón dende que non gobernan en Madrid, para que vexan o que realmente é politización dos asuntos, ademais aqueles que non se poden resolver nesta sesión, aqueles que dependen doutros.

Vostedes falan de números, fano collendo os datos que lle pasan nese argumentario dende a Consellería de Sanidade, pero as súas contas non son as contas que lle saen ós veciños e veciñas da provincia de Lugo; os veciños e veciñas desta provincia, ó igual có conxunto dos galegos, están



moi preocupados por diversas cuestión, e unha delas é a deficiencia dos servizos nos centros sanitarios que temos nos diversos Concellos da provincia, e diso eu podería falarlle polo miúdo pero non o vou facer porque non é o lugar.

E tamén están moi preocupados polas listaxes de espera, iso co que tanto se lles enche a vostedes a boca, e que levan predicando durante dez anos, que de ser certas as cifras que vostedes traen a este Pleno eu creo que as listaxes de espera xa non existirían; son dez anos segundo vostedes mellorando e baixando os días de espera, entónce eu creo que a estas alturas tal vez xa non existirían.

Eu creo sinceramente que esta moción enfrontaos a vostedes, ós representantes do Partido Popular nesta provincia coas súas propias vergoñas, coa vergoña de descargar o peso das súas accións políticas, tamén en sanidade porque na sanidade tamén se fai política porque se toman decisións políticas. A vostedes gústalles moito estar na política e dicir que non se adican á política, pero isto non é así, na política estase para o bo e para o malo, para tomar decisións cando toca, e no seu modelo sanitario as decisións que foron tomando durante esta década non parecen as máis atinadas, e á vista os resultados e as múltiples queixas e manifestacións que están tendo por parte de veciños en todo o país protestando polo servizo que se está prestando por parte do Sergas.

Poderíamos falar de moitas cuestións, pero voume centrar só nalgunhas delas; por exemplo a liña errática da gran estratexia do Partido Popular, iso é o que nos venderon como fan moitas veces con fume, dicíndonos que había unha descentralización, é dicir que se descargaban os pacientes ós grandes centros urbanos e que para iso os outros xa quedaban menos colapsados. Ó mesmo tempo o que estaban facendo pola porta de atrás era dismantelar os servizos nos hospitais comarcais, ou mesmo mantiñan infradotados os centros de saúde que hai en moitos concellos desta provincia, e das demais, pero ímonos cinguir a Lugo. E tamén colapsaron esas urxencias un día tras outro, que parecen un auténtico hospital de campaña, algúns de nós padecémolas a cotío: camas polos corredores, persoal que non dá feito; iso é o que fixeron con ese gran modelo descentralizador que o Sr. Feijóo nos vendía.

Pero podemos falar da política de persoal, se os doutores que saen na Facultade de Santiago, en número, son suficientes para cubrir as prazas de Galicia pregúntense vostedes porque

non están aquí?, porqué marchan fóra?, pois ó mellor porque non se os trata coma noutros lugares, ó mellor non se lles dá o cariño suficiente para que queiran quedar nesta terra, ó mellor non se fan políticas de persoal que traballen para que estes profesionais queiran quedar nos centros médicos do rural; empecen vostedes a plantexarse iso.

Das listaxes de espera xa lles dixen dabondo, terían que estar desaparecidas a estas alturas.

E vén aquí vostede e écheselle a boca falando dos servizos que acaban de poñer no HULA, despois de que os veciños e veciñas da provincia asaltaran as rúas pedíndolles por activa e por pasiva que os cubriran. E tamén se lles enche a boca dicindo que o anterior goberno da Xunta de Galicia deixou o HULA na cidade de Lugo sen dotación suficiente, pero é que eses eran os deberes do Goberno que viña despois, foran os seus ou foran outros; eses eran os deberes que vostedes non fixeron ata que os veciños lles tiraron suficientemente das orellas; esa era a súa obriga, e fixérono cando os veciños apretaron o suficiente e se aproximaban unhas eleccións, coma sempre, a súa política sempre é en base ás eleccións.

E voulle dicir máis, veñen aquí falar de plans, agora como veñen as eleccións autonómicas sae Feijóo cos seus plans, o plan Ribeira Sacra, o plan de sanidade, o plan de ictus; e eu apóstome algo, señor Castiñeira, a que se collemos todos eses plans que Feijóo está anunciando e que vai anunciar de aquí a que convoque as eleccións autonómicas estou segura de que carecen de iniciativas, dáme a sensación de que van ser unha recopilación do que xa estaban facendo, vostede mesmo o acaba de admitir cando di que no plan de sanidade se suman inversións que xa estaban contempladas no 2019”.

Seguidamente intervéñ o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Creo que nalgunha ocasión xa me manifestei neste aspecto, pero vir a un Pleno dicir que se fai política, pois claro que facemos política, e a sanidade pública depende da política da Xunta; entón aquí vimos facer política, e nós concretamente a criticar as políticas que están a destrozar a sanidade pública.



Vostede deu un montón de datos pero, coma sempre, danos como queren, é á súa forma, pero eu pódolle dicir que no que toca á atención primaria o Orzamento do 2020 está 142 millóns de euros por debaixo do último do bipartito, tendo en conta que pasaron dez anos; eu sei que non lles gustan eses datos.

Tamén din que adican o 32% do presuposto de sanidade á atención primaria pero volven falsear os datos porque inclúen o gasto farmacéutico extra hospitalario na atención primaria, cousa que nunca se fixo, e vostedes como queren cadrar falsean os datos e despois pasa o que pasa; o que non lle poden dicir a alguen, e é un caso concreto pero hai moitos máis, que lle tardan máis dun ano nunha consulta simple, que non hai listaxes de espera e que son de corenta e dous días, iso non llelo compran porque cando lle dan o ticket venlle alí que lle dan para o 2021.

E tamén é para facerse mirar o de vir aquí presumir da hemodinámica en Lugo, porque tivo que levantarse a provincia enteira para esixir que os lucenses tiñamos o mesmo dereito a poder salvarnos dun infarto có resto dos galegos, e cando non puideron aguantar a presión fixérono; e que presuman vostedes diso, é como se agora saen presumindo de que van volver poñer o paritorio en Verín; ás veces é complexa a súa postura. Eu entendo que lle dan aí un argumentario e ten que manter esas contradicións, pero os números son os que son, e vostedes danos pero falseanos.

E repito, once anos despois, cento corenta e dous millóns menos para atención primaria, e véñennos aquí presumindo do que é a atención primaria para vostedes. Non nos enganen, vostedes están destrozando a sanidade pública, igual ca outros setores públicos, e como non haxa un cambio a sanidade pública vaise converter en privada.

E non se preocupe que din que van sacar non sei cantos, pero as enquisas non lles dan iso, e vostedes están moi preocupados porque saben que as galegas e galegos queren un cambio porque queren unha sanidade pública de calidade, e vano demostrar nas urnas”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Cando eu digo que vostedes están politizando non o estou mesturando con facer política. Facer política é dicir datos veraces, e dar datos de realidade; o argumentario é o seu, o que lle manda o BNG para estas eleccións e durante estes anos, que é o mesmo destes últimos dez anos pero os datos están aquí.

E non son datos nosos senón que son do CIS, saben quen goberna o CIS?, o marabilloso Tezanos, pois eses son os datos que temos aquí, datos de satisfacción e de listaxe de espera; o que pasa é que ó Sr. Tezanos cando non o poden manipular entóns terá que dar os datos reais.

Falan vostedes da privatización, Sr. Castro, como fan sempre cando están na oposición pero logo cando están gobernando privatizan máis ca ninguén; voulle dar uns datos: no ano 2009 o bipartito investiu 218 millóns de euros en concertos, subiu un 44% dos que había; no ano 2018 o Partido Popular, ese Partido privatizador, usa 205 millóns de euros dos seus Orzamentos, trece millóns menos que hai dez anos; vostedes tiñan mil millóns de euros máis nos orzamentos que tivo no seu mellor orzamento o Sr. Feijóo, e con eses mil millóns de euros non foron capaces de levar a cabo nin un só proxecto, nin na Mariña, nin en Monforte, e deixaron, como dicía vostede e recoñece, un hospital totalmente baleiro.

Nós non estamos en contra dos concertos, os concertos axudan á sanidade, son un complemento en momentos de picos de demanda que non pode absorber nalgún momento o Sergas, e se leva facendo en tódalas Comunidades, incluso en épocas do Insalud.

O gran engano da sanidade pública é o engano no que o Partido Socialista ten ós galegos, do que son cómplices o BNG. O Goberno débelle 700 millóns de euros a Galicia, e aínda así Galicia, a pesares de vostedes, está incrementando os seus orzamentos en sanidade, os máis grandes da historia, máis de catro mil millóns de euros con mil millóns de euros menos cá vostedes. E seguen sendo vostedes cómplices do Goberno nacional, e non piden a devolución dese diñeiro; con ese diñeiro non se vai xustificar nada, con ese diñeiro faremos mellores servizos públicos, pero é diñeiro noso do que temos que dispoñer; teríao moi fácil o Goberno galego para recurtar con esas circunstancias que vostedes están constrinxindo ó goberno galego.



Pero, reiteramos, non fagan política coa saúde pública, todas esas plataformas que vostedes montan, que son vostedes nada máis, e despois van as bandeiras da CIGA, de Comisións, de UGT, son vostedes”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“En canto á eficiencia da Xunta de Galicia en sanidade, oito anos para licitar un PAC no barrio da residencia, esa é a súa eficiencia.

Fala dos 700 millóns de euros, o BNG díxollo moi claramente ó Presidente da Xunta, vaia ós Tribunais e defenda a Galicia; pero tamén llo dixo moi claro o Sr. Néstor Rego, se non o saben facer e queren que sexan outros os que o defendan apártense, pero non volvan con iso porque nós xa lle dixemos o que tiñan que facer. E claro que se lle deben, pero non vale de escusa para todo; e as políticas de destrución do sistema público de sanidade veñen moito antes deste problema; xa sei que para vostedes é a saída fácil.

E convenio con vostedes en que é unha débeda con Galicia que o Estado terá que pagar, governe o Partido Socialista ou governe o Partido Popular; pero tamén lle digo que o Estado está facendo iso, ó noso criterio mal feito, por unha Lei do Partido Popular, antes desa Lei non tiña o poder o Goberno do Estado para reter eses cartos. Ou sexa que vostedes crean as trampas e despois botan as mans á cabeza. Entonces nós imos seguir na defensa da sanidade pública”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a proposta presentada.

7.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA SOBRE O FUTURO DOS SERVIZOS DOS HOSPITAIS COMARCAIS DA PROVINCIA DE LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial Socialista, sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“A deputada Provincial, Dona Pilar García Porto, na súa condición de voceira do Grupo Provincial Socialista na Deputación de Lugo, ao abeiro da lexislación vixente, presentan á consideración do Pleno da Corporación a seguinte moción do Grupo Provincial Socialista sobre o futuro dos servizos dos hospitais comarcais da provincia de Lugo.

O pasado 1 de decembro, o Sergas anunciou o peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín, un peche fundamentado segundo a Consellería de Sanidade na perda de poboación e o descenso de nacementos. Como xa fixeron notar nunha pregunta urxente no Parlamento os deputados socialistas Julio Torrado, María del Carmen Rodríguez e Noela Blanco, esta política levará a unha espiral negativa, provocando unha maior perda de poboación, xa que a retirada de servizos actúa como un elemento disuasorio á hora de fixar ou atraer xente no rural.

A medida adoptada, por desgracia, é coherente coa liña de perda de servizos públicos no rural desenvolvida pola Xunta, que bandea entre os anuncios de bos propósitos que nunca chegan a materializarse, e a execución concreta de recortes e peches que minguhan a calidade de vida dos veciños destas zonas. No eido sanitario, os hospitais comarcais veñen perdendo servizos médicos, e as comarcas que tiñan a condición de área sanitaria cun hospital comarcal de centro de referencia perden a devandita condición.

A Xunta desenvolve campañas e declaracións a prol da loita contra da despoboación, ó tempo que a fomenta cun movemento de recentralización dos servizos sanitarios que esquece o noso modelo de dispersión poboacional, contribúe a sobrecargar os grandes hospitais e converte o rural non só nun baleiro de poboación senón tamén nun ermo no que fai ós servizos.

Este modelo xera unha lóxica preocupación na nosa provincia, na que o rural conta cun peso determinante, xa que contribúe a acelerar as desigualdades reais entre os cidadáns. Un entorno sen garderías, sen escolas, sen servizos médicos, sen internet... é hoxe un entorno no que as persoas non queren vivir.



É ademais un modelo que prexudica especialmente ás mulleres, ás que se lles quita a posibilidade de dar a luz no centro de referencia máis achegado. Entre o momento dos primeiros síntomas de parto e o ingreso definitivo poden pasar varios días. A Xunta pretende converter a última etapa do embarazo nun rosario de desprazamentos entre o domicilio e un hospital lonxano. Co impacto emocional, a molestia para a familia e o risco engadido para a saúde que estes desprazamentos implican.

Dun xeito concreto, entendemos que este tipo de política supón unha ameaza para os hospitais comarcais de Monforte, que en 2018 rexistrou 318 nacementos, e de Burela, con 350 bebés nados nese mesmo ano. En lugar de gabarse por estes nacementos, a política da Xunta vennos dicir que esta cifra é insuficiente e que os paritorios de Monforte e Burela poderían seguir, xa que logo, o mesmo futuro que o de Verín.

Por todo o exposto, o Grupo Provincial Socialista quere mostrar unha vez máis o seu rexeitamento das políticas de desmantelamento da sanidade pública que ven desenvolvendo a Xunta de Galicia. Medidas que afectan dun xeito especial ás mulleres e as zonas rurais. E sometemos para o seu debate e posterior aprobación en Pleno esta Moción para que a a Deputación Provincial de Lugo inste á Consellería de Sanidade e á Xunta de Galicia a:

- Aclarar se van a estender a decisión de recortar os servizos de paritorio noutros hospitais comarcais de Galicia, nomeadamente nos de Monforte e Burela.
- Poñer en marcha accións concretas para reverter a política de perda de servizos sanitarios do rural, poñendo en marcha medidas que permitan deseñar un mapa sanitario racional, que prime a igualdade na prestación de servizos en todo o territorio”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O pasado 1 de decembro, o Sergas anunciaba o peche do paritorio do Hospital Comarcal de Verín, un peche que fundamentaban, segundo a Consellería de Sanidade, na perda de poboación

e no descenso de nacementos. Como xa fixeron notar nunha pregunta urxente no Parlamento os deputados socialistas esta política levará a unha espiral negativa, provocando unha maior perda de poboación, xa que a retirada de servizos actúa como un elemento disuasorio á hora de fixar ou atraer xente no rural. Eu creo que isto a ningún lle pasa inadvertido.

A medida adoptada, por desgraza para tódolos galegos e galegas, e singularmente neste caso os que xa o padeceron, os veciños e veciñas de Verín e comarca, pero tamén os que ó mellor nos vemos en situacións similares, é absolutamente coherente con esa liña de perda de servizos públicos que promove a Xunta de Galicia, e que vai oscilando entre os anuncios de bos propósitos e a lexislatura do rural que acompañan cunha ampla publicidade pero que nunca chegan a materializarse, e o que fan pola contra é a execución de recortes e peches que van minguando a calidade de vida dos veciños e veciñas no medio rural.

No que se refire ó eido sanitario, os hospitais comarcais veñen perdendo servizos médicos, e as comarcas que tiñan a condición de área sanitaria cun hospital comarcal como centro de referencia perderon esa condición.

A Xunta desenvolve campañas e declaracións a favor da loita contra da despoboación, repito, esa década do rural de Feijóo que tanto nos repiten, ó tempo que a fomenta cun movemento de recentralización dos servizos sanitarios do que xa lles falei na moción anterior, está esquecendo o modelo de dispersión poboacional, polo tanto están contribuíndo a sobrecargar os grandes hospitais e convertendo o rural en territorios baleiros de poboación pero á vez desprovistos de servizos, e isto é a pescadiña que morde a cola, se non hai servizos a xente non quere este rural.

Este modelo o que fai é xerar unha lóxica preocupación na nosa provincia, na que o rural conta cun peso determinante, xa que contribúe a acelerar con estas políticas dende a Xunta as desigualdades reais entre os cidadáns en función do lugar onde vivan. Un entorno que non conte con garderías, que non conte con servizos sanitarios de calidade, que non teña internet, é hoxe un entorno no que as persoas non queren vivir, por moita vocación que teñamos de ruralitas non queremos vivir nun entorno que non teña unha serie de condicións.



Ademáis é un modelo que prexudica especialmente ás mulleres, como se viu no caso de Verín, ás que nos quita a posibilidade de dar a luz no centro de referencia máis achegado. Vostedes saberán, igual ca min, que non hai dous partos iguais, que pode ser cuestión de minutos ou pode ser cuestión de días. E a Xunta o que busca con isto, ou alo menos o que está conseguindo, é converter esa última etapa do embarazo nun rosario de desprazamentos entre o domicilio e un hospital lonxano, co impacto, cando menos emocional, que isto ten para a familia e o risco engadido que pode traer ou non para a saúde que estes desprazamentos implican.

Pero índo ó concreto, entendemos que este tipo de política, porque política, señor Castiñeira, é tomar decisións, supón unha ameaza para os hospitais comarcais de Monforte, que en 2018 rexistrou 318 nacementos, e de Burela, con 350 nados nese mesmo ano. Porque vemos o que aconteceu en Verín e tememos pola saúde dos nosos hospitais comarcais e pola súa dotación na prestación dos servizos.

E en lugar de felicitarse, que é o que facemos calquera de nós cando vemos que hai máis de trescentos nenos nados, a política da Xunta, e tomando como referencia o que dixeron en Verín, o que nos vén dicir é que esa cifra vai ser insuficiente; eu creo que agora non o van facer porque hai eleccións, pero eses cálculos xa os aplicaron en Verín, de aí a preocupación deste Grupo Provincial.

E por iso nos gustaría que apoiaran esta moción para que se poida aclarar se se van estender esas decisións de recurtar os servizos de paritorio a outros hospitais comarcais de Galicia, concretamente nos de Monforte e Burela. E tamén nos gustaría que por parte da Xunta de Galicia se empezaran a poñer en marcha accións concretas para reverter esas políticas, esas tomas de decisións, que levaron á perda de servizos sanitarios no rural; e que se poñan en marcha medidas que permitan deseñar un mapa sanitario racional, que prime a igualdade na prestación de servizos en todo o territorio con independencia do lugar no que habitemos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Esa é a proba de que nos repetimos nos argumentos, máis do mesmo, máis pesimismo cansino e inxusto como dicíamos antes.

Levan vostedes pechando o hospital da Mariña e o de Monforte dez anos seguidos, e cada vez que había unha inversión ou un novo servizo a vostedes fastidiáballes; crearon as plataformas para tratar de seguir mobilizando, iso non valeu absolutamente para nada porque subimos tres Deputados nas seguintes eleccións, porque a xente está cansa deses cenizos que ó final o único que están dicindo son contrariedades, barbaridades, nunha sanidade pública que é a cuarta con mellores datos en listaxe de espera e satisfacción de todo o país, e vostedes como non gobernan seguen do mesmo xeito.

Os hospitais comarcais nestes dez anos non fixeron máis que ter mellores prestacións; vostedes falan de desaparecer, vostedes van ó oportunismo de Verín para levalo ó resto de hospitais, o cal non ten absolutamente nada que ver coa situación nin de Monforte nin da Mariña, que son os dous hospitais comarcais, e que están todos a menos dunha hora dun hospital xeral e a menos de hora e media de varios hospitais de referencia en toda Galicia.

O hospital da Mariña estase ampliando, vostedes dicían que era mentira, dicían, como están dicindo agora, que as mulleres ían parir na Xesta, agora no Fiouco, nada máis lonxe do que estamos a facer. Estamos tendo máis servizos, implantouse o servizo de oncoloxía que é un servizo moi cercano e moi necesario para todo o mundo; o do hospital da Mariña tamén o aplico ó hospital de Monforte; hospitalización a domicilio. Reitero isto porque son dous servizos moi demandados no seu momento e que se conseguiron a pesares de ter os orzamentos máis pequenos que tivo a Xunta de Galicia en época de crise.

Fala vostede das garderías, voulle dar un dato, xa sei que a vostedes non lles gustan os datos sobre todo se non os manipula o Sr. Tezanos, pero en Lugo había 668 prazas de garderías e agora temos 1560, máis do dobre. Con respecto ás casas niño imos subir de 16 a 75 no ano 2020, varias delas en Lugo para concellos de menos de 5.000 habitantes, ese servizo gratis. Vostedes, con todo o que gobernaron e con todo o que presumen, non foron capaces de facer a gardería gratis para o segundo fillo.

E claro que hai fallos na sanidade, fallos nas listaxes, pero as medias están aí, e as importantes que é en operacións cirúrxicas que son cincuenta e catro días, moito menos ca



Comunidades nas que vostedes gobernan, son realidades. E máis importante, as de primeira necesidade ímonos a dezaseis días, ou sexa de máxima urxencia. Terá cousas malas o sistema, haberá fallos, non dicimos que non, e hai cousas que mellorar, pero é ben certo que o compromiso da Xunta de Galicia coa sanidade está aí, sempre sobrepasando o 40% dos Orzamentos, aínda cando tivemos épocas de crise, e vostedes deixaron practicamente todo sen facer hai dez anos.

Eu non tacho como “decenio escuro” señor Castro, ó contrario, creo que foi un decenio moi positivo para a sanidade pública, con obras e reformas na maior parte dos centros hospitalarios, con obras e reformas en moitos centros de saúde, algúns lóxicamente haberá que incrementar. Dedícanse a política social máis do 75% dos orzamentos da Xunta; vostedes non poden darnos leccións absolutamente de nada diso, e menos de sanidade.

Estou seguro de que se puido facer mellor na xestión de Verín, estou seguro de que foi inoportuno e que se puido esperar moitísimo máis, porque é verdade que se sacaron dúas prazas e quedaron baleiras dúas veces, ou sexa non hai pediatras, é un problema a nivel nacional, e pode vostede, señora García Porto, preguntarlle ás Comunidades onde vostedes gobernan, non hai pediatras, e por enriba diso non hai pediatras que queiran vir para a zona do rural, iso é complexo. En todo caso todos estamos nesa tesitura.

Volveuse sacar por terceira vez, conseguíuse que viñeran dous pediatras; e creo que se puido xestionar moito mellor esa crise, pero agora afortunadamente se volve retomar a actividade no paritorio no mes de febreiro unha vez teñamos pediatras; porque as consideracións que facían os colexios de médicos lóxicamente é que non se pode dar un servizo se non hai os facultativos correspondentes.

Pero recoñecemos que é posible que se puidera xestionar algo mellor todo iso, pero a vostedes encántalles botar gasolina enriba do lume e iso tratar de extrapolalo ó resto de provincias e ó resto de hospitais, e nada máis lonxe da realidade”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Fala vostede, señor Castiñeira, de barbaridades, pero eu a única que oín, e unha barbaridade, tendo en conta quen o pronunciou, de tamaño sideral, é dicir que “total ir dar a luz a douscentos quilómetros non pasa nada porque parir non é un infarto”, esa é a sensibilidade que ten a Xunta de Galicia coas mulleres que van dar a luz. E non poña cara rara porque sabe perfectamente que o Conselleiro fixo esas declaracións. E veñen aquí dicíndonos que teñen sensibilidade, como non imos estar preocupados polo futuro dos paritorios se o máximo responsable de sanidade pública fai esas declaracións e sen avergoñarse?, incluso sería para demitir porque non mostrou ningunha sensibilidade.

E di que non temos porque preocuparnos, claro, como hai xente coherente e moi preocupada por como dan a luz as mulleres do rural temos que estar tranquilos, en cambio o que dín é “que máis dá”, para vostedes non é un problema que teñan que ir dar a luz douscentos quilómetros, e dixérono abertamente. Entonces como non nos van xerar preocupación?.

Falaba vostede de que se montan unhas plataformas, pois nós claro que estamos ó carón desas plataformas, e moi orgullosos, pero é que hai moita xente nesas concentracións; entón tanto nós coma os compañeiros de goberno do Partido Socialista estamos encantados de estar apoiando esas reivindicacións porque temos o respaldo de moita xente preocupada pola sanidade pública.

E logo fala tanto que chegan as contradicións; di que os pediatras non queren vir ó rural, o rural idílico do Sr. Feijóo e agora resulta que a xente non quere vir a este rural, e porque?, se vostedes pagan moi ben ós pediatras, o rural é o mellor rural do mundo, e resulta que a xente non quere vivir no rural, pois ó mellor teñen que facerse mirar iso, ou é que os pediatras pola súa formación teñen unha especie de aversión ó rural?, non o entendo, realmente debería explicalo porque como temos un rural con tódolos medios e onde se pode vivir con normalidade deberían querer vir, pero vostede acaba de dicir que non queren vir, será porque están destrozando o rural, porque iso nunca pasou, se estiveran ben pagados e cun sitio decente para vivir todo o mundo vive.

Pero chegan as súas contradicións Sr. Castiñeira, e levamos dez anos e pasa iso, e di que puideron actuar mellor, claro que puideron actuar mellor pero é que xeraron alarma e con toda a razón, porque en vez de rectificar dixeron “qué máis dá”; pois claro que van estar preocupadas e a



vostedes preocúpalles que traíamos estas mocións porque saben que temos a xente detrás; porque se fora como din vostedes, que é unha teima do BNG e do Partido Socialista, non estarían preocupados, pero saben que cada vez que hai isto se levanta a xente na rúa; de feito tiveron que dar marcha atrás en Verín, e tiveron que imponer hemodinámica en Lugo, e tiveron que facer moitas cousas.

E despois tamén hai algo realmente curioso cando presumen de que fixeron inversión, pois gobernaron este país practicamente todo o tempo, e agora levan dez anos ininterrompidos, e resulta que vén presumindo de que de vez en cando fan inversión en hospitais comarcais?, pois faltaría máis!. Claro, pareceulles mal ter que dotar un hospital, ó mellor querían que o construíramos xa dotado, parécelles mal certas cousas, e parécelles mal gobernar, dóelles cada inversión que fan na sanidade pública, e tráeno aquí coma unha valentía, e o único que fixeron foi mantela en pé para que non caera.

Entonces están preocupados, hai unhas eleccións, a xente está realmente molesta de cómo funciona o sistema sanitario galego, e teñen preocupación; pero con estes parches que fan de sacar hoxe un servizo e mañá non, “estean tranquilos porque é demagogia, non imos sacar os paritorios”, e despois veñen as declaracións do Conselleiro de Sanidade, e dígalle vostede ás mulleres que están embarazadas que, con ese individuo e con esa sensibiidade que mostrou para elas, estean tranquilas, pois iso é o que non lle cren, e iso é o que se vai reflectir nas urnas. Eu entendo que estean preocupados pero é o que hai, son dez anos negros, xa sei que lles molesta pero é así; e como sigan así van acabar co sistema sanitario público”.

A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Falaba o Sr. Cstíñeira na súa intervención de repetición dos argumentos, aquí o único que se repetiu nos argumentos foi vostede que utilizou exactamente os mesmos nunha moción ca na outra.

Para nós é perfectamente doado diferenzar os servizos sanitarios en xeral e unha cuestión moi clara e concreta que traemos a este Pleno, como é esta, na que queremos dilucidar se o modelo

para os nosos hospitais comarcais vai ser o mesmo modelo seguido no hospital comarcal de Verín co paritorio, é así de sinxelo. E vostede volveu sacar as cifras da Xunta de Galicia para intentar levar a auga para o seu rego, pero isto non funciona así.

O que queremos é darlle traslado á Xunta deste asunto para ter coñecemento sobre o mesmo, porque vostede o dicía na súa intervención, dicía que tal vez non foi o momento máis atinado para pechar o paritorio de Verín, e non foi o momento máis atinado porque se aproximan eleccións, e iso é o que lle preocupa a vostede señor Castiñeira e señores do Partido Popular; o que non lles preocupa tanto é cal é o motivo real, se o hai ou non o hai, vostedes tomaron unha decisión política, pechar o paritorio de Verín, aínda que agora non se sabe moi ben porque tanto pecha como abre, como se pode parir nel ou non, están aí nunha tesitura difícil porque se aproximan eleccións autonómicas.

Vostedes teñen un modelo de actuar, e foi o que levaron a cabo no paritorio de Verín, e é o que nos dá medo que suceda cos nosos hospitais comarcais. Primeiro teñen o servizo infradotado, cando o servizo leva un tempo infradotado calquera atisbo de risco é derivado a outro hospital; como se derivan moitos doentes a outro hospital fanse menos partos neste caso; e se se fan menos partos a conclusión é pechar o paritorio. É unha lóxica perversa pero é imbatible, e é a que utilizan vostedes, os señores do Partido Popular, para facer esa espiral de destrución do público que tanto lles gusta.

Dende logo non estiveron atinados, nin no tempo, nin nas formas, nin nas escusas que puxeron, porque vostede tamén o recoñecía na súa intervención, se comezaba dicindo que había unha cuestión por número de partos, e ese foi o argumento que tamén esgrimiu o Sergas, acababa dicindo que o problema é que non hai pediatras ou xinecólogos que queiran ir ó rural; pois, como lle dicía na miña primeira intervención, apliquen políticas de incentivación para que os nosos profesionais queiran traballar no rural como fan noutras Comunidades Autónomas; non se plantexan que algo falla se a xente non quere traballar no rural idílico, como lles acaba de dicir o compañeiro Efrén, do Sr. Feijóo?; non se dan conta de que algo falla?; pois aí está a súa responsabilidade.



Pero cinguíndonos a este tema, o único que queremos saber é se eses dous xinecólogos que neste caso se chaman “eleccións autonómicas” que hai en Verín van ter alí continuidade ou non; e o que é máis importante para nós, se a política que seguiron no paritorio de Verín vai ser aplicada ós hospitais comarcais da provincia de Lugo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Javier Jorge Castiñeira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Señora García, quere que lle diga cal é o modelo?, o modelo é seguir mellorando como fixemos ata agora, o hospital de Monforte co seu plan executivo; seguir incrementando e mellorando o hospital da Mariña, dez millóns de euros contratados máis outros dous de eficiencia enerxética; seguir mellorando os centros de saúde, xa se licitou e contratou o centro integral de saúde de Lugo, polo tanto seguir mellorando lóxicamente.

En canto a que haxa fallos, obviamene claro que os vai haber porque o sistema galego de saúde é un sistema moi amplo que esgota moitísimos recursos e que os investimos moi agradablemente, pero que lóxicamente nos fastidia que veñan vostedes botar todo o traballo por terra; o traballo dun Goberno que fai as cousas de forma sensata e fainas cando ten diñeiro, vostedes non fixeron nunca absolutamente nada; é un Goberno que aposta polos seus traballadores, aí están os datos, e que lóxicamente trata de dar os mellores servizos; ese é o modelo. E o resto, Sr. Castro, xa o seu ton o di, como fala vostede e no ton no que fala da sanidade, a mín non me parece para nada lóxico, non é xusto nin co Goberno, ó que poden criticar, nin co sistema nin cos propios facultativos, posto que non é certo.

E por suposto, non nos preocupa absolutamente nada que traian aquí unha moción, duas, tres ou catro, nós ímoslles traer aquí os datos, iso encántanos, ademáis se o queren debater aí están. Xa sei que á Sra. García lle molesta que dea datos pero é que os políticos estamos en política para dar datos veraces, e non mentiras con suposicións; o modelo que nós temos é moito máis amplo que o que vostede quere agora que lle explique aquí. Imos seguir mellorando a sanidade, estou seguro de que iso o van valorar tódolos galegos nas próximas eleccións, pero si que é certo que non nos vai a vida niso, a quen lles vai é a vostedes que traen aquí as mocións, non as trouxemos nós, tráenas vostedes para dar datos falsos e para alarmar á xente de que vai pasar exactamente o mesmo

que Verín; fastídialles moitísimo que se reabra o paritorio, e o Partido Popular sempre de forma sensata admite posibles fallos na xestión desa circunstancia, pero é certo que iso non vai escurecer para nada a xestión en sanidade que fixo o Goberno galego nestes dez últimos anos”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Sr. Castiñeira, fala vostede do meu ton, pero ten que ser así o meu ton porque estamos cansos de defender os dereitos dos galegos e galegas; para defender a sanidade pública hai que enfadarse con vostedes, pero tamén lle digo que se vai imitar o meu ton ensaie porque non se parece.

E o seu modelo cal é?, o que van implantar en Verín de pedirllas ás mulleres que firmen que se hai algunha complicación no parto é culpa delas por querer dar a luz en Verín?, ese é o que queren implantar na provincia de Lugo?, porque o explicou o Sr. Presidente, xa non o señor Conselleiro coa sensibilidade que demostrou con esas declaracións, dixo que estaban preparando unha especie de modelo de parto consentido que o que lles vén dicir ás mulleres galegas é que non é seguro parir nos hospitais comarcais, que vaian ós hospitais xerais porque o Sr. Presidente vainas obrigar a asinar que se hai algunha complicación é culpa súa; ese é o modelo?, pois ante ese modelo vai ter o meu ton coma o de hoxe ou peor, porque ese modelo non o podemos permitir para a sanidade pública galega.

Entonces estamos moi preocupados señor Castiñeiras, así que mentres non demostren con accións outra cousa, e con declaracións outra sensibilidade, imos seguir estando moi preocupados”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, quen manifesta o seguinte:

“Mire, señor estadista Castiñeira, despois de interpretar eses datos que lle dan dende a Xunta de Galicia que, como tódolos galegos e galegas sabemos, o papel ten conta do que lle poñen e o que le interpreta, a verdade é que non podemos menos ca estar preocupados, e vostede mesmo recoñeceu que se equivocaron no momento do peche de Verín, e lóxicamente a alerta salta no resto



de hospitais comarcais, e por iso esta moción está hoxe aquí enriba da mesa, queremos saber se as mulleres da provincia de Lugo cando necesitamos dar a luz teremos que asinar tamén ese “consentimento informado e reforzado”, esa ameaza que nos lanzan dende a Xunta de Galicia para que collamos medo e non nos atrevamos a dar a luz nun paritorio concreto.

Esa é a realidade, iso é o que perseguen, porque detrás dese “consentimento informado e reforzado” o que hai é unha intención de baleirar no número de partos determinados paritorios. E queremos saber se iso vai chegar ou non á nosa provincia”.

Efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 /(emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

8.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN APOIO ÁS TRABALLADORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE CHANTADA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG referida no epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en apoio ás traballadoras do servizo de axuda no fogar de Chantada.

Exposición de Motivos

Ante o anuncio do Concello de Chantada de sacar a concurso o servizo, dende o pasado 28 de outubro as traballadoras do “Servizo de Axuda no Fogar” xestionado polo Concello veñen defendendo a continuidade do servizo que prestan e das condicións en que se ofrece.

Estamos a falar dun servizo público dende os seus inicios, que conta cunhas 29 traballadoras (das cales un terzo teñen máis de 10 anos de antigüidade) e que atende a uns 150 usuarios e usuarias de todo o concello. Figurando no Plan Único de 2019 unha aportación da Deputación por importe de 30.000 €.

A argumentación do Concello para xustificar a externalización do servizo so se basea na súa suposta incapacidade para xestionar o persoal existente e as necesidades de persoal de apoio ou substituto. Algo que non se entende cando chega a ter 3 persoas adicadas a estas funcións (que fala de seguilas mantendo) e cando xa ven contando cunha empresa externa que aporta 6/7 traballadoras eventuais.

Non é doado de entender que tendo os medios humanos e económicos para atender o SAF, e coa experiencia acumulada o longo de todos estes anos, se opte por externalizar o servizo para escapar da súa xestión.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1.- Que se manteña a xestión pública do servizo e se garanta o mantemento das condicións laborais adquiridas polas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Chantada.

2.- Consolidación da calidade asistencial e do custo do servizo, en atención a aportación económica que achega a Deputación Provincial de Lugo.

3.- Cumprimento polo concello de Chantada dos convenios laborais e dos protocolos de atención en relación co SAF”.

Intervén a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:



“Hoxe traemos aquí unha moción, despois de ter unha xuntanza coas traballadoras que están prestando ese servizo na actualidade no concello de Chantada. Elas nos trasladaron a súa preocupación dado que o concello está iniciando as xestións para privatizar este servizo de atención a domicilio; elas consideran que defenden a continuidade do servizo tal e como o estaban prestando nas mesmas condicións en que ata agora se ofrecía.

Son 29 as traballadoras, moitas delas con máis de dez anos de experiencia, dez anos de antigüidade, atendendo a arredor de cento cincuenta usuarios e usuarias en todo o concello. Contando ademais no 2019 cunha aportación desta Deputación de 30.000 euros a través do Plan Único.

Argumenta o concello, para xustificar a privatización deste servizo, que non ten capacidade para xestionar o persoal existente e tamén as necesidades do persoal de apoio ou substituto. Mostra con isto a súa incapacidade, pois hai que ter en conta que o concello conta con tres persoas adicadas a estas funcións. Non entendemos polo tanto, así como tampouco o entenden as traballadoras, a necesidade de privatizar un servizo que, tendo medios económicos e humanos que contan con anos de experiencia, e tamén cunha profesionalidade demostrada. só entendemos esta privatización se temos en conta ese afán privatizador do Partido Popular, unha ansia privatizadora que non ten fin, e vémolos a cotío.

Queremos aproveitar tamén aquí para poñer en valor o traballo desas persoas, na súa maioría mulleres, e moitas veces cun traballo en precario, que poñen toda a súa vontade para atender ás persoas usuarias, non só coa profesionalidade que xa mencionei antes senón tamén con humanidade que é algo imprescindible na prestación destes servizos.

Traemos aquí polo tanto o que elas nos trasladaron, e eu cingome a lelo e cumprir así o compromiso que con elas adquirimos:

“Queremos traer aquí unha moción para que este Pleno da Deputación de Lugo acorde os seguintes puntos:

Que se manteña a xestión pública do servizo e se garanta o mantemento das condicións laborais adquiridas polas traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar de Chantada.

Consolidación da calidade asistencial e do custo do servizo, en atención a aportación económica que achega a Deputación Provincial de Lugo.

Cumprimento polo concello de Chantada dos convenios laborais e dos protocolos de atención en relación co SAF”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Pablo Taboada Camoira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“A verdade é que é abraiante que falemos de compromiso coas traballadoras de Chantada, pois non sei que lles van dicir ás de Ribadeo, ás de Lugo, ás de Monforte, ás de Poio, ás de Pontevedra, e así ata un sinfín de concellos que optaron por esta fórmula de xestión indirecta dun servizo que é complicado de prestar, sobre todo na súa modalidade de dependencia, porque significa que cómpre dar unha resposta inmediata e axeitada as vinte e catro horas do día e os sete días da semana a tódolos dependentes que o necesitan.

Non é fácil coas novas normas de contratación, e sobre todo coa especial singularidade que temos as administracións locais, prestar esas contratacións nun tempo record como necesitan os usuarios da axuda a domicilio, hai que dar resposta ó mellor en 24 horas a enviarlle unha auxiliar a unha vivenda onde, por diferentes motivos, a que estaba prestando o servizo nese momento non o poda facer.

Todo iso para unha administración pública que require duns sistemas de contratación, unhas publicacións, e un procedemento, alonga esa fórmula de servizo. Por parte do concello de Chantada á hora de externalizar este servizo foi o seu argumento, e é a maioría dos argumentos que, onde vostedes gobernan, tamén os deron; hai poucos días saíu en Ribadeo a externalización do servizo de axuda no fogar, e parte dos argumentos que se daban nesa contratación eran estes, a facilidade que ten unha empresa privada para proceder á contratación do persoal e dar unha resposta inmediata a este servizo.



Mire, os dereitos laborais das traballadoras de axuda no fogar de Chantada evidentemente están garantidos, vanse subrogar ó concello, e as súas condicións laborais adquiridas ninguén as vai menoscabar, as propias autoridades en materia de Seguridade Social velarán porque esas condicións se manteñan.

En canto á consolidación da calidade asistencial e o custe do servizo, e fala vostede da aportación da Deputación Provincial, moi importante na súa modalidade básica pero non na súa modalidade de dependencia, quero recordarlle que no último Pleno tratamos aquí unha moción precisamente para que o Goberno Central pagase, non soamente ó concello de Chantada senón a tódolos concellos da provincia de Lugo, e desgrazadamente a tódolos de Galicia, a parte que lle corresponde ó Estado para facer efectivo o 100% do custe da dependencia que, como ben sabe, debería estar costeado ó 50% pola Xunta de Galicia que si que aporta a súa parte, e o outro 50% pola Administración do Estado que non se está a facer neste momento.

Falan no seu punto terceiro do cumprimento polo concello de Chantada dos convenios laborais e dos protocolos de atención en relación co SAF; os convenios laborais é evidente que hai autoridades que velan por que eses convenios se manteñan, non vai significar un menoscabo nas súas condicións laborais para ningunha das traballadoras neste caso o feito de que o servizo se xestione dunha maneira directa ou indirecta, van seguir mantendo as mesmas condicións; e os protocolos de atención é a propia Xunta de Galicia, dentro do Plan municipal de servizos sociais que corresponde a cada concello, quen se encarga de protocolizar as atencións e os servizos que aí se prestan.

Entonces, por favor, non veña predicar aquí con algo que onde vostedes gobernan non practican, e acabo de citarlles Ribadeo, Poio, incluso ata Pontevedra que é o concello mais grande onde goberna o BNG e prestan este servizo de forma indirecta, e o seu concelleiro de servizos sociais nalgún momento incluso se vanagloriaba de que con esa forma de xestión abarataba o custe do servizo.

Eu creo que por parte do concello de Chantada o que se pretende precisamente é darlle unha maior calidade ó servizo, cunha dispoñibilidade total das auxiliares de axuda a domicilio, e,

algo moi importante neste caso que tamén convén lembrar, que son os usuarios da axuda a domicilio, que necesitan o servizo continuamente, sobre todo os que están na dependencia, e que o necesitan en tempo e forma sen procedementos engorrosos ou farragosos.

Entonces creo que é predicar nun sitio unhas cousas e noutro lado outras, ninguén pretende que as traballadoras do SAF de Chantada vexan as súas condicións laborais menoscabadas, pero convén recordar que vostedes onde gobernan practican esta modalidade sen ruborizarse para nada”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“En relación con esta moción dende logo que o Partido Socialista non vai deixar de estar de acordo coa defensa dos dereitos das traballadoras do SAF de Chantada; non vai deixar de estar de acordo na súa consolidación, no cumprimento estricto dos protocolos de actuación. Pero segundo isto se trata dun dereito fundamental recollido no artigo 35 da Constitución, o deber de traballar e o dereito ó traballo, baixo que paraugas se recolle a libre elección do traballo, sobre todo o dereito a ter un traballo digno; tamén o é o artigo 137, que creo que aquí non se menciona, e que é o respecto ó principio de autonomía local que recolle a Constitución, a Carta Europea de Autonomía Local, ou a Lei de Bases de Réxime Local, e diversas normas do resto do Ordenamento Xurídico.

En base a iso dende logo hai que ter un certo equilibrio porque de non dicir isto pode malinterpretarse cal é o foco real da moción, porque eu entendo, e creo que a ninguén se lle escapa, que o principal foco é o máximo respecto á conservación dos dereitos destas traballadoras.

Polo tanto, en base a esa cuestión, creo que convén aclarar que o Partido Socialista tamén está de acordo con ese concepto de xestión pública, un concepto que leva mudado ó longo do tempo precisamente por algunha das cuestións que se apuntaban aquí, o modelo de xestión pública que creo que convén aclarar e que se establece nesa propia lei de contratos onde existen varias modalidades, dous modelos que aplican distintas Administracións.

Por exemplo non é o mesmo o contrato de xestión de servizos públicos, que era a antiga concesión de servizos que se recolle na Lei de Contratos, que aplica no seu modelo por exemplo a



Xunta de Galicia, onde hai un risco operacional que asume o adxudicatario, e por exemplo nese caso o que fai é buscar o beneficio, é o que se está utilizando en moitas xestións vinculadas ós servizos sociais, vinculadas en moitas residencias. E pola contra hai, como en moitos dos concellos que se citan aquí, o contrato de prestación de servizos públicos, onde o risco operacional o asume directamente a administración, ponse un prezo, cúmprese, e lóxicamente cumprindo estritamente os prezos estipulados nos convenios colectivos. Ó mellor no caso de Chantada, que o descoñezo, e produto dun acordo plenario, pero independentemente diso ningún pode dar un dereito laboral que minore as garantías que hai con carácter previo.

Por tanto, sen ánimo de avanzar moito máis nin enrocarme demasiado, puntualizada esta cuestión, dende logo que temos que manifestar o noso apoio ás traballadoras, á garantía e defensa dos seus dereitos e deberes; e deixarei para a miña segunda intervención algunha das cuestións que para min radican o problema do servizo de axuda no fogar que, como sabemos, é un servizo comunitario básico, un servizo prioritario, un servizo que nunha provincia tan envellecida como a de Lugo é fundamental, e que penso que se debe cuidar.

Citaba o Sr. Taboada determinadas cuestións da Lei de Dependencia, pois creo que no anterior Pleno quedou bastante claro como foi a súa evolución, quen produce o maior número de recurtes no ámbito da dependencia, os sete anos de goberno do Sr. Mariano Rajoy foron os peores anos de recurtes que sufriu a Lei de Dependencia cunha cantidade de oitocentos millóns que, como xa lle dixen no anterior Pleno, oitocentos millóns que estaban previstos recuperanse nuns Presupostos nos que o Partido Popular votou en contra en Madrid.

Así que volvemos á mesma dinámica, a vostedes o que é público en maiúsculas lles xera algún sarpullido, e polo tanto creo que neste sentido, respectando ese principio de autonomía local, e respectando sempre os dereitos das traballadoras, dende logo o Partido Socialista vaise sumar a ese apoio e será coa axuda do Partido Socialista que prospere esta moción”.

Seguidamente intervén a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“O Partido Popular o que fai habitualmente cando un servizo público funciona, e funciona ben, vostedes privatízano, estámolo vendo tódolos días, privatizan a sanidade, privatizan o ensino, axudan agora a privatizar ata a Universidade, esa é a súa idea do servizo público e da prestación do emprego de calidade.

Ademáis teño que recordarlles que a atención á dependencia é unha responsabilidade da Xunta de Galicia como aquí se ten falado moitas veces; e eses datos dos que tanto presumen vostedes aquí habitualmente din que o abandono ás persoas dependentes é moi evidente, e eses datos podíannos sacar aquí pero seguro que non os van sacar.

Ademáis, vostede mesmo acaba de dicir, esas persoas dependentes necesitan atención en tempo e en forma, e dende logo se un servizo de atención público non é capaz de garantir esa atención permítame dúbida que un servizo privatizado poida atender da mesma maneira.

A súa argumentación, como fan sempre, é botar balóns fóra en vez de dar argumentacións fiables e cribles, e non sei que lles vai pasar cando xa renoven un pouco os seus cargos institucionais, cando xa non teñan capacidade de memoria que foi o bipartito, porque creo que lles van ter que dar clases para que poidan argumentar no bipartito, e se non o dixo vostede dá igual porque xa o dixeran antes, é unha argumentación que utilizan habitualmente.

O Partido Popular privatiza todo o público, e a lexislatura do rural o único que está facendo é vendo como o noso rural esmorece, as posibilidades de atopar un traballo no rural son cada vez menos, as prestacións das persoas que viven no rural son cada vez máis inexistentes; polo tanto atopar un emprego mínimamente de calidade no rural é una utopía.

Entonces vostedes argumenten, fagan o que queiran, xa o fan, pero eu aquí sigo reivindicando e pido o apoio para as traballadoras que prestan ese servizo en Chantada, que o están a facer ben, que é importante manter un posto de traballo de calidade, porque elas o merecen, como dixeran antes, non só pola súa profesionalidade senón por un traballo que é basicamente humanitario e que conleva non só facer un traballo aséptico senón que implica moito a nivel persoal”.



Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Taboada Camoira, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“En canto ó dun traballo no rural eu voulle recordar que precisamente os concellos rurais, nos que por sorte se inclúe o meu, son dos que menos taxa de desemprego temos, por tanto o do emprego no rural creo que é materia doutro debate, e o da autonomía dos concellos tamén; evidentemente creo que se debe respectar a autonomía do concello, e qué mellor que o Alcalde ou cada Corporación decida, como vostedes deciden alí onde gobernan; xa sei que ó mellor a algún non lle gusta pero onde gobernan vostedes empregan este sistema.

Por tanto tamén temos que respectar a autonomía deste concello, no caso de Chantada, que cre que para prestar o servizo ós seus veciños esta fórmula é a máis adecuada, e que mellor se ademáis onde vostedes gobernan a empregan; en Ribadeo, e así o di a prensa, está aí o proceso para contratar a axuda no fogar; e tamén falabamos antes de Pontevedra.

Vostede falaba do bipartito, pois mire cando estivo o bipartito vostedes tiveron na súa man a Consellería de Servizos Sociais, e mire que xa hai anos, foi unha época na que maiores privatizacións se fixeron dos servizos que se contrataban a través do consorcio ou dende a propia Xunta, tanto en garderías, como en centros de día, como en residencias; e eu creo que esta propia Deputación nestas últimas residencias que se están a xestionar se empregou tamén esta fórmula.

Por tanto non fale de que o Partido Popular privatiza, esta é unha fórmula de xestión que está empregada a criterio neste caso, cando se refire ós concellos, do leal entender do goberno de cada concello, que poderá estar máis ou menos acertado. Pero quero recordarlle que vexo o camiño de ida cara á privatización pero non vexo o camiño de volta, cando os seus amigos, ou compañeiros, ou ex compañeiros da Marea chegaron ós gobernos de Santiago e da Coruña a súa política era desprivatizar certos servizos, os das augas, os de axuda a domicilio, os das residencias, os das garderías, diversos servizos que estaban privatizados por anteriores gobernos tanto do PSOE coma do PP, pero o tempo pasou e os servizos seguiron igualmente en mans privadas.

Entonces non digan unha cousa nun sitio e outra noutro; o PP non privatiza ningún servizo, o PP escolle unha fórmula de xestión como tamén fan vostedes nos poucos sitios onde teñen responsabilidades de goberno”.

A continuación intervéñ o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Só para puntualizar dúas cuestións. Insisto en que o respecto á autonomía local é perfectamente compatible con que os distintos Partidos que esteamos aquí apoiemos e defendamos os dereitos das traballadoras, e non só iso senón os convenios colectivos e dende logo os protocolos de actuación que deben estar perfectamente recollidos e definidos no modelo que se decida, e non me cabe ningunha dúbida de que así debe ser.

Comentalle, porque fixo mención ó modelo que teñen as residencias da Deputación, vexo que andan algo perdidos con este tema, porque é un modelo de xestión directa, a través dos propios traballadores asignados a esta Casa por un lado, e a través dun contrato de prestación de servizos, onde non hai risco operacional, onde o risco é asumido pola Institución; e volvo insistir en que non se empeñen en que está privatizado porque iso non é así, só hai que coller os modelos de funcionamento das residencias que ten mediante a antiga concesión de servizos, para que o entendamos, regulado novamente na Lei de Contratos, como funcionan, e como funcionan ata agora as residencias da Deputación de Lugo.

Aclarado iso, dicirlles que poñer o foco no servizo de dependencia é algo máis que centrarse en Chantada, que é certo que se está producindo un problema, pero é un problema máis global, un problema incluso a nivel autonómico, porque isto vén provocado despois de once anos de abandono a dignificación dos traballadores que se adican ó SAF, porque mentres a Deputación de Lugo pón para o SAF de non dependentes un total de media de 16 euros/hora, a Xunta de Galicia adica 9,70 euros/hora por dependente; esa é a diferenza. Ademáis a Xunta de Galicia, a pesares de haber sentenzas ó respecto, custalle moito asumir que ten que facer fronte tamén á libre concorrência que a día de hoxe estamos facendo fronte nós.



Ese é o problema, a dignificación, a mellora das condicións laborais dos traballadores, incluso dos técnicos que son os que valoran en tódolos concellos, que moitas veces non é porque non queiran facelo senón simplemente porque non teñen tempo nin capacidade para poder valorar as situacións dos nosos dependentes.

Así que eu creo que hai que ir cara aí, hai que traballar na liña de dignificar a profesión de tódolos traballadores e traballadoras; que é un problema moito máis global do que pensamos; que a medio prazo os servizos sociais son imprescindibles para garantir o estado do benestar, e moito máis na nosa Comunidade Autónoma, especialmente nas provincias de Lugo e Ourense, e que creo que se ten que traballar en defender profundamente os seus dereitos, e sobre todo en materializar aquilo que debemos facer, porque apoiar o rural tamén para poder ter uns servizos sociais de calidade, uns servizos comunitarios de calidade, e por ter traballadores e empregados que respondan a alta demanda que se está a producir de xente con dependencia e tamén de non dependencia”.

Intervén a Sra. Vicepresidenta dona Tareixa Antía Ferreiro Tallón, en representación do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Estamos falando dun servizo público que funcionaba ben, non estamos falando dun servizo que se vai instaurar, funcionaba ben e cunhas prestacións axeitadas, con tres persoas no concello encargadas de que ese servizo funcionara ben. Que me quere dicir?, que a empresa que vai levar agora esa xestión vai manter a mesma garantía nas condicións laborais, nas condicións de atención, e vai renunciar a ter ganancias?, explíquemo porque as contas son o que son; un servizo público que funciona ben, porque o concello non o pode atender axeitadamente con tres persoas, quéreme dicir que cos cartos que gastaba o concello a empresa vai facer unha xestión mellor sen repercutir nas condicións laborais e na atención que reciben as persoas usuarias?, non o sei, lóxicamente igual é que a mín os números non me cadran.

De todas formas dicir en canto á dependencia que foi o BNG quen creou o servizo de dependencia, e vostedes mantivérono, fórono eliminando, e dende logo que este servizo de atención á dependencia dende a Xunta de Galicia cada vez vai a peor”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

9.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO BNG EN DEMANDA DUNHA SOLUCIÓN REALISTA PARA O CEIP FREI LUIS DE GRANADA DE SARRIA.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do BNG, a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“O Deputado Provincial D. Efrén Castro Caloto, na súa calidade de voceiro do Grupo Provincial do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo e ao abeiro da lexislación vixente, presenta para o seu debate e aprobación, se procede, na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción en demanda dunha solución realista para o CEIP Frei Luis de Granada de Sarria.

Exposición de Motivos:

O CEIP Frei Luis de Granada de Sarria, construído a finais dos anos 60, entrou en funcionamento no curso 1975-1976. Durante os 45 anos nos que leva prestando servizo, acometéronse diversas melloras como o enfoscado das fachadas, a colocación de ventás dobres ou a construción dunha pista polideportiva cuberta, entre outras actuacións.

O deterioramento do edificio comezou a preocupar á comunidade educativa na primeira década do milenio e, en 2011, cando os problemas alarmaron ao profesorado e ás familias, acometéronse obras encamiñadas a subsanar os danos e evitar que volveran producirse no futuro. As actuacións prolongáronse durante 10 meses nos que as alumnas e alumnos foron reubicados noutros centros educativos.



Este anos, a comezos de xaneiro, á volta das vacacións de Nadal, a comunidade educativa volveu advertir do avance dos danos en tabiques e elementos construtivos do edificio - nais e pais con formación neste ámbito refiren desviacións de ata 7 centímetros nalgún forxado-.

A sorpresa xurdiu cando o pasado luns, 20 de xaneiro, os profesores atoparon o edificio apuntalado por todas as partes, tamén nas aulas e nos corredores. Nesta situación, entendo que o centro non era seguro para nenos e nenas, tomaron a decisión de non dar clase.

O día seguinte, a Consellería de Educación convocou a pais e nais a unha reunión que, lonxe de achegar tranquilidade e información certa, incrementou o malestar e a preocupación das familias.

O mércores 22, a comunidade educativa realizou a primeira concentración diante do centro para reclamar unha solución que garanta a seguridade do alumnado.

Polo exposto con anterioridade, o Grupo do Bloque Nacionalista Galego na Deputación de Lugo, logo de someter a debate esta moción, propón a adopción polo Pleno desta Deputación de Lugo dos seguintes acordos:

1.- Apoiar as mobilizacións e reivindicacións da comunidade educativa para reclamar solucións a este problema.

2.- Esixir á Xunta de Galiza un plan provisional que garanta a continuidade das aulas en condicións de seguridade.

3.- Demandar á Xunta de Galiza que faga un estudo serio e transparente da situación do edificio e que acometa obras que solucionen e garantan a seguridade de forma definitiva”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Falaba antes o Sr. Castiñeira do meu ton, neste caso o meu ton ten que ser serio e de cabreo, porque o que pasou en Sarria é que se xogou coa seguridade dos nenos e nenas que asisten ó CEIP Frei Luis de Granada; se non fora pola actuación heroica, e digo heroica porque recibiron presións por tomar esa decisión, das mestras e mestres daquel colexio que consideraron de forma obvia que non se daban as circunstancias para dar as clases, os nenos terían acudido a clase nun edificio apuntalado, cheo de puntais dentro das aulas.

Polo tanto en primeiro lugar teño que mostrar o meu agradecemento a eses profesionais que, con presións de Inspección para que consentiran en dar as clases, se negaron porque puxeron por diante a seguridade das nenas e nenos de Sarria. Polo tanto o noso agradecemento ós mestres daquel colexio.

Dirá que somos catastrofistas, pero é que os seus ataques ós servizos públicos, antes falabamos da sanidade pública e agora da educación pública, en Sarria acaban de facer un ataque á educación pública tremendo, hai outros dous centros concertados, para o ano que vén veremos como son as matrículas; e para calmar ós pais nunha reunión dixerónse cousas como que podía caer un tabique pero que o edificio non colapsaría, e que tampouco pasa nada se cae un tabique nun centro escolar, así con esa calma, ou que os puntais non eran necesarios pero que se puxeran por necesidade; e cando lles preguntaron os pais se lle parecía seguro que os nenos xogaran e asistiran a clase nun entorno cheo de puntais, dixerónlles que tamén se podían mancar na rúa.

Este é o nivel e sensibilidade que demostrou a Xunta de Galicia; e eu preguntolles: se alguén ten un negocio, por exemplo unha tenda de roupa ou unha cafetería, e polo motivo que sexa necesita apuntalalo de arriba a abaixo, as autoridades deixaríanllo ter aberto?, creo que todos sabemos cal é a resposta; pois tivemos que tragarnos que a Consellería dixera que aquilo era seguro. Incluso o Sr. Balseiro, antes de ter asinado un informe técnico ó que aludían para dicir que era seguro, garantiu a seguridade das nenas e nenos, cando o informe di claramente que se poden desprender cascallos ou cristais; para a Xunta de Galicia e para o Sr. Balseiro un entorno onde poden caer cascallos e cristais é seguro para as nenas e nenos; ese é o nivel de sensibilidade que teñen.



Despois veu unha visita fugaz da Conselleira e propón algúns parches que veremos como funcionan porque onde queren reubicar os nenos teñen bastantes deficiencias, é unha zona do colexio que leva sen tocar dende a súa inauguración, con ventás de madeira que non pechan, e cunhas cantas deficiencias que veremos se cumpre o mínimo para que os nenos e nenas podan estar alí.

Pero o grave desta cuestión non é só iso, que o podíamos achacar a nervios preelectorais, o grave é que este problema data do 2011, nese ano xa houbo estes problemas, houbo unha serie de informes que falaban de deficiencias na estrutura e só se fixeron obras de carácter estético para que non agretaran os tabiques, non se actuou na estrutura do edificio cando xa eses informes dicían que había graves deficiencias estruturais. E para poñer un exemplo os que non somos técnicos coma min, nunha zona dese colexio hai unha frecha, un desnivel nun forxado, que chegou a medir ata nove centímetros, a lexislación actual di que o máximo non chegue ós dous centímetros; e iso é o que para vostedes é seguro para que asistan os nenos e nenas.

É un despropósito o que se fixo, os pais non saían do seu asombro cando oíron as explicacións da Xunta, pero a que pai ou nai lle pode dicir alguén que non se preocupen que poden caer uns cristais ou un tabique pero que o seu colexio é seguro?, iso é tranquilizar ós pais?; e como pode ser que un problema detectado no 2011 non se fixera nada, só estético, e esteamos no 2020 outra vez xogando coa seguridade dos nenos outra vez en dúbida a estrutura do colexio público de Sarria?. Iso é o que queren facer vostedes coa sanidade pública; hai pouco traían a este Pleno unha moción co lobby da sanidade privada, e iso si que lles preocupa, pero polo visto a seguridade, xa non digo o ensino de calidade público, senón que chega a non preocuparlles a seguridade no ensino público, e iso é moi grave; é moi grave que un problema detectado en 2011 non se acometeran as obras necesarias para que non se repetise.

E aquí non nos poden tildar de agoireiros, porque pasou no 2011 e volve pasar hoxe, e iso non é agoireiros, xa pasou, nós sempre somos os agoireiros pero despois veñen estas cousas; e piden confianza, como imos confiar nun goberno que en dez anos non se preocupou da seguridade das nenas e nenos de Sarria, iso é o que nos piden?; é ser agoireiros que se repita un problema despois de estar detectado, cando non se fai nada?. Pois mire, van destrozar a sanidade pública, e van destrozar a educación pública, alo menos en Sarria”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Sr. Efrén Castro, nós non os acusamos de agoireiros, nin sequera son vostedes uns agoireiros, vostedes son uns oportunistas, e así o demostraron ó longo destes días en Sarria, por certo con moi escaso éxito.

Mire, non se pode falar así como está falando vostede, dende que se iniciou este problema vostede o único que fixo foi política da mala con este asunto, e por certo que non lle está saíndo nada ben. Esa rendibilización que vostede conta deste asunto non lle vai dar nada, porque xa nos coñecemos todos señor Castro.

En primeiro lugar no ano 2011, cando xurdiron eses problemas, as obras que se fixeron foron as que recomendaron os técnicos, de feito nestes dez anos non pasou nada nese colexio; a estrutura do colexio Frai Luis de Granada é completamente segura, nin un ápice de dúbida lle permito que poña enriba da mesa. Hai un problema nese colexio que é a zona onde está construído, que vostede sabe, porque así se dixo, que a única solución que ten sería outra ubicación, a estrutura do colexio é absolutamente segura.

Sr. Castro, que é o que lles molestou a vostedes?, que se puxera o apuntalamento?, pois mire, parece lóxico, ante unhas gretas que se detectan, que se tome unha medida inmediata e de máxima seguridade para os nenos, apuntalar esa zona, e despois facer as catas, pero primeiro garantir a seguridade, iso é o que lles molesta?.

Nesta moción pide tres cousas que ademáis llas imos aceptar, porque chega tarde a unhas medidas que xa ten adoptadas a Xunta de Galicia, e ademáis consensuadas coa comunidade educativa. Vostede non quere nada, vostede está no “canto máis mellor”, por iso fixo o que leva facendo durante todos estes días. Vostede e máis eu estabamos nesa reunión con tódolos pais, vostedes tiveron que marchar porque tiñan a unha Deputada ó lado para facer o seu primeiro mitin político, mentres se estaba falando seriamente disto; intentaron aproveitar ese día, a Deputada estaba a 50 metros e tiveron que marchar a ese mitin.



Despois vostedes pediron un pleno extraordinario no concello de Sarria, que non conseguiron porque non están lexitimados; teñen tanto interese en que se tratara no pleno de Sarria que só o pediron os dous concelleiros que teñen, ninguén lles ten culpa de que sexan un Grupo minoritario en Sarria señor Castro. Pero se vostede realmente quixera que se tratara no pleno buscaría consenso con outras forzas políticas, que hai máis có PP, pois nin desas; mentres lles dicían ós pais que ía haber un pleno extraordinario, porque vostede os enganou dicindo que ía haber un plano extraordinario e nin se molestou en conseguir os votos para que se solicitase.

Despois había unha manifestación convocada; e mire, engarzo co primeiro punto, nós defendemos a liberdade de mobilizar e reivindicar, só faltaría!, e parécenos moi ben os pais, e outros que non eran pais, que foron a esa mobilización e a esa reivindicación, respectámola, pero vostedes non son ninguén para dar carnets de bos ou de malos pais, porque a esa mobilización non foi unha gran parte dos pais e nais do colexio, vostede si que estaba, e moitos políticos de toda a zona, pero moitos pais non foron, e vostede non ten ningún dereito a considerar que eses pais son peores cós que foron a esa mobilización.

Vostede pide un plan provisional, cando ese plan xa está aprobado e feito, pero vostede entérase de algo?, sabe vostede que xa hai un plan provisional e que se está facendo un realoxamento na escola fogar, que é unha proposta da Conselleira que se desprazou a Sarria a un consello escolar e que conseguiu o refrendo das nais e dos pais horas despois de máis do 85% dos pais?, en qué mundo vive?, vive no mundo de atacar á Xunta de Galicia e buscar rendas políticas, e non o vai conseguir tampouco, porque a xente é moito máis razoable do que vostede pensa.

E leva vostede dicindo aquí toda a mañá que o Partido Popular e a Xunta de Galicia acababa coa sanidade pública, agora que acababa coa educación pública, vostede pensa que as galegas e galegos son tontos?, que leva dez anos que non dan gobernado e tampouco van gobernar con eses alarmismos; tomese en serio estas cousas porque son moi importantes; e non se pode diseccionar entre pais bos e pais malos, a maioría dos pais e das nais do colexio aprobaron o plan provisional que ofreceu a Xunta; e xa se anuncia, e por suposto que nós e todo o mundo tamén o queremos, que se van facer as obras necesarias para que o colexio sexa seguro, que xa o é, pero máis se cabe.

Pero voulle dicir unha cousa, non engane, porque a Xunta de Galicia dende hai un ano leva facendo un seguimento nese colexio, e fixo probas de carga e de seguridade nese centro que non se fixo en ningún outro centro de Galicia, ten once fisurómetros colocados nese centro durante o ano 2019, fixéronse catro inspeccións técnicas durante o ano 2019, e hai as comprobacións de nivel laser a diario dende hai un ano.

E vén vostede aquí dar leccións ós técnicos?, vén vostede aquí facer que fai?, pois non lle vai servir a súa estratexia electoral de curto percorrido porque a xente é razoable, e xa votou a favor da proposta da Xunta o 80% dos pais e das nais, e xa non vou dicir quen votou en contra, porque ademáis si que ten vinculacións políticas, nalgúns casos, pero iso dá igual, porque é absolutamente defendible que haxa pais que non estean de acordo, pero si que hai que defender a democracia, que é o que vostedes non queren, queren representar ós galegos e non os representan porque os galegos non queren que os representen. Defendan a democracia, defendan os informes técnicos, e abandoen esta busca constante de réditos electorais ante calquer problema que xurda na sociedade”.

Intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Supoño que desta volta a mín o Sr. García non me poderá chamar oportunista. Mire, señor García, se o señor Balseiro fai unhas declaracións pedindo tranquilidade e ó fondo desas declaracións vese un centro educativo apuntalado, non sei se vostede ten fillos ou non, pero mandaría ós seus fillos a un centro educativo que estea apuntalado?; eu aquí de verdade que quero poñer en valor a valentía de toda a comunidade educativa, pais, profesores, que chegan despois de Nadal e se atopan un centro apuntalado sen estar tan sequera avisados. Vostede se tivera un mínimo de rigor, ou lle preguntara alguén dentro da comunidade educativa, sabería perfectamente que iso é inviable, e eu non sei a que xogaba vostede cando era neno, como vai someter a que varios nenos vaian ó patio do colexio tal e como está, terán que entrar con casco e con seguridade.

Pero isto é outra mostra máis de como vostedes conceptualizan o concepto do público, xa llelo dixen antes, dalles sarpullido; e non fai falla que se alporice, que eu recoñezo que sempre lle tocan as causas imposibles, podelle dicir á súa voceira que algunha vez lle dea outra cousa máis



sinxela que defender porque eu entendo que isto é indefendible; e encima a vostedes que lles xera tanto sarpullido o público ademáis utilizan as ciencias exactas para calcular que o 80% dos 377 alumnos que foron aí non asistiron a clase, polo tanto é fácil, apliquen as matemáticas aí pero non apliquen as matemáticas para o recorte do público.

Aparte diso, vostede sabe perfectamente que se dende o 2011 levan facendo tantas probas, porque non incluíron este centro educativo no plan de infraestruturas educativas 2016-2020 da Xunta de Galicia?, e saben perfectamente que hai un plan que establece que aqueles centros educativos dunha antigüidade superior a trinta anos poden incluírse e poden someterse a reformas. Ademáis hai unha cuestión totalmente contraditoria, vostede pónase agora aquí que eu son a día de hoxe un xestor público, vostede, como Partido Popular, concebiría que eu chegara aquí e lle dixera, como dixo o Sr. Balseiro, “tranquilidade, aquí non pasa nada”, iso si, está todo apuntalado, e ó día seguinte, eu creo que sen sabelo o propio Balseiro, chegue a Conselleira, e isto está aí na prensa non o estou inventando eu, e diga que por cuestións de seguridade e de tranquilidade imos trasladalos á escola fogar. Entón neste contexto parece bastante errático, entón van para a escola fogar que, como dicía o voceiro do BNG, e segundo informacións que me chegan de primeira man, pode ser unha solución daquela maneira.

Efectivamente eu creo que nestas situacións hai que gardar a calma, hai que ser prudentes, e hai que analizar a cuestión, pero dende logo unha situación que se vén reproducindo dende o ano 2011 hai que atallala de raíz, e o leva manifestando moita xente durante moito tempo, e non vexo que se teña atallado de ningún xeito.

Por tanto non me diga que isto non é defender o indefendible, porque se produciu unha situación clara, unha situación totalmente, baixo o meu punto de vista, irresponsable, porque o primeiro non é xerar alarmismo pero se hai unha crise hai que saber xestionala e hai que recoñecer que o Partido Popular foi incapaz de xestionar esta crise ben; porque Balseiro di unha cousa, que entendo que é o Delegado da Xunta, e vén a Conselleira e pono en tea de xuízo, de feito dende aquela non se volveu saber nada de Balseiro; iso está aí e pode velo, logo na súa seguinte intervención gritará e dirá que non é así, dáme igual, pero as cousas son como son.

Entonces, facendo unha análise sosegada coincidimos no mesmo, e eu creo que en todo caso alguén, non sei se da Delegación ou da Consellería de Educación, terá que asumir a responsabilidade señor García, ou vostede a mín non ma pediría se fora ó revés?, pois claro que si, pero é que é normal que esteamos a esixir certas responsabilidades; porque aquí hai unha certa neglixencia no proceso de actuación, aquí todo o mundo di que está ben, pero dino depende cando, depende do momento; todos coincidimos en que aí hai un problema que hai que atallar.

Entonces eu penso que lóxicamente esta moción que presenta o Bloque Nacionalista Galego, á que nos sumamos nós, está perfectamente plantexada, hai que ter un plan de actuación dunha maneira clara e decidida, e que resolva o problema, porque se ó final imos poñendo parches estase a poñer en xogo algo moi importante como é a seguridade duns nenos. Eu podo entender que pidan tranquilidade, estas cousas é mellor enfrontalas dende a tranquilidade, estamos de acordo niso, pero pedir tranquilidade cando chegan despois das vacacións de Nadal e atopan un colexio apuntalado, ten que entender que tranquilos eu non o estaría.

E para rematar, repito, vostede se tivera nenos, que non sei se os ten ou non, levaría a ese colexio ós seus nenos?”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Sr. García, en vez de ler o argumentario que lle pasan da Consellería debería ler os informes, porque fala de deficiencias na cimentación e de problemas no terreo, e é mentira porque precisamente na cimentación ese colexio está ben, o problema son os forxados, e derivado dunhas obras que se fixeron no ano 2000 que se cambiou a cuberta por unha máis pesada e apoiouse nos muros en vez de nas partes estruturais do colexio, cousa que agravou a deficiencia estrutural dos forxados; pero iso non o invento eu senón que o din os informes que ten a Xunta de Galicia.

Entonces en vez de ler eses argumentarios preocúpese polo tema, e saiba alo menos que problemas ten ese colexio, xa que queda aquí en ridículo dicindo iso, porque toda a comunidade educativa de Sarria sabe cal é o problema dese edificio e sabe que son os forxados, que están feitos



dende hai moitos anos, mal calculados, e que teñen frechas inadmisibles, sábeo todo o mundo, e tódolos informes din que a cimentación está ben.

En canto á solución, os pais evidentemente aceptárona porque era a única que se lles propuxo, pero están vixiantes de cales son as condicións, e teñen preguntas en canto a como vai quedar a escola fogar, onde van comer os nenos, e onde van facer ximnasia e ter o recreo os alumnos; porque aí hai dúbidas sobre a seguridade e non está clara a alternativa.

Despois di que a Xunta xa vai facer un programa e todo solucionado, pero é que iso xa pasou no 2011, e despois o que pasou foi fume; e por iso os pais están nerviosos e preocupados, porque despois do 2011 só se fixeron obras estéticas e non se afrontou o problema, porque se se fixera hoxe non estaríamos aquí con isto. E agora dinos o mesmo que nos dixeron no 2011, e polo tanto ata que o vexamos xa non temos fe na Xunta de Galicia porque xa se equivocou, igual que se equivocou abordando o problema; calma poderíamos ter se hai o problema, suspenden as clases, dase unha explicación crible, a abórdase unha solución, aí poderíamos ter calma; pero se nos din que non pasa nada por que lle caia un tabique enriba das nosas nenas e nenos, aí non podemos ter calma, ou se non nos saben explicar se é seguro ou non un entorno con puntais, ou nos din que tamén se poden mancar na rúa porque haxa puntais.

E se despois de protestar os pais porque hai puntais nas clases, a solución que saíu naquela triste reunión foi retirar os puntais, cousa que puxo moito máis nerviosos ós pais porque se preguntaban porque se puxeron, e vostedes non o souberon explicar; polo tanto alguén debería pedir perdón, e vostedes fixeron unha fuxida cara adiante e saíulles mal; e de aí a desconfianza nosa e da comunidade educativa sarriana”.

Intervén o Sr. Deputado D. José Antonio García López, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Mire señor Castro, non me mande que non lea os argumentos porque non teño ningún argumentario, non fai falla porque coñecemos o problema. Probablemente non me vai facer ter unha visión prepotente de que máis ca vostede, pero sufrimos máis directamente no ano 2011 isto ca vostede que estaba noutros sitios; non dea leccións porque non lle coa.

En canto ó tema do apuntalamento, se se fixo foi por prevención, por suposto, antes ca ningunha proba, por tanto non ridiculicen esa medida porque creo, e moita xente cre, que foi acertada, menos vostedes que están no canto peor mellor, mellor para vostedes, que despois tampouco é mellor porque a xente non traga esas historias que vostedes contan, de que vai caer o colexio, que a sanidade pública se está pechando, e que en Galicia se leva dez anos cerrando hospitais; non é verdade, e a xente sábeo, por iso lles vai sempre como lles vai, por iso tiñan xa un mitin montado mentres falaban os pais, por iso xa tiñan organizada e apoiada unha mobilización cando nin sequera había medidas tomadas.

Sr. Rivera, preguntoume varias veces se tiña fillos, non teño fillos; pero voulle dicir unha cousa, o que faría sería en primeiro lugar fiarme dos técnicos, porque é imprescindible fiarse dos técnicos que dende un primeiro momento dixeron que o edificio era seguro.

E vostede equivocase, parece que intentando atacar ó Delegado provincial quere dicir como que dixo unha cousa a Conselleira e o Delegado provincial outra, é mentira, non sabe o que dixeron, leríao na prensa pero non o sabe; a Conselleira cando visitou Sarria o primeiro que dixo foi que o centro era absolutamente seguro, que é o que tiña dito o Delegado provincial. Porque lle vou dicir unha cousa, eu agora á tarde cando vexa a moitos pais en Sarria que levaron os fillos mentres había os puntais, porque hai moitos, voulles dicir que vostede pensa que son malos pais, e que vostede dá leccións dos bos pais e dos malos pais, voullelo dicir porque os coñezo e vostede non; e foron moitos os pais que cren nas institucións, que teñen respecto institucional, e sobre todo que cren nos técnicos que foron os que o dixeron; e vostede intenta dicir que eses son malos pais, porque non son os pais que ó Partido Socialista lle convén, que por certo non apoiou o pleno extraordinario que pediu en Sarria o BNG.

E voulle dicir máis, a Conselleira si que foi máis alá có Delegado, pero non o contradiciu en nada, dixo que o centro era seguro; pero é máis, a Consellería, con sensibilidade cara a tódolos pais, mesmo ós que non están de acordo, ofreceu varias alternativas, e unha das propostas que foi o traslado á escola fogar, que é a que lles molesta, aceptouna o 85% dos pais; iso é o que lles molesta, preferían que seguira todo igual; pero non lles vai saír ben este asunto”.



Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Pablo Rivera Capón, en representación do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Está claro que, segundo di o Sr. García, ou minte a prensa ou minte o Sr. Balseiro, vostede diga o que queira; o señor García non ten nin argumentos, porque sempre é escupir para o mesmo sitio, a verdade que é moi digno o que fai vostede.

Home eu algún pai coñezo, porque, como vostede non saberá seguramente, hai algúns que son de Láncara; é máis, probablemente os alcaldes de Samos e de Láncara foran dos poucos que deron unha solución para o tema do realoxamento dos alumnos, incluso os Alcaldes están dispostos a asumir o transporte escolar; pero vostede non ten nin idea, porque nin lle vai nin lle vén. E despois aquí dá leccións de como se teñen que facer ou non se teñen que facer as cousas, dígalle o que queira ós pais; pero hai unha diferenza, eu non fun á manifestación porque non teño xuízo de valor pero podía ter ido, vostede ó mellor non pode dicir o mesmo, esa é a gran diferenza entre o Partido Popular e o Partido Socialista neste caso.

Dito isto, falamos e énchesenos a boca, e cada día que fala o Sr. Feijóo fala da lexislatura do rural, pois o rural é resolver estes problemas, o problema do colexio de Sarria, porque vai xente do rural de Sarria, do rural de Samos, e do rural de Láncara; entónces o que teñen que facer é solucionalo, e despois fale cos pais, fale cos alumnos, fale con quen queira; iso si, resolvan o problema, e gaste esa parte de enerxía cinética que vostede desprende cada día que intervén, e malgastea en levantar o teléfono e dicirlle que reabran o consultorio de Oural, por exemplo, que iso é servizo público, e que vostede coñece ben porque é de aí; que actúe na 636, que actúe na 546, ou que resolvan dunha vez por todas o problema do colexio Frei Luis de Granada”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, quen manifesta o seguinte:

“Para ser claros, as nais e pais son todos dignos, máis ca dignos, o que non foi digna foi a actuación da Xunta de Galicia e da Consellería de Educación, para que lle quede ben claro, porque os pais fan o que poden e consideran e confían.

En canto ós puntais, salvaban a seguridade e estabilidade do edificio, pero un entorno cheo de puntais cumpre a normativa para que haxa alí alumnos e alumnas?, pois dígolle que non, non cumpre ningún tipo de normativa. Entón vosdes salvaron a seguridade do edificio cun entorno cheo de puntais para que estean os nosos nenos e nenas, ese era o problema polo que se indignaron os pais, non pola medida de poñer os puntais; o que houbo é intención de tapar, e de seguir coma se aquí non pasara nada.

Se tiveran parado as clases e tomado estas decisións, poderíamos ter fe nunha Consellería, pero como quixeron tapar e evitar o escándalo pasoulles o que lles pasou; e levamos co problema dende o 2011, porque non fixeron nada; e imos seguir ó carón dos pais que queren un colexio seguro para as súas nenas e nenos”.

Rematado o debate, efectuada a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos membros presentes, acorda prestar aprobación á moción presentada.

10.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO ESPAÑOL A MELLORAR AS INFRAESTRUTURAS E SERVIZOS FERROVIARIOS EN LUGO.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular sinalada no epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción do Grupo Provincial do Partido Popular para instar ao Goberno Español a mellorar as infraestruturas e servizos ferroviarios en Lugo.

Exposición de Motivos:



Este grupo ven de denunciar a dramática situación que padece o servizo ferroviario no noso territorio, debido á falta de interese do Goberno central nas infraestruturas galegas en xeral, e provinciais, en particular.

Desde o 31 de decembro o Goberno español tomou a decisión de deixar sen servizo de venda de billetes presencial a oito estacións ferroviarias da nosa Comunidade, concretamente: na de Ortigueira, na Coruña; en tres da provincia de Lugo: Burela, Sarria, Viveiro; en dúas da provincia de Ourense: O Carballiño e Ribadavia; e dúas da provincia de Pontevedra: Guillarei (Tui) e Redondela.

Ante o peche das taquillas, a única alternativa presencial que se lles ofreceu inicialmente aos usuarios foi adquirir o billete a través de Correos. Sen embargo, esta Sociedade estatal estalle aplicando un suplemento do 5% ao prezo de billete. Isto supón un novo encarecemento, xa que a principios de ano, Renfe subiu o custo dos billetes nun mínimo dun 1%, en función do traxecto.

Ante o malestar evidente que esta medida está a provocar nos usuarios, o 15 de xaneiro o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana anunciou a súa intención de manter só dun xeito provisional este servizo, *“mentres se buscan solucións definitivas mediante acordos de colaboración con deputacións e concellos interesados en manter a venda presencial”*.

É dicir, a intención do Goberno español segue a ser mesma: deixar de prestar este servizo de venda presencial de billetes, pero agora pretende que sexa a administración local a que achegue os seus propios recursos para manter este servizo de competencia exclusivamente estatal.

Así e todo, esta situación non é nova, a finais do ano 2016 tamén se produciron noticias que apuntaban a que o transvase do canal de vendas presencial das estacións de ADIF a Renfe suporía o abandono do servizo da venda presencial de billetes en varias estacións de tren do rural de Galicia. Falábase daquela que se verían afectadas sete estacións de tren: a do Carballiño, Ribadavia, A Rúa e O Barco de Valdeorras, na provincia de Ourense; a de Redondela e Guillarei, na provincia de Pontevedra; e a de Sarria, na provincia de Lugo.

Con todo, a presión trasladada desde distintas institucións, entre elas a Xunta de Galicia, que mantivo contacto permanente con responsables estatais, e tamén a postura unánime do Parlamento de Galicia, tivo como resultado que o ADIF abandonase ese plan de peche de venda de billetes presencial nesas estacións ferroviarias.

Agora, vemos tamén como a Xunta de Galicia xa ten trasladado o seu desacordo con esta medida que afecta, entre outras, as estacións ferroviarias de, Burela, Sarria e Viveiro ao entender que non cumpre co obxectivo de ofrecer uns servizos ferroviarios de calidade e proximidade.

É evidente que esta medida non só supón un claro prexuízo aos veciños do rural, senón tamén un retroceso no obxectivo da vertebración territorial e da cohesión social, que debería guiar a acción de toda Administración pública.

Á decisión do Goberno socialista de suprimir o servizo de venda presencial de billetes en algunhas estacións, tres delas na nosa provincia, e ás continuas incidencias que hai en liñas que serven a Lugo, súmanse os novos retrasos recoñecidos para a posta en marcha en servizo do AVE que debería unir o noso territorio coa Meseta.

O informe elaborado polos técnicos da Xunta o pasado outubro xa aseguraba que as obras non ían acabar a finais de 2019, tal e como comprometeran o Presidente do Goberno, Pedro Sánchez, e o ministro de Fomento, Ábalos. E é evidente que as obras non acabaron en 2019, nin van rematar en xaneiro nin en febreiro de 2020.

Este informe tamén dicía que o AVE a Galicia non ía estar en condicións de entrar en servizo nin en 2020 nin, probablemente, en 2021 Ano Xacobeo. O Goberno socialista negouno, pero agora a Comisión Europea di o mesmo que a Xunta, que antes de 2022 non imos poder coller o AVE.

Por iso, cómpre que o goberno central presente un cronograma real e actualizado sobre a evolución das obras do AVE. Galicia leva décadas agardando polo AVE e ten dereito a coñecer a verdade.



É evidente, ademais, o progresivo deterioro do servizo que presta Renfe en Galicia. Pola nosa provincia están a circular trens con moita antigüidade. As avarías son constantes porque o material está obsoleto e iso provoca retrasos e cancelacións, e o que é máis grave, situacións de risco, como algunha das vividas recentemente.

Á vista dos incidentes, cada vez máis regulares nos servizos ferroviarios en Galicia, e especialmente en Lugo, sostemos que é necesario que a Administración responsable do transporte ferroviario tome de xeito inmediato medidas que solucionen os actuais problemas detectados.

Os cidadáns teñen dereito a ver garantidos uns servizos de transporte ferroviario de calidade e fiables, e por ese motivo resulta imprescindible tanto blindar o seu futuro como asegurar o seu correcto funcionamento no día a día.

Polo exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción para instar ao Goberno español a mellorar as infraestruturas e servizos ferroviarios en Lugo, e proponse o seguinte acordo:

Instar ao Goberno español a

- Que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Burela, Sarria e Viveiro e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nesta estacións, sen impor a administración local obrigas de financiamento dun servizo de competencia exclusivamente estatal.
- Que presente un cronograma real e actualizado sobre a evolución das obras do AVE en Galicia, o inicio do período de probas e as previsións de posta en servizo.
- Que se melloren as infraestruturas ferroviarias galegas en territorio lucense de forma que se renove o material rodante e se leve a cabo unha actualización progresiva do mesmo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Traemos hoxe esta moción pola dramática situación que padece o servizo ferroviario no noso territorio, especialmente na nosa provincia, onde se pretende deixar, ou mellor dito, xa están deixando e instalando unhas máquinas expendedoras de billetes ante o peche das taquillas.

Ofreceron inicialmente unha solución ós usuarios de adquirir os billetes a través de Correos, iso si, cun 5% de recarga no billete por riba do 1% que Renfe xa aplicou dende o inicio do presente ano.

Ante o gran malestar que provocou esta situación o Ministerio de Transporte, Mobilidade e Axenda Urbana anunciou manter dun xeito provisional este servizo mentres buscaba solucións de colaboración con Deputacións e Concellos; é dicir, que agora pretende que a administración local achegue os seus propios recursos para manter un servizo de competencia exclusivamente estatal.

Esta decisión do Goberno socialista de suprimir a venda presencial de billetes, as continuas incidencias que están sucedendo día tras día en liñas que serven a Lugo, súmase a todo isto os novos retrasos para a posta en marcha e en servizo do AVE.

Un informe xa elaborado por técnicos da Xunta avisaba de que as obras non ían estar listas no ano 2019, iso xa é unha realidade, e probablemente se cumpra o resto do manifestado en dito informe, que o AVE non entrará en funcionamento ata o ano 2022, que xa o manifestaba ata a Ministra de Exteriores, a pesares de que o ano 2021 vai ser ano Xacobeo, co que iso significa para a nosa Comunidade.

É máis que evidente o progresivo deterioro do servizo que presta Renfe en Galicia, e dende logo que na nosa provincia están a circular os trens máis antigos, con materiais obsoletos, provocando retrasos, cancelacións, e incluso situacións de risco.

Os cidadáns, os nosos veciños, a eses que representamos tódolos que estamos aquí, teñen dereito a ver garantido un servizo de transporte ferroviario de calidade e fiable. A Administración responsable ten que tomar medidas de xeito inmediato que solventen os innumerables problemas actuais, sobre todo na nosa provincia.



Por iso propomos, e esperamos que apoien os acordos desta moción, para instar ó Goberno español en primeiro lugar a que rectifique a decisión de deixar sen servizo de venda presencial de billetes as estacións ferroviarias de Burela, Sarria e Viveiro, e tome as medidas oportunas para garantir o mantemento deste servizo nestas estacións, sen impor a administración local obrigas de financiamento dun servizo de competencia exclusivamente estatal.

En segundo lugar que presente un cronograma real e actualizado sobre a evolución das obras do AVE en Galicia, o inicio do período de probas e as previsións de posta en servizo. Xa sabemos que a día de hoxe se incumpriron prazos, pois que menos que agora nos presenten un cronograma axustado á realidade, os galegos merecemos saber a verdade.

E en terceiro lugar que se melloren as infraestruturas ferroviarias galegas en territorio lucense de forma que se renove o material rodante e se leve a cabo unha actualización progresiva do mesmo, que sexa acorde ao século XXI”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“É curioso, porque estamos a favor do que piden, pero temos que darlles a benvida a estas reivindicacións, porque o Partido Popular reivindica un tren digno para Galicia cando goberna o Partido Socialista en Madrid, e cando goberna o Partido Popular se hai algún agravio con Galicia dálle igual. Tiña que encabezar isto así porque mo pedía o corpo, e senón sentiríame mal, pero no resto estamos completamente de acordo.

É grave ese peche, incluso sen que se enfaden en Burela, pero en Sarria é especialmente grave porque, como ben sabe o Sr. García, ademáis levan algunha medida nese aspecto ó Pleno de Sarria, é a porta de entrada ó Camiño de Santiago para moitos que o realizan, moita xente comeza dende Sarria e chega a Sarria a través do tren, e por tanto consideramos que non é a mellor imaxe que se pode dar dunha estación pantoasma por así dicilo.

E con isto quero dicir que cando traen algo no que coincidimos somos capaces de darlle a razón; pero si que lles digo que benvidos, e espero que o Partido Popular defenda o tren governe

quen governe, porque iso non o fixeron; cando estaba Rajoy en Madrid había atrasos no AVE e non pasaba nada, xa desmantelaron parte do tren daquela, xa viñan maquinarias antigas para Galicia, e vostedes aí non protestaban. Pero como isto é unha reivindicación coa que coincidimos no corpo da moción, reivindicacións que poderíamolas firmar nós, imos votar a favor”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Pois estamos comprobando un dos efectos positivos que ten a chegada dun goberno socialista ó Goberno do Estado, que sen dúbida é a recuperación do discurso do Partido Popular en defensa dos servizos ferroviarios da nosa provincia, porque levaban vostedes sete anos de fonda afonía, sen abrir a boca, sen lembrarse de que tamén había tren en Galicia, e de repente, ¡oh milagre!, nada máis ver unha imaxe do actual Presidente, de Pedro Sánchez no Congreso, retoman a voz, collen enerxía de novo, e utilizan isto oportunistamente, cun trasfondo tremendo, para recuperar esa reivindicación do tren, na que por certo tanto os botamos en falta nos últimos anos, nós como Partido, pero sen dúbida os veciños e veciñas da provincia de Lugo.

E eu non lle vou dar moitas voltas neste asunto señora Castro, nós imos votar en contra da auténtica manipulación que está facendo o Partido Popular con este asunto; votamos en contra da manipulación e do oportunismo do Partido Popular; porque non teño ningunha dúbida de que os veciños e veciñas da provincia de Lugo saben, e ademáis están convencidos, de que se alguén defendeu a chegada do AVE a Galicia, e se alguén se preocupou polos servizos ferroviarios nesta provincia, fomos nós; fixémoslo durante os sete anos que gobernaron vostedes, fixémoslo antes deses sete anos, e seguímolo facendo agora.

E a nós isto a verdade é que nos preocupa, porque despois de ver todo o que está acontecendo despois dese ano no que vostedes, cun goberno en funcións, intentan recuperar o discurso, despois de deixar sen executar as obras que se correspondían cos anos 2014, 2015, 2016 e 2017, que xa lles advertiu, recordo perfectamente nunha entrevista nun medio de comunicación, o Ministro de Fomento José Blanco, agora vén o Tribunal de Contas, un Tribunal de Contas que foi nomeado durante o seu goberno en Madrid, lles saca as cores de novo cun informe no que pón o

foco sobre a xestión realizada polo seu goberno, e máis concretamente por Ana Pastor, esa Ministra da que vostedes tanto presumen e encumbran.

Ese informe do Tribunal de Contas venlles dicir que fixeron unha auténtica paralización das obras durante eses catro anos, que se cometeron numerosas irregularidades, e que mesmo chegaron a poñer ó borde da legalidade as accións daquel goberno que contaba coa complicidade de Feijóo en Galicia, e cos aplausos de todos vostedes na provincia de Lugo. Eu non lembro a ningún de vostedes subindo ó tren; a imaxe máis próxima que teño nunha estación de tren é cando chegaron en coches de alta gama á estación de ferrocarril de Monforte, seguramente o Presidente se acordará mellor ca min; nin sequera tiveron a dignidade de facer a viaxe en tren para reclamar. Esa é a postura do Partido Popular, esa é a demagogia do Partido Popular.

Pero mire, falemos en serio e imos centrarnos nos tres puntos de acordo que traen nesta moción. A verdade é que eu non acabo de entender o primeiro punto, porque reclaman algo que ADIF xa vén de facer, xa se recuperou o servizo desa venda presencial de billetes en Burela, Sarria e Viveiro, e estase estudando neste momento o fluxo de usuarios nesas estacións; isto non é unha novidade senón que está dito nos medios de comunicación.

E no que fai referencia a ese cronograma, eu creo que os números son ben fáciles de botar, o cronograma primeiro hai que saber ben interpretalo, non utilízalo para facer unha mala interpretación e sesgada; se o ben interpretamos, e creo que nisto todos vostedes teñen a capacidade de comprensión suficiente, chegaremos á conclusión de que esa data fixada para o 2022 é para solicitar fondos para o AVE, estase falando polo tanto dunha planificación económica, non da planificación das obras, que segue, moi a pesares seu, fixada para o ano 2021. Eu creo que as contas son moi fáciles de botar, catro anos, 2014, 2015, 2016 e 2017, e outros catro, 2018, 2019, 2020 e 2021, chegada do AVE.

Repito, ímoslles votar en contra porque nos parece dun absoluto oportunismo o que están facendo, todo lles vale, e a verdade é que non se debe de xogar así.

Vostedes tamén piden no punto terceiro mellores infraestruturas na provincia, algunhas delas xa están comprometidas, como pode ser a electrificación da vía en Lugo, e que sen dúbida iso

vai traer despois tamén melloras nos trens. Pero, señores do Partido Popular, onde estiveron vostedes durante os trinta e cinco anos que teñen de vida algúns dos trens que hoxe están circulando?; pero sobre todo onde estiveron os sete anos que gobernaron en Madrid?, nos que nunca lles oímos falar deste asunto nin reivindicar o máis mínimo para esta provincia, onde estaban vostedes?, eu non os vin reivindicando mellores prestacións no servizo ferroviario para esta provincia.

E pouco máis hai que dicirlle señora Castro, a verdade é que é unha mágoa que veñan traer esta moción que creo que calquera persoa que vexa o pleno se dá conta do oportunismo, sobre todo polo silencio pasmoso durante sete anos, a ralentización nesas obras, que ademáis teñen un sobre custo porque vostedes o que fixeron foi anular a execución das obras, e iso agora custa cincocentos millóns de euros máis. Esa foi a súa brillante xestión”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Din que seguen a apoiar a Galicia con este servizo, pois votando en contra non o demostran. E infórmao de que acabo de viaxar en tren hai moi pouco, fíxeno moitas veces, e vouno seguir facendo, entón esa historia que nos está contando aí non sei a que vén. E en canto ós coches de alta gama cadaún terá o que poda, o meu dende logo xa ten uns cantos anos e estou moi contenta con el.

Din que non é certo que chegaran as máquinas, e resulta que xa en Sarria hai a primeira máquina expendedora de billetes, xa está en Sarria, e así o di a prensa polo tanto será que a viron. Entón eu só quero recordarlles que en outubro do ano 2019 xa trouxemos outra moción para denunciar a pretensión de Renfe de cambiar o material rodante do servizo de viaxeiros de Barcelona a Galicia por outro se cabía máis antigo, e o PSOE tachounos de alarmistas, pois velaí os resultados, imos de mal en peor, e mentres tanto os membros do Goberno de España practicando o xogo da confusión coa chegada e posta en marcha do AVE a Galicia; iso si, os servizos convencionais de ferrocarril con destino ou saída a Lugo sofren cada día incidencias polo envellecemento das infraestruturas e do material rodante; e xa a gota que colma o vaso é o peche do servizo presencial de venda de billetes en tres estacións da provincia: Sarria, Burela e Viveiro.



Recordar que xa no ano 2016 Renfe pretendía o abandono do servizo da venda de billetes presencial, e grazas a presións trasladadas dende diferentes Administracións, e a postura unánime do Parlamento de Galicia, tivo como resultado que ADIF abandonase ese plan de peche de venda de billetes presencial, e estaba tamén gobernando o PP en todas partes e opuxémonos a iso, por tanto non sei a que vén que diga que non nos opuxemos porque cando estan mal feitas hai que opoñerse esteamos onde esteamos cadaún. Agora a Xunta de Galicia xa ten trasladado o seu desacordo con esa medida ó Goberno de España para que rectifiquen a súa decisión.

E por outra banda, qué problema pode ter esixir ó Goberno de Pedro Sánchez un cronograma real da evolución do AVE?; xa non queremos máis enganar, os galegos e as galegas, e os lucenses merecemos saber a verdade e pedir que se melloren as infraestruturas ferroviarias que serven a Lugo, que deixen de ser obsoletas, é o mínimo que dende esta Deputación, co Sr. Tomé á fronte, podemos esixir, demandar este servizo ó Goberno estatal, é de xustiza para a nosa Comunidade, e en especial para a nosa provincia.

Non podemos quedar sentados mentres vemos que en vez de ir mellorando volvemos cara atrás, xa non pensamos no AVE senón para velocidades convencionais que resulten admisibles a estas alturas do século XXI na nosa provincia; ata a sociedade nos demanda esa implicación; existen plataformas: “Lugo non perdas o tren”, bastante significativo o nome que elixiron, á cal nos unimos dende o primeiro momento”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Como dicía antes benvidos; no goberno do Sr. Rajoy nada se avanzou en mellorar o servizo ferroviario en Galicia, e vostedes pouco protestaron. Falaba vostede dun acordo no Parlamento, que é verdade, pero nós no 2016 en Sarria levamos unha moción con este tema e o Grupo Popular abstívose.

Nós, como lle dicimos, aínda que nos parece demagóxica, compartimos punto por punto esta reivindicación, non imos facer o que vostedes fixeron en Sarria senón que a imos apoiar, pero

poñendo o acento en que nós reivindicamos o tren decente para Galicia, e moderno; e como vostede ben dicía, unha reivindicación tamén do BNG dende hai moito tempo, o tren de cercanías, porque non só é un problema comunicar Galicia con Madrid senón que temos moitas deficiencias nos trens de cercanías para as comunicacións internas.

Nós estivemos sempre nesa loita, e polo tanto ímola apoiar; podemos facer fincapé nesa demagogia, pero sempre que alguén queira defender un tren digno para Galicia imos estar a favor”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Como dicía, eu creo que nesta provincia sobran as palabras, aí están os feitos, houbo quen defendeu dende o principio e quen se ocultaba con respecto a este asunto das prestacións ferroviarias na nosa provincia en función dos intereses.

E repítolle, nós votamos en contra da manipulación e do oportunismo do Partido Popular, única e exclusivamente, cremos sinceramente que non é o máis atinado traer esta moción, e traela ademáis con tres puntos de acordo que xa están cumpridos. Explíqueme vostede señora Castro porque non lle vale o cronograma real que lle está ofrecendo o Goberno do Estado?, porque non lle vale que sexa no 2021?. A vostedes, que presumen moito de lealdade institucional, o que lles pasa é que esquecen autocumprir cando lles toca gobernar, e ademáis diso adícanse a esixirlle a outro, e iso non é lealdade institucional, esa da que vostedes tanto presumen, iso é desexar que o outro fracase, a ver se así subimos un chanzo e nos vai un pouco mellor, porque dende logo os resultados das últimas eleccións xerais non os acompañaron a vostedes na fortuna”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. Dolores Castro Ochoa, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Tódolos que estamos aquí imos máis aló de ser Deputados, somos Alcaldes e Concelleiros, e temos a obriga moral e legal de estar por riba dos intereses partidistas. O noso cometido é defender os intereses da provincia, dos lucenses, pero agora mesmo vostedes, os



señores do PSOE, están a defraudar ós veciños e súmanse á triple traición de Sánchez ós galegos, co IBI, o AVE, e o non aprobar o Estatuto Eléctrointensivo.

Non volvamos deixar pasar o tren, todos sabemos o que iso significa, e por desgraza a zona sur, Monforte, máis que ningunha outra zona, sábeo ben. Que non desmantelen pouco a pouco un servizo esencial na nosa provincia, necesítase para o desenvolvemento e o progreso dun territorio, o noso”.

Efectuada a votación e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 24; votos a favor, 14 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular a do Grupo Provincial do BNG); votos en contra, 10 (correspondentes aos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista). Polo que o Presidente declara aprobada por maioría a moción presentada.

11.- MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR PARA SOLICITAR AO CONGRESO DOS DEPUTADOS QUE SE INTERPELE AO PRESIDENTE DO GOBERNO SOBRE OS ACORDOS ALCANZADOS CON INDEPENDENTISTAS E POPULISTAS E SE REXEITE A ACTUACIÓN DUN PRESIDENTE QUE PACTOU CON AQUELES QUE QUEREN ACABAR CO CONSENSO CONSTITUCIONAL E A IGUALDADE DE TODOS OS ESPAÑOIS.

Logo de ver a moción do Grupo Provincial do Partido Popular a que se refire o epígrafe, do seguinte teor:

“M^a. Elena Candia López, na súa calidade de voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para o seu debate e aprobación se procede na vindeira sesión ordinaria que celebre a corporación provincial, a seguinte Moción para solicitar ao Congreso dos Deputados que se interpele ao Presidente do goberno sobre os acordos alcanzados con independentistas e populistas e se rexeite a actuación dun Presidente que pactou con aqueles que queren acabar co consenso constitucional e a igualdade de todos os españois

Exposición de Motivos:

Todo cargo público (concelleiro, alcalde, deputado autonómico ou nacional, senador, ministro ou Presidente de España) cando toma posesión do mesmo debe prometer ou xurar “pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do devandito cargo con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.” (Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas).

A pesar desta obriga legal e moral, o candidato á Presidencia do Goberno, Sr. Pedro Sánchez (deputado e actual Presidente do Goberno que prometeu “cumprir e facer cumprir a Constitución”), no seu discurso do pasado 4 de xaneiro realizou unha serie de afirmacións abertamente contrarias a algúns dos principios recollidos na nosa Carta Magna, principios que constitúen o fundamento de España como nación e como Estado de Dereito.

Entre outras afirmacións, ou Sr. Sánchez, afirmou en referencia a Cataluña que hai que “devolver á política un conflito político” e “retomar a única vía posible: a política, retomar a senda da política, deixando atrás a xudicialización do conflito e a deriva xudicial que tanto dor e tanta fractura causou en boa parte da cidadanía catalá e española”.

Tamén asegurou que “a lei por si soa tampouco basta” e que “existe un conflito político que temos que resolver” e anunciou que “vai crear unha mesa de diálogo bilateral entre ou Goberno de España e ou Goberno da Generalitat de Cataluña”.

Ademais, referiuse ao noso país como “España federal” e manifestou que somos un país no que se desenvolveron “identidades nacionais”; definiu como “cambadelas” as decisións da Xunta Electoral Central [unhas decisións amparadas pola Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral (LOREG) e que se derivan dunha sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña]. Desta forma situouse ao lado dun condenado por desobedecer as leis e non ao lado da lei e a convivencia.



Ademais, o Sr. Sánchez e o PSOE, nos pactos que subscribiron con outras formacións políticas para garantir que apoiarán, de maneira activa ou pasiva, a súa investidura comprometéronse a:

- *Impulsar, a través do diálogo entre partidos e institucións, as reformas necesarias para adecuar a estrutura do Estado ao recoñecemento das identidades territoriais, acordando, no seu caso, as modificacións legais necesarias, a fin de atopar unha solución tanto ao contencioso en Cataluña como na negociación e acordo do novo Estatuto da CAV, atendendo aos sentimentos nacionais de pertenza. (Punto 4 do "Acordo entre PSOE e EAJ-PNV")*
- *As medidas en que se materialicen os acordos serán sometidas no seu caso a validación democrática a través de consulta á cidadanía de Catalunya, de acordo cos mecanismos previstos ou que poidan preverse no marco do sistema xurídico-político. (Punto 2, apartado 4 do "Acordo para a creación dunha mesa entre o Goberno de España e o Govern de la Generalitat de Catalunya para a resolución do conflito político" asinado entre PSOE-PSC e ERC).*

Como se pode observar de todo o exposto, as afirmacións realizadas polo Sr. Sánchez e diversos apartados dos acordos asinados polo PSOE reflicten certos compromisos que, no mellor dos casos, entran en flagrante contradición co establecido na nosa Carga Magna e noutras importantes disposicións do noso ordenamento xurídico. No peor dos casos, os devanditos compromisos poderían supoñer unha vulneración das devanditas disposicións legais.

A modo de exemplo, as afirmacións realizadas polo Sr. Sánchez e os acordos subscritos polo PSOE entran en contradición cos seguintes artigos da Constitución Española:

- a indisoluble unidade da nación española (artigo 2)
- os cidadáns e os poderes públicos están suxeitos á Constitución e ao resto do ordenamento xurídico (artigo 9.1)
- os españois teñen o dereito e o deber de defender a España (artigo 30.1)
- o goberno exerce a función executiva e a potestade regulamentaria de acordo coa Constitución e as leis (artigo 97)
- o Estado organízase territorialmente en municipios, en provincias e nas CCAA que se constitúan (artigo 137)

- en ningún caso admitirase a Federación de CCAA (artigo 145)

O Sr. Sánchez e o PSOE non poden, nesta ocasión, escudarse en que as afirmacións realizadas ou os acordos subscritos son simples "recursos dialécticos" para contentar a aqueles de cuxos votos depende que o Sr. Sánchez siga sendo o inquilino da Moncloa.

E non poden utilizar esta basta escusa porque as intervencións dos portavoces de ERC, EH-Bildu e o PNV no Debate de Investidura deixaron claro o seguinte:

- Gabriel Rufián (ERC): esixiu que na mesa bilateral "se fale de todo" e iso abarcaría a "amnistía" dos presos do procés e a "autodeterminación".

- Mertxe Aizpurúa (EH- Bildu): afirmou que a Transición española foi "unha fraude" que sustentou un "pacto de impunidade" e puxo en dúbida -ao longo de todo o seu discurso - a democracia, o Estado de Dereito e a Constitución que emanaron dese histórico proceso.

Acusou ao Rei Felipe VI de autoritarismo, concretamente de "apelar á conformación dun bloque político e mediático capaz de profundar na contrarreforma autoritaria", por defender a unidade de España en outubro de 2017.

- Aitor Esteban (PNV): expuxo a necesidade de acometer "un diálogo que desemboque de maneira pactada nun acordo que modifique no seu caso o ordenamento xurídico e sexa ratificado pola cidadanía".

- Montse Bassa (ERC): Dirixíndose ao Sr. Pedro Sánchez preguntoulle: "Cre que me importa a gobernabilidade de España? Impórtame un comiño".

E ante todas estas intervencións o PSOE e Pedro Sánchez gardaron silencio e non defenderon de maneira inequívoca á súa Maxestade o Rei, o noso Estado Dereito, a nosa Constitución nin a nosa democracia.



Ante a gravidade destes acordos e das afirmacións realizadas por Pedro Sánchez, o Grupo Provincial do Partido Popular eleva ao Pleno da corporación provincial a presente moción para solicitar ao Congreso dos deputados que se interpele ao Presidente do Goberno sobre os acordos alcanzados con independentistas e populistas e se rexeite a actuación dun Presidente que pactou con aqueles que queren acabar co consenso constitucional e a igualdade de todos os españois e proponse o seguinte acordo:

- I. Instar o Presidente do Goberno para romper o seu acordos con ERC e Bildu.
- II. Instar a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados a que os seus deputados, como lexítimos representantes de todos os españois, soliciten a comparecencia do Sr. Sánchez para ser interpelado sobre os seguintes aspectos:

1. se a súa afirmación de “deixar atrás a xudicialización do conflito” implica:
 - a) reverter politicamente as condenas que a xustiza impuxo aos condenados por delito de sedición, entre outros, cando en outubro de 2017 vulneraron a lei co obxectivo de romper a nosa nación.
 - b) non actuar con toda a forza da lei e a xustiza españolas contra aqueles dirixentes políticos que, como Torra, xa afirmaron que desobedecerán as resolucións xudiciais e seguirán tentando lograr a independencia de Cataluña por calquera vía.
2. se a súa afirmación de “que a lei non basta” supón abandonar a obriga de todo cidadán, unha obriga legal e moral que se amplifica no caso dun cargo público, de denunciar delitos e comportamentos contrarios da lei.
3. como poderá cumprir o establecido nos artigos 1.2 e 92.1 da nosa Constitución (“a soberanía reside no pobo español” e “as decisións políticas de especial transcendencia poderán ser sometidas a referendo consultivo de todos os cidadáns”) cando no seu acordo co PNV unha parte de España decidiu sobre as competencias (neste caso de tráfico) doutra autonomía (neste caso Navarra) e acordou con ERC “unha consulta á cidadanía de

Catalunya - non a todos os españois- para validar as medidas en que se materialicen os acordos aos que chegue a mesa bilateral entre o goberno de España e o goberno de Catalunya".

4. se cando anunciou un "novo tempo para España" débese a que o seu goberno pretende cambiar a nosa Constitución (e con ela o noso sistema político e os principios básicos da nosa democracia) de maneira subrepticia, sen seguir os cauces previstos nos artigos 166 e seguintes da nosa Carta Magna e sen que poidan opinar todos os españois.

5. se a súa afirmación de que "se aplicará un cordón sanitario ás ideas" e a súa intención de poñer en marcha unha estratexia nacional de loita contra a desinformación significará un control por parte do goberno dos medios de comunicación (posto que o Sr. Iglesias considera que "a existencia de medios de comunicación privados ataca a liberdade de expresión") e a exclusión do debate daqueles que discrepen do goberno.

6. se a súa intención de derrogar a LOMCE leva implícita a eliminación do ensino concertado no noso país (tal e como o Sr. Iglesias propuxo en diversas ocasións) e a supresión da liberdade dos pais, recoñecida na Constitución e avalada por diferentes sentenzas do TC, de elixir aquel modelo educativo que mellor se adapte ás súas crenzas e forma de vida.

III. Instar a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados a que os seus deputados, como lexítimos representantes de todos os españois, presenten unha moción para rexeitar a actuación do Presidente do Goberno. Un presidente do Goberno que pactou con aqueles partidos que buscan romper a unidade española e acabar coa democracia e o Estado de Dereito vixentes no noso país.

IV. Trasladar este acordo a todos os grupos parlamentarios do Congreso dos Deputados e á Comisión de Peticións do Congreso en virtude do artigo 77 da CE2.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:



“Como teño intención de adicar a totalidade da miña intervención neste Pleno ós compañeiros do PSOE expresareime en galego; de ter que dar resposta a algún comentario absurdo do BNG, e de certo que así acontecerá, para así facelo xa voltarei como é mester ó castelán para respostarlles.

Decidín dirixir as miñas primeiras verbas exclusivamente ós compañeiros do Partido Socialista polo propio fondo da cuestión que hoxe traemos a debate neste Pleno, cando se pretende acadar un acordo con alguén é pouco razoable perder o tempo, e adicar esforzos, e intentar convencer a quen non gaña ren acadando un acordo, e neste asunto quen nada ten que gañar é o Bloque Nacionalista Galego, que tampouco é que gañase gran cousa apoiando a investidura de Pedro Sánchez, pero alo menos pódese sacar en procesión a un señor da Coruña que ,con menos de dezanove mil votos, vai pola vida dicindo que é a voz de Galicia en Madrid. Non temos a posibilidade de que acadaran algún acordo para manter por exemplo as empresas que temos en Galicia, pero si que imos sintonizar a radio portuguesa; non sei se iso é exactamente o que nos interesa ós galegos.

Que ten que gañar un político do PSOE apoiando a moción que hoxe traemos ó Pleno?, dignidade, dignidade intelectual e sobre todo dignidade moral; velaquí o motivo polo que intentar chegar a un acordo do BNG neste tema é perder o tempo.

Un fica acostumado a que no PSOE a dignidade sexa un termo baleiro de contido real, non hai que saír deste Salón de Pleno para atopar exemplos disto, mentres no resto do mundo os barcos afunden o PSOE lugués dí que a auga lles pase por riba. Mentres votan reiteradamente a favor da construción dun novo pavillón polideportivo na miña cidade, nada fan. Mentres se lles enche a boca falando de progresismo pactan cos retrógrados da extrema esquerda. Mentres din ser un Partido español conforman o máis caro goberno da historia cos separatistas; hoxe mesmo escoitamos falar en contra da externalización de servizos a quen defendía que os traballadores de Suplusa deixen de traballar para a Deputación.

De escoitar en vostedes, compañeiros e compañeiras, socialistas e sociolistas, os argumentarios e argumentarias que lles veñen de Madrid, abofé que non acadarei o noso obxectivo

de chegar a un acordo neste asunto; e por iso pídolles que saquen as orelleiras ideolóxicas, alo menos por estes intres pasaxeiros, e fagan caso ás verbas do portavoz do Partido Nacionalista Vasco no Congreso cando o outro día, nesta mesma cidade, dixo que cumpría poñerse no lugar do outro; que pensan vostedes que postos no lugar do outro estarían vostedes a ver?, chamarlle progresismo ó comunismo, negar a soberanía nacional, e mesmo a independencia do poder xudicial, plantexar unha modificación lexislativa para poder facilitar un indulto encuberto a criminais condenados.

Porque o dilema moral non o vai ter Bildu, nin Esquerra, nin o Bloque, compañeiros e compañeiras, eles canto peor mellor, pero e vostedes?, non teñen ningunha dúbida?, ningunha vacilación?, ningún problema con todo o que pasou arredor da investidura e o que segue a pasar agora mesmo?, de verdade non teñen vostede escrúpulo ningún?, abofé que non podo crelo.

Trescentos setenta millóns de euros dos galegos retidos a Galicia e que te chamen rico, soamente a estes se lles ía subir os impostos por ir cos pícaros a McDonald's nun coche diésel, o Presidente do Goberno querendo reunirse en pé de igualdade cun delincuente condenado, u-la súa vergoña?.

Anunciar as modificacións legais para favorecer a política ós condenados, levar ó país a unhas novas eleccións xerais, porque non se podía durmir pensado o mesmo co que de segundas bastaran unhas poucas horas para achegar os abrazos, falar de feminismo e nomear tres Ministros para levar as competencias que ata entón levaba unha soa muller, non lles causa rubor?.

Saberse secuestrado pola extrema esquerda e os separatistas ata o punto de votar no Parlamento Europeo en contra de investigar os crimes da banda terrorista de esquerdas ETA, que se atopan sen resolver. Mulleres que mandan ós seus fillos a colexios relixiosos dicíndolle ós fillos dos obreiros que non poden ter o mesmo dereito. Todo o que está a acontecer arredor do Sr. Ábalos. E que non teñen vostedes pudor?.

Son vostedes dez neste Salón de Plenos, unha representación realista do PSOE na provincia, xente con experiencia, xente moza, chega con que, ía dicir un, pero hoxe por circunstancias dous, dous de vostedes digan que si, han voltar vostedes a Trabada, a Antas, a



Pedrafita, a Castroverde, Xermade, Ribeira de Piquín, votando que non hoxe?, non hai en todo o socialismo lucense ningún Emiliano?, unha voz que se alce en contra disto que está pasando?; entre todos vostedes non dan xuntado un 10% de dignidade?, eu non son quen de crelo”.

A continuación intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Vou tratar de ser máis educado que o Sr. Poy, non sei se pretendía ser gracioso, porque ó mellor se segue así nalgunha canle destas afíns a VOX pódeno contratar como humorista porque ten a súa graza ás veces sen pretendelo.

Teño que empregar deste xeito porque despois dunha cousa así é difícil ir a cuestións políticas, eu quería facelo pero é complicado. Se algún día deixa a política, que por mín pode seguir con discursos coma este, sempre lle queda o salto a VOX porque co que acaba de dicir están aí codo con codo, ou incluso máis para aló.

Despois de todo isto de “España afúndese” e estas cousas que lles gustan moito a vostedes, o que houbo, e vou ir á parte que lle molesta que é o acordo do BNG co Partido Socialista, que xa lle molestou ó Presidente da Xunta que se chegara a acordos beneficiosos para Galicia; por exemplo acaban de dicir que trouxeron unha moción, 50% de aportación do Estado e 50% a Xunta; pois ese señor da Coruña, ese aldeán da Coruña, foi o que negociou co Partido Socialista e chegaron a un acordo de que ó longo desta lexislatura se vai facer a aportación do 50%.

Pero tamén trouxeron todas mocións co tema de Alcoa e incluso co tema de As Pontes, e tamén foi unha das cousas que preocupou nesa reunión entre o BNG e o Partido Socialista, e propuxéronse solucións, haberá que cumprilas, pero o texto íntegro válelles ás empresas electrointensivas, e tamén se abordou como facer esa transición na comarca de As Pontes, que nos afecta de rebote en sitios coma Vilalba.

E dicía antes que nós pintamos non sei que; aquí faltoulle falar de ETA, supoño que será agora no segundo discurso cando cite ETA e Venezuela; pero nós ó que nos adicamos é a intentar conseguir cousas para Galicia, e todo o documento que fixemos público ía un por un ós problemas

de Galicia, e foi moi positivo, e a vosetedes moléstalles; e non entenden tampouco a democracia porque lles parece antidemocrático que un goberno xunte os votos necesarios para gobernar, pero iso é o que saíu das urnas.

Eu sei que se por vostedes fora teríamos a Espinosa de los Monteros de Ministro do Interior poñendo un muro máis grande cao de Trump, pero non foi así porque a xente non quere a extrema dereita. E doulle un consello se o queren coller, na extrema dereita xa está VOX, sigan intentándoo que van ter que cambiar o azul polo verde.

E pouco máis que dicir, poque se sigo ó mellor entro no ton que entrou o Sr. Poy e non quero, porque neste Pleno sempre tratei de ter un ton educado e correcto, e algunhas afirmacións que fíxo se entro a debatelas perdería as formas e non quero facelo”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“A verdade señor Poy é que para intentar que aquí se esquezan algunhas cuestións partidistas nos debates sería interesante que o Partido Popular deixase de traer únicamente propostas puramente partidistas ó Pleno. Pero eu entendo que resulta humano recorrer ós grandes conceptos para intentar ocultar as pequenas miserias, adoita pasar así, pero moitas veces o que se obtén é o efecto totalmente contrario, e cando máis elaborada resulta e canto máis rimbombante é a cortina de fume, ás veces máis en evidencia deixa ver o que se intenta tapar.

Se botamos contas da súa moción en números, dicimos que ten cinco páxinas, 2029 palabras, e 12532 caracteres, pero todos eses números son moi fáciles de resumir, e resúmense nun só numero, o 89, que é o apoio que non lles permite gobernar en Madrid nin sequera coaligados cos seus novos socios da extrema dereita, un apoio que non acompasa ben esa permanente ensoñación que teñen vostedes de representar a España, de que son vostedes os únicos que representan ós españois, vostedes os únicos que defenden España e os que saben escoitar as súas necesidades. Eu non dubido do gran amor que vostedes senten por España, pero parece que España neste momento non valora igual as atencións que vostedes lle están ofrecendo, ó mellor teñen que pensar en establecer unha relación cunha clave un tanto máis actual.



E supoño tamén que esta moción vén aquí froito de que como non hai Deputados suficientes en Madrid, nin moita idea de como artellar unha oposición cos que teñen, os ideólogos de Génova pensan que presentando mocións coma esta en Concellos e en Deputacións dan a sensación de que son moitos máis, multiplican o efecto de que hai un clamor en contra do novo Goberno e de que o país está nun sinvivir; e eu creo sinceramente que quen está nun sinvivir son vostedes, principalmente o Sr. Casado que nin tivo os resultados que perseguía, nin foi quen de facer autocrítica, nin está demostrando ter nada que ofrecer como suposto lider da oposición, por certo un papel que parece feliz de cederlle ó Sr. Abascal, o seu novo socio.

Pero tratando de cinguirnos ó asunto do Pleno, igual tamén é que a vostedes se lles fai pequeno isto de ser Deputado Provincial por Lugo, pero o que están conseguindo é pervertir as institucións. Hai que ter presente que os veciños da provincia de Lugo xa votamos, e xa eliximos os nosos representantes nas Cortes, no Congreso e no Senado; e eses son os que teñen que apoiar ou rexeitar as accións do Goberno, teñen que traballar nas comisións, teñen que interpelar ó Presidente e ós Ministros, teñen que traballar na xunta de voceiros. Ou ben vostedes lle están facendo a cama dalgún xeito a quen os representa alí, ou é que xa non funcionan, ou senón explíquenme a mín que fan Jaime de Olano ou Joaquín García en Madrid?, igual vostedes o que intentan é facer méritos, non o sei, a verdade é que isto é un tanto sorprendente.

E agardo que non me tomen isto a mal, pero realmente o que se agocha detrás de todo isto é unha clara intencionalidade de ter mañá algún titular no que se diga que a Deputación de Lugo non pode ser allea a ameaza que Pedro Sánchez supón para a unidade de España, ou calquera cuestión deste tipo coas que a vostedes lles gusta ser tan espectaculares.

E a verdade é que temos falado de moitas cousas pero tamén me vou quedar só cunha frase de toda esa moción de cinco páxinas que nos traen pensada en castelán por alguén de Génova, e vai ser a seguinte: “a lei por si soa tampouco basta”, e voulle dicir que moitas veces aquí e en tódolos Plenos dos concellos se fala de que a lei por si soa non basta, e voulle dicir porqué. Claros exemplos, un tivémolo nada máis comezar este Pleno, violencia de xénero, vostedes cren que a lei por si soa basta?, cómpre o diálogo e o entendemento. Sancións e accidentes de tráfico, chega coa

lei?, non, fai falla un labor de concienciación social. Cambio climático, chega só con aplicar unha lei?, eu creo que non, e estou convencida de que vostedes tampouco.

E ó igual ca nesas cuestións, creo que en todo isto co que están sendo tan demagóxicos e oportunistas, a educación, o diálogo, e a concienciación non só son necesarias senón que son imprescindibles, e ademáis deberían aplicarse unha importante dose de prudencia en todo o que están dicindo, porque para todos hai; e vostede falaba de dignidade na súa intervención, e o único que falou catalán na intimidade en España foron vostedes, foi o Partido Popular por boca de Aznar; e para nota é que ademáis o único que lle chamou movemento de liberación vasca a ETA foi tamén o Partido Popular, por boca da mesma persoa, de Aznar.

Eu non sei se vostedes son a dereita, a derechita covarde, a derechita valiente, pero a verdade é que non entendo a que vén traer este tipo de iniciativa a un Pleno da Deputación Provincial, ademáis de ningunear absolutamente ós seus representantes lexítimamente elixidos nas Cortes tanto para o Congreso como para o Senado”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, cuxa intervención se realiza en castelán, non obstante en cumprimento da Ordenanza do uso do Galego na Deputación, se traduce e transcribe ó idioma galego, no seguinte sentido:

“Paso ó castelán entón porque é o idioma que entenden os meus compañeiros do Bloque.

VOX, cinco mencións a VOX, un Partido que ten menos representación en Galicia ca vostedes concelleiros en Chantada, e sen embargo foi o eixo arredor do cal xira o seu discurso, imos falar de VOX, imos falar de VOX, que ven ser: “non teño nada que dicir a isto e entón teño que falar de algo que non hai en Galicia”. Que vostede moito falar de Galicia pero esquece a realidade que temos aquí.

E un apunte, eu non lle chamei aldeano absolutamente a ninguén, é vostede o que chama aldeano a Néstor Rego, teralle que explicar a el porqué, ou en que sentido llo di.



Di vostede que o texto dos acordos válelle ás empresas electrointensivas, pero eu non estou de acordo, o texto non vale nada o que valen son os feitos, e os feitos de momento non existen.

E agradeceríalle, dado que tiven que escoitalo a vostede acerca da nosa falta de sensibilidade cada dúas palabras que dixó, que teña tamén vostede un pouco de sensibilidade con nós e me escoite cando lle falo, porque si, nomeei a ETA, non o vou facer agora porque xa o nomeei ó principio.

Tamén dicía algo así como que nós nos opoñemos a que se acaden cordos, de momento a única oposición que houbo a que se acaden acordos de goberno é da esquerda ós acordos de goberno que acada por exemplo o Partido Popular con Ciudadanos alí onde quería seguir a esquerda gobernando”.

Continúa o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco a súa intervención en idioma galego, no seguinte sentido:

“Pasemos logo ó galego. Como dicía antes temos en Madrid máis representantes que concelleiros o Bloque en Chantada, e non lle escoitei a vostede, señora Pilar, absolutamente nada ó respecto dese tema.

Fala de que non chega coa lei e que hai que facer máis cousas, e estou totalmente de acordo, por exemplo podíamos ter a vontade de illar as posturas extremistas na política, e sen embargo vostedes non queren pactar co Partido Popular, non queren escoitarnos.

E despois o tema que me contaba vostede das aspiracións políticas porque se nos quedaba curta a Deputación; vostedes non saben facer na Deputación máis que falar da Xunta, igual é que vostedes tamén teñen aspiracións a estar nas listaxes ao Parlamento de Galicia na próxima convocatoria de eleccións de Feijóo”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, para dicir o seguinte:

“Dicíalle antes, señor Poy, que podía aspirar a monologuista pero tamén pode aspirar, con este xogo que fai co idioma, a Gonzalo Pérez Jácome, copie iso, copie os seus socios de goberno máis ilustres, que lle vai ir moi ben.

Pedíame explicacións por chamar a Néstor Rego aldeán, chámollo porque o é, e porque o leva con orgullo, el mesmo presume diso, naceu nunha aldea da Mariña de Lugo; se a vostedes iso lles parece un insulto fáganse ver, pero nós levámolo con orgullo; descúlpeme di que dixo ETA, pois pídlle perdón por iso.

Pero ante esta moción, e este rolo de “España afúndese” o que hai é unha serie de acordos, ó que chegou o Bloque Nacionalista Galego para a investidura co Partido Socialista é unha serie de acordos moi positivos para Galicia; vostede di que son texto, pero foi antonte, se queren que transformemos todo o que non foron capaces de arreglar vostedes en dous días, nós imos estar vixiantes de que se cumpra ese pacto, pero evidentemente temos que dar tempo a que se poda levar a cabo o pacto.

Ademáis ese pacto, aínda que sexan só as palabras, é moito máis do que conseguiu o Presidente Feijóo en dez anos, e moito máis do que conseguiron os seus parlamentarios en dez anos. Entón incluso as palabras son importantes, incluso que se poña nome e solucións en palabras ós problemas de Galicia é importante; para vostedes é máis importante traer esta moción, que é difícil de ler, dicindo que se pacta con non sei quen; tódolos pactos que houbo son con Grupos legais que obtiveron a súa representación, e con varios deses Grupos vostedes pactaron cando lles fixo falta, eses son malos cando non lles fan falta a vostedes.

Por tanto nós imos seguir tratando de solucionar os problemas, vostedes sigan por esa liña, traian mocións deste tipo que non nos importa debatelas, pero os problemas dos galegos e das galegas non é que vostedes consideren rompedores da patria a un Partido ou a outro, os problemas son a Galicia que nos vai deixar os dez anos de goberno de Feijóo, eses son os problemas. Agora a vostedes divírtelles xogar á ultradereita, pois xoguen, non pasa nada, sigan por ese camiño que van moi ben nas enquisas”.



A continuación intervéñ a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“O certo é que esta moción a min ségueme a ter sorprendida, e ademáis sorpréndeme que creo que vostede non entende ben o que di; a verdade é que eu ó principio pensei que vostedes crían que tiña que vir Pedro Sánchez comparecer aquí á Deputación, despois deime conta lendo a moción de que non, de que estaba redactada dende Génova, probablemente con pensamento moi diferente ó que poden ter vostedes dende aquí.

Logo veu o Sr. Poy falarnos de dignidade política e de illar determinados ISTAS que hai en España, e a verdade é que isto vindo de vostedes que se lles enchen tanto a boca coa Constitución, e que se lles enchen tanto a boca coa unidade de España, é curioso porque deseguida esquecen, como levamos vendo ó longo de todo o Pleno de hoxe, o que foron; e por máis que nos guste ou non nos guste, todos temos orixes, e todos temos comportamentos ó longo da historia, e os Partidos Políticos tamén. E neste país cando se aprobou a Constitución, esa coa que tanto se lles enche a boca ultimamente, aqueles ISTAS, comunistas, como era Carrillo, votaron a favor da Constitución, e algúns, que non eran ISTAS, abstivéronse, como o Sr. Fraga Iribarne, que daquela estaba en AP, que foi a formación antecesora ó Partido Popular.

Vostedes falan dos comunistas, pero non esquezan o que traemos de atrás, todos traemos de atrás, para o bo e para o malo, pero deberían ter presentes algunhas coma estas, pero deberían ter outras tamén. Mire, cando vostedes ameazan con que se rompe España que leva rompendo non sei canto tempo e aínda estamos aquí, e non ten aspecto de que vaia romper nin de que sexa tan fráxil, vostedes deberían lembrar que cando gobernaron a dependencia foi a menos, os impostos foron a máis, os ricos foron máis ricos, e o número de pobres neste país ampliouse. Dende logo isto non o fixeron os ISTAS, eses ós que se refiren vostedes, nin sequera os socialistas.

Entonces, en busca dese consenso institucional do que vostedes enchen tanto a boca, eu pediríalles que, sinceramente, deixen este tipo de iniciativas no Pleno da Deputación porque, como lles dixen ó principio, como forza política eu creo que os ridiculiza, e sobre todo porque están ninguneando a uns compañeiros seus que foron lexítima e democráticamente elixidos, e que teñen as súas funcións e as súas obrigas en Madrid, deixenos traballar, que é o que teñen que facer.

Dende logo neste tipo de consenso e de unidade non nos van encontrar a nós, e moito menos no Pleno da Deputación”.

Intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, quen manifesta o seguinte:

“Compañeiros socialistas, non sei se se decatan vostedes da diferenza que hai entre o que din e o que fan; precisamente vostedes que en tódolos Plenos falan da Xunta, acúsannos a nós de ningunear ós nosos representantes en Madrid, vostedes logo están ninguneando ós seus representantes no Hórreo?, ou é que realmente ó que aspiran é a substituílos?, como vostede mesma di non sei a conto de que.

Entendo logo que non teñen vostedes intención de atender a unha chamada cara á dignidade, parece por desgraza que do Partido Socialista dos tempos de Alfonso Guerra o único que lles manteñen aínda é aquilo de que “o que se move non sae na foto”.

Rematado o debate, efectuada a votación, e verificada a mesma, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos, 24; votos a favor, 11 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara rexeitada por maioría a moción presentada.

A continuación intervén o Sr. Presidente, quen se manifesta no seguinte sentido:

“Antes de pasar á parte de control e fiscalización teño que dicir algunhas cousas, porque a verdade é que non se pode consentir a provocación deste tipo que acaba de ocorrer aquí hai un rato, e permanecer impasibles.

Eu non sei quen lle escribiu a súa intervención pero de verdade que estaba inspirado e acertoulle co ton. E dende logo eu creo, señor Poy, que esa non é a intervención das máis educadas que eu teño visto en política, e xa teño visto unhas poucas. Se así pensa que vai gañar méritos vostede saberá como é no seu Partido, pero a vida non é así.



Mire, España non se rompe, agás que a rompan vostedes, porque xa leva aguantado bastantes golpes de vostedes; non sei se vostede lembra, aínda que creo que non porque para iso hai que ter memoria, cando os franquistas dicían: “arriba España”, os obreiros dicían: “o que a tirou que a levante”; pois os que a queren tirar, que son os que levan o diñeiro para o estranxeiro, eses son os pais da patria, os que tanto queren a este país, pero que escapan coa riqueza deste país, eses non son os dos ISTAS, son outros; son aqueles que botan as mans á cabeza porque alguén cobre novecentos euros e vive por riba das súas posibilidades, porque iso distorsiona a economía, iso é tremendo!, como van cobrar 900 euros?.

Ría moito cando alguén falaba no tema da suba dos impostos, pois as hemerotecas están aí, e ás veces amosan o que a un non lle gustaría ver; pero eu si que recordo ó señor Presidente do Goberno, D. Mariano Rajoy Brey, dicir na tribuna do Congreso dos Deputados “dije que iba a bajar los impuestos y los estoy subiendo”, exactamente esa foi a literalidade. Recordo cando recollía firmas en Madrid con Esperanza Aguirre “NO MAS IVA”, e logo pasouno do 18 ó 21, iso é baixar os impostos claro está, fíxoo D. Mariano, como vai ser iso subir os impostos!, iso é baixalos.

Éncheselles a boca de falar da Constitución, coma se fora súa, cando nin a votaron, pero agora é de vostedes; iso si, os demais non podemos pactar con nacionalistas, os que lle chaman vostedes “independentistas”, etc, pero vostedes si que poden pactar cos fascistas, con eses si, cos que queren eliminar as autonomías, co que di que as mulleres que morren é cousa intrafamiliar; que lección queren dar vostedes señor Poy?, francamente van ter que explicarmo durante moito tempo porque, aínda que son bo alumno, estas cousas non as dou entendido.

E mire, como é o constitucionalista, dicirlle que eu recordo perfectamente ó señor Arzallus, en paz descanse porque xa morreu, que dixo que tiña conseguido máis para Euskadi nunha reunión con Aznar ca en catorce anos con Felipe González, e isto non o di o Partido Socialista senón que o dixo o Sr. Arzallus, algo lle darían; por certo, nos últimos presupostos que aprobou o Partido Popular cincocentos millóns para os vascos, iso aprobábase por interese xeral de España, e eles levaban un premio de cincocentos millóns de euros.

En canto a Cataluña, os únicos que falaron neste país catalán na intimidade foron vostedes, os demais nunca ninguén dixo que falaba catalán na intimidade, o Presidente do Goberno de España do Partido Popular, señor Aznar, si, e paréceme moi ben, como se quere falar vasco ou inglés, aínda que inglés non falaba, sin embargo o actual Presidente do Goberno si que fala inglés e non lle fai falla tradutor, ós que había antes si.

Na etapa de Felipe González cedulle ós cataláns o 15% do IRPF, e daquela xa para o PP era romper España; e chega Aznar e xa non se rompía nada, pasa do 15 ó 30, cedulle outro 15% ata que chegou ó 30% de IRPF que é o que ten hoxe cedido Cataluña, e iso non o fixeron os ISTAS.

E xa é para nota cando o Sr. Aznar, que está gravado en televisión, negociou con ETA, porque se lles enche a boca coma se só vostedes tiveran mortos de ETA, cando precisamente os que máis teñen son os socialistas, e non é para poñerse medallas, lamentablemente esas persoas morreron a mans duns desalmados, por tanto tódalas vidas valen igual, sexan do PP ou sexan do Partido Socialista, e por tanto iso si que non o deberíamos utilizar pero hai quen o utiliza. E mire, o Sr. Aznar, e está gravado, foi o único Presidente do Goberno deste país que lle chamou a ETA “Movimiento Nacional de Liberación Vasco”, MNLV.

Iso son os españolistas, son os que defenden a patria, e agora porque BILDU, que non mata a ninguén, está nas institucións, eu recordo cando dicían “que deixen as armas e que participen na política”, pois foi o que pasou, que por certo deixaron as armas cando presidía o Goberno Zapatero; e anunciouse por ETA nun acto da Uned en Lugo cando estaba o Ministro portavoz nese acto aquí en Lugo, e tivo que deixar o acto para ir facer unhas declaracións porque se acababa de saber o comunicado de ETA, e estaba eu nese acto daquela como Deputado do Parlamento de Galicia; por tanto as cousas hai que poñelas sobre a mesa.

Así que señor Poy eu cambiaría un pouco de mensaxe, porque ademáis non vai a ningures con iso, a xente da rúa iso non llo compra, pódeno mercar os seus máis achegados, tódolos Partidos teñen aqueles catro máis próximos que lle aplauden todo, pero a gran maioría da xente, o cidadán normal de a pé que non está afiliado a ningún Partido non llo compra; así que eu non poñería máis tendas dese tipo, porque igual non vende moito.



E claro, vostede provocou que eu teña que facer unha reflexión máis sobre dúas cousas: por un lado sobre o tren e por outro lado sobre a sanidade.

Señora Castro, eu non dubido da súa boa fe, pero vaia por diante que o seu desexo non é superior ó meu e ó do Partido Socialista en canto a desexar o mellor tren para Lugo e para Galicia, niso non nos gaña vostede, sabe porque?, porque cando goberna o Partido Popular paraliza, e cando goberna o Partido Socialista constrúe, esa é a diferenza. E non o digo eu, o dixo o Tribunal de Contas, un Tribunal designado cando gobernaba o Sr. Rajoy, tocou renovalo naquel momento, por certo que o Partido Socialista cando está na oposición non bloquea a renovación das institucións, o PP si, agora tócalle renovar ó Consejo General del Poder Judicial e non queren vostedes pactalo.

Pero o Consello de Contas di que a señora Pastor cancelou 109 contratos, deixáronse de investir máis de tres mil cincocentos millóns de euros, houbo que pagar en indemnización ás empresas afectadas máis de cincocentos millóns de euros; o ADIF no informe anual do ano 2016 non tiña conseguido ningún dos obxectivos previstos, isto díoo o Tribunal; e dende logo paralizaron as obras do AVE, agora a culpa é do Partido Socialista pero quen as paralizaron foron vostedes anulando os contratos. E xa non falemos da intermodal de Lugo, que pola porta de atrás metérono no caixón, estivo dous anos caladiño ata que soubemos que o tiñan rompido tamén.

Pero señora Castro, agora parece que os trens cumpriron trinta e cinco anos de repente, antes non cumprian anos pero neste ano cumpriron case que tódolos días; vostedes gobernaron sete anos atrás, estes levan só un ano, que pasa?, que os trens daquela estaban relucientes, pintados, andaban de marabilla, e nun ano escacharraron totalmente?, pero a quen queren enganar?. Vostedes non fixeron nada, estes levan pouco tempo e ó mellor non farían moito pero terán que facelo; e iso é o realista, iso non é enganar.

E dende logo que vaian vostedes á estación de Monforte a min faime graza, porque hai uns dez anos aproximadamente houbo outra reunión en Monforte moi parecida, daquela era pola A-76, e eran os mesmos, estaba dona Raquel, estaba o señor Celso Delgado de Ourense, e bastantes representantes públicos do Partido Popular, e naquel momento dicían, e está aí a hemeroteca, que da A-76 se podía contratar ó mesmo tempo o proxecto e as obras, iso si, aínda non había estudo

informativo, pero Zapatero foi tan malo que non o fixo; viñeron os bos, o Partido Popular, sete anos de goberno, e aínda non hai contratado nin un metro de autovía; entonces quen era peor o Zapatero daquela que lle quedou un ano e pico e non o fixo, ou os outros que gobernaron sete anos e non fixeron nada?; é máis, quedou ó final o estudo informativo sen aprobar.

E falaba vostede de enganar ós galegos señora Castro; mire, con todo o cariño do mundo, fale vostede con dona Ana Pastor que foi a que paralizou todo isto, e sabe perfectamente como se engana.

E logo nomea vostede tres cousas: IBI, AVE, e electrointensivas. Mire, ano 2012, Ministro Montoro, decreto para rebaixar a débeda dos concellos, IBI mínimo 0,60%, os que tiñan o 0,40 coma no caso de Monforte, pasamos ó 0,60, por obriga legal, era para pagar as facturas que se dicía daquela.

Logo fala vostede do AVE, ó que xa lle contestei.

En canto á electrointesiva, señora Castro, este goberno ten que resolver, e para iso está, eses temas, pero isto non é novo, isto vén de atrás igual có do carbón, e non quedou do goberno anterior en sete anos nin un só borrador.

E para rematar, en canto ó tema da sanidade dicía literalmente o señor Castiñeira: “a vostedes non lles gusta escoitar estas historias”; e ten razón señor Castiñeira, sabe porqué?, porque son historias, se foran cousas reais si, pero como son historias non é a mellor cousa escoitar iso.

Di vostede que en sanidade non lle podemos dar leccións, evidentemente non, na privatización non, pregúntelle ós 30 xefes de servizo que demitiron en Vigo, ó que dimitiu en Verín, pregúntelle ós de primaria, pregúntelle a todos, e seguro que non lle dan leccións, unha non, moitísimas máis leccións.

E despois o tema de Verín xa é para nota; vostede dicía que a nós nos fastidiaba que reabran o paritorio do hospital de Verín, e eu pregúntolle: quen llelo mandou pechar?. E se non fora porque é un tema moi serio, porque estamos falando da sanidade que nos pode afectar a



calquera de nós, parece que vostedes están gravando a rodaxe da empanadilla de Móstoles, parece que están rodando algo de humor.

En con respecto ó tema da información reforzada, isto si que é grave, ou sexa que ás mulleres de Verín, pero só ás de Verín, hai que darlles esa información reforzada, en que consiste esa información?, é unha advertencia para dicirlles que os médicos son malos?, que non as van atender ben?, que os pediatras non serven?, que é iso de información reforzada?; lóxicamente vostede non o saberá e habería que preguntarllo á Xunta, pero se o pode transmitir sería bo que souberamos todos que é iso da información reforzada. Sabe como se chaman os médicos de Verín?, pois eu si, estes que acaban de contratar sei como se chaman, chámanse “eleccións autonómicas”, ese é o nome dos pediatras de Verín. E ó final un non sabe se as mulleres de Verín paren doutra maneira có resto das mulleres, e por iso lle fan vostedes esa información reforzada.

Así que sinceramente eu creo que este tipo de cousas hai que tomalas máis en serio, e sobre todo non tratar de insultar e ofender ós demais, porque un pode defender tódalas posicións políticas dende a tranquilidade, dende a serenidade, e polo tanto empatizando cos demais, e non insultando nin ofendendo, cadaún dende o plantexamento que queira. Polo tanto se nos respectamos todos estou seguro de que isto irá moito mellor, incluso para a sanidade galega e tamén para o tren”.

PARTE DE CONTROL E FISCALIZACION

12.- CONTA DAS RESOLUCIONS DA PRESIDENCIA, ADOPTADAS DURANTE O MES DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia ditadas dende o día dous ao trinta de decembro de dous mil dezanove, e que figuran inscritas no Libro de Resolucións numeradas dende o 4172 ao 4634. O Pleno da Corporación queda enterado.

13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

ASUNTOS DE URXENCIA

Intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Nesta mesma mañá rexistrouse unha moción do Grupo Provincial do Partido Popular por urxencia, que no seu título di:

Moción de urxencia de apoio ao setor mar-industria alimentario da comarca de A Mariña fronte ó proxecto de reforma da lexislación de costas.

Isto, como vostedes saben, require sometela a votación para ver se se acepta ou non a urxencia.

Simplemente a título informativo, e para que o saiban tódolos membros da Corporación, preguntei se se estaba a modificar este Regulamento que vostedes citan aquí, e dinme que non está en renovación ningún regulamento. Polo tanto con esta información sobre a mesa votamos a urxencia para aceptar ou non aceptar a iniciativa”.

Por parte da Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, pregúntase ó Sr. Presidente se vai dar voz ao Grupo propoñente para que defenda a urxencia da moción.

O Sr. Presidente maniféstalle á Sra. Deputada que lle da a palabra ó Grupo Provincial do Partido Popular para a defensa da urxencia.

Intervén o Sr. Deputado D. José Jesús Novo Martínez, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Creo que ó Presidente informáronlle mal, efectivamente aínda non existe o Regulamento pero si é certo que hai un borrador, e senón pregúntenlle vostedes ás empresas que llo están aplicando, ás empresas que pediron a prórroga e llo están aplicando. Entónces quere dicir que si que existe.



A urxencia precisamente está baseada nestas empresas que, para quen non o saiba, temos exactamente na provincia de Lugo un mínimo de douscentos dez traballadores que están afectados por este borrador, que son a piscifactoría de Xove de Pescanova, e outra piscifactoría que hai en San Ciprián; así como a cetárea de Ribadeo, e hai máis.

Entonces a urxencia entendemos que é porque están aí uns postos de traballo, se vai pasar igual que pasou coas outras dúas empresas que lles aplicaron o regulamento que aínda non existe, e teño datos para dicilo despois se vostedes aceptan a urxencia. Por tanto máis que nada é intentar que antes de que saquen ningún tipo de lei non ocorra o que pode ocorrer.

Eu creo que é bo día hoxe para poder inténtalo, e entendo que é algo que nos concerne a todos, alo menos e como mínimo na provincia de Lugo, en canto a eses postos de traballo”.

A continuación intervén o Sr. Presidente, no seguinte sentido:

“Quero aclarar unha cousa señor Novo; vostede di que se está aplicando un borrador, e os que saben algo de dereito, máis ca min, saberán que un borrador non se aplica, unha norma aplícase cando é firme. Polo tanto se non existe non se aplica. É curioso, aquí non queremos que exista e sen embargo na electrointensiva queremos que exista, fíxense na contradicción. Pero en todo caso se é un borrador, e se algún día existe como tal regulamento afectaralles pero mentres non sexa non afecta”.

Intervén o Sr. Deputado D. Efrén Castro Caloto, voceiro do Grupo Provincial do BNG, no seguinte sentido:

“Traen unha moción sobre un borrador que nin vimos nin sabemos se existe; e como nos parece un tema serio como para posicionarnos sen ter coñecemento del, nós imos votar en contra da urxencia para poder lelo e ter unha postura sobre iso”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Moi brevemente xa que o único que consta ata agora é que o Goberno tomou a decisión de non proseguir coa tramitación do proxecto do Real Decreto para un novo regulamento de costas. Na actualidade non está en trámite ningunha modificación do Regulamento Xeral de Costas, e o actual marco legal regulatorio de dominio público marítimo terrestre, e das concesións nel situadas, é o que está conformado pola Lei de Costas e o Regulamento Xeral de Costas aprobados polo Partido Popular no goberno de maioría absoluta de Mariano Rajoy. Polo tanto a nosa posición vai ser en contra da urxencia”.

Rematado o debate, efectuada a votación da declaración de urxencia, dá o seguinte resultado: votos válidos emitidos: 24; votos a favor, 11 (correspondentes ós señores Deputados do Grupo Provincial do Partido Popular); votos en contra, 13 (emitidos polos señores Deputados do Grupo Provincial Socialista e do Grupo Provincial do BNG). Polo que o Presidente declara que queda rexeitada a inclusión na Orde do Día da moción presentada.

14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

O Sr. Presidente manifesta que hai dous Rogos e duas Preguntas do Grupo Provincial do Partido Popular, máis outro Rogo presentado no día de hoxe, que se tratarán a continuación.

R O G O S

Primeiro.- Relativo á realización de obras de mellora e acondicionamento da LU-P-3103 Lindín (LU-124) Santa María Maior-LU-124 e ramal ao campo do Castro, no concello de Mondoñedo.

Intervén, para formular o Rogo, a señora Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Estes son dous trozos que están pendentes de arranxo, esta, e o seguinte Rogo tamén, especialmente o seguinte Rogo que une os dous concellos, e moi empregada polos veciños tanto de Abadín coma de Mondoñedo. Calquera dos dous require un investimento bastante asumible, porque



o resto da estrada foise arranxando especialmente na lexislatura pasada. E trasladámosllo ó Pleno para que o teña na súa consideración”.

Segundo.- Relativo á realización de obras de mellora e acondicionamento na estrada provincial LU-P-3106 Os Remedios (N-634A)- Estelo-Romariz (LU-P-0101), que transcorre polos concellos de Mondoñedo e Abadín.

En relación con este Rogo, foi xa formulado conxuntamente co primeiro pola señora Deputada dona Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular.

Por parte do Sr. Presidente maniféstase que toma nosa das peticións formuladas polo Grupo Provincial do Partido Popular.

Terceiro.- Relativo á denominación do embarcadoiro da Deputación de Lugo-Ponte do Sil (Monforte de Lemos).

Para formular o Rogo intevén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Recentemente cambiouse na páxina web das rutas fluviais da deputación a nomenclatura do denominado anteriormente “Embarcadoiro de Doade” como “Embarcadoiro da Deputación de Lugo - Ponte do Sil (Monforte de Lemos)”; despois quéixanse algúns dos títulos das nosas mocións.

Recibimos queixas de veciños da comarca de Monforte de Lemos así como de profesionais do turismo e de hostalería próxima ao embarcadoiro en relación a este cambio.

O Grupo Provincial do Partido Poular consideramos que o nome deste embarcadoiro debe continuar como o que era ata o momento do cambio, pois se localizaba mellor polos turistas; e deste xeito evitaríanse danos e prexuízos aos profesionais de turismo da zona. Criticamos ademais que o cambio do nome se fixese de forma unilateral, somos así de inocentes nós pensando que ía

haber consenso en algo, sen ter en conta aos profesionais da zona nin a outras formacións políticas; en síntese, sen consenso.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Provincial do Partido Popular rógalle:

Que se lle devolva ao embarcadoiro que agora se denomina “Embarcadoiro da Deputación de Lugo - Ponte do Sil (Monforte de Lemos)” o nome que tiña ata o momento do cambio: “Embarcadoiro de Doade”.

A continuación intervéñ o Sr. Presidente no seguinte sentido:

“Recollo o seu Rogo, pero voulle dicir algunha cousa porque ó mellor, como non é de alí, non sabe a información.

Este Goberno da Deputación quere facer as cousas como é debido; alguén me dicía onte en Monforte que iso leva trinta anos así, pois leva trinta anos mal. Ese embarcadoiro non está na parroquia de Doade nin en territorio da parroquia de Sober, porque se fora de Doade sería do concello de Sober; pero é territorio do concello de Monforte, onde ademáis o concello de Monforte recolle o lixo, fai as reparacións da fonte, e fai as cousas que fai calquera concello, polo tanto non se pode chamar de Doade porque é dunha parroquia diferente e dun concello diferente.

Non hai ningunha confusión, porque precisamente un concelleiro do Partido Popular de Sober dixo que cando el era cativo sempre se chamou Ponte do Sil; e xustamente os viñedos que hai xusto por riba do embarcadoiro, onde máis arriba está o Mirador do Duque, que tamén é de Monforte, e esas viñas chamanse Ribeira de Lemos, non de Sober nin de Doade. Polo tanto iso está correcto, aquilo chámase Ponte do Sil, pertencente ó concello de Monforte, e o embarcadoiro é da Deputación.

Ontes viña alguén que me dicía que puxera “embarcadoiro de Doade do concello de Monforte”, pero é que iso sería ilegal, sería unha sinalización falsa; dicíame que o reparto das parroquias eclesiásticas é diferente, pero é que nós non nos rexemos pola lei eclesiástica senón que imos pola lei civil do reparto de concellos, de provincias, etc..; el dicía que había xente de Marcelle que ía a Doade á misa, pero claro eu ás veces tamén vou á catedral de Santiago e non por iso son de Santiago. Pero eu púxenlle un exemplo



que é claro, a Diocese de Lugo que colle dende Mondoñedo para abaixo toda a provincia, colle varios concellos de Pontevedra: o concello de A Golada, o concello de Rodeiro, o concello de Lalín, e o concello de Silleda; eses catro concellos pertencen á Diocese de Lugo, e a alguén se lle ocorre dicir que Lalín é de Lugo?, creo que a ninguén, nin Rodeiro, nin Silleda nin A Golada.

Iso estivo mal moito tempo e agora vaise poñer ben; igual que estaba mal durante trinta anos que non tiña saneamento e vertía directamente ó río, e agora vai ter unha depuradora. Ou sexa que estamos arranxando cousas señor Poy. Que algunha persoa quere marear un pouco a perdíz?, si claro, porque confunde os intereses xerais cos particulares; pero nós non defendemos intereses particulares de ninguén, defendemos o interese xeral, que é situar ben no mapa onde está; e alí, pasando o embarcadoiro un pouco máis adiante, hai un pedaciño de territorio de Sober rodeado totalmente por terreo de Monforte e polo río, é parecido ó condado de Treviño que está en territorio de Ávila pero pertence a Burgos.

Por tanto, para que o saiba vostede ben, o lugar onde está ubicado o embarcadoiro da Deputación, chámase Ponte do Sil e pertence á parroquia de Marcelle do Concello de Monforte; e iso é poñer as cousas correctas; que póde que a alguén lle sente mal?, pois ó mellor si, pero xa verá vostede como ó final do verán vai haber os mesmos viaxeiros nos catamaráns que houbo este ano, ou máis. Así que non se preocupe porque non vai haber confusión”.

PREGUNTAS

Primeira.- Relativa as instalacións de Augasmestas no concello de Quiroga.

Intervén, para formular a Pregunta, a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“Vista a última información que foi publicada recentemente sobre estas instalacións, na que se recollía a concesión demanial das mesmas, incluso podendo apuntar a que este asunto podería acabar nos Tribunais, a nosa pregunta é concreta: “Que actuacións levou a cabo o equipo de goberno durante os últimos 3 meses para facer posible a posta en marcha e apertura das “Instalacións en Augasmestas” situadas no concello de Quiroga, e que vai a facer a partir de agora?”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Dicirlles que o adxudicatario, falamos dos últimos tres meses que é o que nos piden, presentou alegacións sobre o acordo da Xunta de Goberno de 31 de maio de 2019, relativo ó procedemento de caducidade do expediente de concesión demanial para a explotación do ben de dominio público denominado “instalacións en Augasmestas”; que foron contestadas, e esa é unha das accións do actual goberno, en decembro de 2019.

Na actualidade estase a resolver a finalización do proceso contractual coa incautación da garantía correspondente ó adxudicatario. Posteriormente realizaranse as actuacións necesarias para poder poñer en funcionamento, tralos diferentes actos vandálicos e o deterioro consecuente da non conservación, a licitación pertinente.

Tamén, como vostedes poderían comprobar nos últimos días, se procedeu ó desbroce e acondicionamento de todo o espazo exterior, en concreto realizado pola empresa Tragsa dende que ten ese encargo feito pola Deputación, xa que levaba este labor sen facerse alo menos dous anos por parte de quen tiña encomendado con anterioridade, que era Suplusa”.

Seguidamente intervén a Sra. Deputada D^a. Elena Candia López, voceira do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“Este Grupo leva facendo de maneira constante preguntas sobre o futuro dese complexo. Recórdame a contestación da Deputada á que nos deu o 25 de setembro de 2018 o que naquel momento asumía as responsabilidades en turismo, que era o señor don Eduardo Vidal Baamonde, que dicía, e cito literalmente: “a solución xa está enriba da mesa e pronto se poñerá en marcha”.

A información que se dixo públicamente, onde incluso os adxudicatarios indican que se lles pretendía que acometeran investimentos ós que non estaban obrigados no prego. E remato esta segunda intervención moi brevemente cun rogo, sobre todo pensando en que poda haber unha reclamación xudicial.



Creo que é moi importante implicar a emprendedores na nosa provincia, especialmente xente moza, é moi importante porque é un dos compromisos que asumimos todos precisamente na loita contra a despoboación. Polo tanto rogo que, cos servizos xurídicos por suposto, se revise esta situación e non se adopten medidas que despois podan ser prexudiciais para os intereses desta Institución, á vez que é indubidable que a xestión con ese complexo por parte da institución provincial nos últimos tempos merece francamente un importante suspenso”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Pois non hai máis que engadir; preguntábasenos polo relativo ós últimos tres meses, e diso demos conta xa na primeira intervención”.

Segunda.- Relativa á estrada provincial LU-P-2901 dende o p.k. 3,3 ata o 5,4 (circunvalación de O Burgo).

Intervén, para formular a Pregunta, o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, para dicir o seguinte:

“No Pleno da institución provincial celebrado o 26 de decembro de 2018 aprobouse por unanimidade unha moción presentada polo Grupo Provincial do Partido Popular para iniciar, de forma urxente, as accións necesarias para poñer en marcha o proxecto de ensanche e mellora da estrada provincial LU-P-2901, a circunvalación de O Burgo.

Este grupo entendía que é urxente executar as obras do dito proxecto que corresponde a unha vía que vai ata Palas de Rei e que transcorre polo Burgo e Vilamaior de Negral; e que comparte o paso cos peregrinos do Camiño. Parecíanos ademáis que a cercanía do Xacobeo 2021 facía máis importante aínda esa urxencia.

E sen embargo a día de hoxe aínda estamos exactamente igual. Por iso a pregunta é cales son os motivos polos que aínda non se executaron as obras necesarias de ensanche e mellora da

estrada da circunvalación de O Burgo, e que prazos ten previstos o goberno provincial para cumprir o acordo plenario aprobado en decembro de 2018 respecto á mellora desta estrada?.

A maiores, aínda que non está recollido no texto, a min persoalmente tamén me gustaría saber porque hai veciños do Burgo que din que están esperando que o Sr. Presidente teña a ben recibilos para falar deste tema”.

A continuación intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, no seguinte sentido:

“Esa declaración política de intencións que algúns votamos no pleno de decembro de 2018 segue sendo así, unha clara intención que ten este goberno por traballar con boa vontade por tódalas estradas provinciais da provincia de Lugo.

E nese sentido se están realizando as actuacións. Hai pouco aprobamos o Orzamento desta Institución, a vontade deste Goberno é clara, traballar na procura de mellores servizos tamén na rede viaria provincial; e nese sentido as demandas da poboación de O Burgo, e os veciños desa poboación e as dos arredores, serán atendidas na medida do posible e tamén na máxima brevidade”.

Seguidamente intervén o Sr. Deputado D. Oscar Poy Franco, en representación do Grupo Provincial do Partido Popular, no seguinte sentido:

“A ver se o entendín ben; os motivos polos que aínda non se executaron as obras necesarias, porque non; e prazos previstos, non se sabe, e así verdade?”.

Intervén a Sra. Deputada D^a. M^a. del Pilar García Porto, voceira do Grupo Provincial Socialista, para dicir o seguinte:

“Cando non se quere entender non se entende señor Poy. Falamos de que, e vostede o dixo claramente, era unha moción do Partido Popular, entón eu evidentemente entendo o seu interese; naquel momento tivo o apoio por unanimidade de toda a Corporación, e nesa unanimidade nos mantemos, dentro da medida do posible e dos prazos que se podan aplicar”.



E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e trinta e un minutos do día de referencia, de todo o cal eu, Secretaria, certifico.